Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 25/11/2024 01:55:42
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 121
25 de novembro de 2024

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025

GRUPO I
Emendas ao articulado do proxecto

A) Emendas do G. P. Popular (doc. núm. 14596) 50097
B) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14598) 50100
C) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 14591) 50112

GRUPO II
Emendas ao estado de autorización de gastos

Doc. núm. 14602, do G.P. Popular de Galicia 50137
Doc. núm. 14601, do G.P: do Bloque Nacionalista Galego 50145
Doc. núm. 14595, do G.P. dos Socialistas de Galicia 50259
Doc. núm. 14592, do G.P: Mixto 50280

1. *Clasificación xeral*
2. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

SECCIÓN 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 20.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 a 15.

SECCIÓN 05 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular núms. 1, 2 e 3.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 21 a 51.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 415 a 469.
G. P. Mixto núm. 1.

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SECCIÓN 06 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 52 a 103.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 16 a 117.

SECCIÓN 07 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 104 a 134.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 118 a 181.

SECCIÓN 08 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 135 a 147.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 182 a 197.

SECCIÓN 09 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular núm. 4, 5 e 6.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 148 a 180.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 198 a 219.

SECCIÓN 10 C ONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 181 a 184.
G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 220.

SECCIÓN 11 CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 185 a 230.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 221 a 347.

SECCIÓN 12 CONSELLERÍA DE SANIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 231 a 360.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 348 a 353.
G. P. Mixto núm. 2.

SECCIÓN 13 CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 361 a 423.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 354 a 373.

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SECCIÓN 14 ONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular núm. 7.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 424 a 440.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 470 a 583.

SECCIÓN 15 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 441 a 473.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 374 a 395.

SECCIÓN 16 CONSELLERÍA DO MAR E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 474 a 515.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 396 a 414.

SECCIÓN 21 TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 516.

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

a) Documentos presentados polo G. P. Popular de Galicia
Doc. núm. 14600 50284

b) Documentos presentados polo G. P. do do Bloque nacionalista Galego.
Doc. núm.14599 50412

c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia
Doc. núm. 14594 50434

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 22 de novembro de 2024, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025, que rematou ás 13.00 horas do 16 de novembro de 2024 e que se indican a continuación:

-Docs. núms. 14596 e 14602, presentados polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

-Docs. núms. 14598 e 14601, presentados polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

-Docs. núms. 14591 e 14595, presentados polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

-Doc. núm. 14592, presentado polo Grupo Parlamentario Mixto.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas parciais ao articulado e ao estado de autorización de gastos presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se especifican e adoptar as decisións que se sinalan en relación coa súa admisión a trámite:

GRUPO I

Emendas ao articulado do proxecto

A) Emendas do G. P. Popular (doc. núm. 14596)

Preséntanse 4 emendas e admítense a trámite.

B) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14598)

Preséntanse 32 emendas e admítense a trámite. As números 1 e 2 son coherentes coa emenda á totalidade, que modifica a contía global dos gastos e ingresos (doc. núm. 14252).

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os Servizos Xurídicos informan que a porcentaxe de incremento retributivo do persoal ao servizo do sector público autonómico que postulan algunhas das emendas deste grupo parlamentario está condicionada ao que, con carácter básico, determine o Estado na súa lei de orzamentos xerais.

C) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 14591)

Preséntanse 63 emendas e admítense a trámite. As números 1 e 2 son coherentes coa emenda á totalidade, que modifica a contía global dos gastos e ingresos (doc. núm. 14309).

GRUPO II

Emendas ao estado de autorización de gastos

1. *Clasificación xeral*

a) Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 14602), ao estado de autorización de gastos.

Preséntanse 7 emendas e admítense a trámite.

b) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14601), ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 516 emendas e admítense a trámite.

Os Servizos Xurídicos informan que, de se aceptaren determinadas emendas, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das entidades públicas instrumentais con orzamento limitativo ou estimativo que están afectadas por elas, no senso de determinar as aplicacións cuxos créditos habería que incrementar ou reducir para equilibrar o orzamento administrativo, e identificar as contas dos orzamentos de explotación (conta de perdas e ganancias estimada) e de capital (estado de fluxos de efectivo estimado), e no balance estimado que habería que modificar para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto, coas consecuencias que a lexislación establece.

c) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 14595) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 583 emendas e admítense a trámite.

Os Servizos Xurídicos informan que, de se aceptaren determinadas emendas, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das entidades públicas instrumentais con orzamento limitativo ou estimativo que están afectadas por elas, no senso de determinar as aplicacións cuxos créditos habería que incrementar ou reducir para equilibrar o orzamento administrativo, e identificar as contas dos orzamentos de explotación (conta de perdas e ganancias estimada) e de capital (estado de fluxos de efectivo estimado), e no balance estimado que habería que modificar para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto, coas consecuencias que a lexislación establece.

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Emendas do G. P. Mixto (doc. núm. 14592) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 2 emendas e admítense a trámite.

2. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

SECCIÓN 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 20.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 a 15.

SECCIÓN 05 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular núms. 1, 2 e 3.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 21 a 51.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 415 a 469.
G. P. Mixto núm. 1.

SECCIÓN 06 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 52 a 103.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 16 a 117.

SECCIÓN 07 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 104 a 134.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 118 a 181.

SECCIÓN 08 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 135 a 147.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 182 a 197.

SECCIÓN 09 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular núm. 4, 5 e 6.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 148 a 180.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 198 a 219.

SECCIÓN 10 CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 181 a 184.
G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 220.

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SECCIÓN 11 CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 185 a 230.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 221 a 347.

SECCIÓN 12 CONSELLERÍA DE SANIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 231 a 360.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 348 a 353.
G. P. Mixto núm. 2.

SECCIÓN 13 CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 361 a 423.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 354 a 373.

SECCIÓN 14 CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular núm. 7.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 424 a 440.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 470 a 583.

SECCIÓN 15 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 441 a 473.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 374 a 395.

SECCIÓN 16 CONSELLERÍA DO MAR E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 474 a 515.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 396 a 414.

SECCIÓN 21 TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 516.

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CLASIFICACIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMENDAS

Grupo parlamentario	Emendas ao articulado	Emendas aos estados numéricos	Total
G. P. Popular de Galicia	4	7	11
G. P. do BNG	32	516	548
G. P. dos Socialistas	63	583	646
G. P. Mixto	—	2	2
TOTAL	99	1.108	1.207

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 22 de novembro de 2024, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 13:00 horas do 16 de novembro de 2024, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. Popular
Doc. núm. 14600.

b) Documentos presentados polo G. P. do BNG.

Doc. núm.14599.

c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Doc. núm. 14594.

Os Servizos Xurídicos informan que, en relación coa creación do imposto sobre vivendas baleiras, o principio de legalidade tributaria [arts. 31.3 da CE e 8 a) da LXT] exixe regular por lei os elementos esenciais do tributos, entre eles o tipo de gravame. Por outra banda, malia que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia normativa para fixar o mínimo exento no imposto sobre o patrimonio [arts. 47.1 a) da Lei 22/2009 e 28 da LIP], non a ten para determinar os bens e dereitos exentos do tributo (art. 4 da LIP), entre os que están a vivenda habitual do contribuínte ata un máximo de 300.000 euros (art. 4.Nove da LIP).

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) 49 emendas do G. P. Popular.

b) 32 emendas do G. P. do BNG.

c) 97 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia.

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:50:13
Nº Rexistro: 14596
Data envio: 16/11/2024 11:50:13.540

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025 (NUM. EXPE. 12/PL-000004)

Emenda n º 1, de Modificación. Artigo 2

Modificase o segundo parágrafo e o cadro seguinte do Artigo nº2 un) do Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025:

"As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da ComunidadeAutónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 6.570.358.483 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

ORIXE	DESTINO			
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	Total
Administración Xeral	5.376.676.728	2.622.745	1.164.231.572	6.543.531.045
Organismos autónomos			25.827.438	25.827.438
Axencias públicas autonómicas			1.000.000	1.000.000
Total	5.376.676.728	2.622.745	1.191.059.010	6.570.358.483

CSV: BOPSDTBDCGSBGKqtPV-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:50:13
Nº Rexistro: 14596
Data envio: 16/11/2024 11:50:13.540

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 2, de Modificación. Artigo 6

Modifícase o Artigo nº6 un) do Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025 do seguinte xeito.

Onde di:

"A mesma consideración terán os créditos correspondentes á aplicación 08.04.312E.227.65, «Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal», así como os créditoscorrespondentes á aplicación 11.A1.512B.600.3, «Expropiacións en materia de estradas»."

Debe dicir:

"A mesma consideración terán os créditos correspondentes á aplicación **05.08.312E.223.09, «Transporte adaptado»**, así como os créditos correspondentes á aplicación 11.A1.512B.600.3, «Expropiacións en materia de estradas»."

Emenda n º 3, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo 17 da exposición de motivos, apartado II do seguinte xeito:

Onde dí:

"O conxunto de achegas realizadas aos concellos no ano 2025 acadará o importe de 626 millóns de euros, a cantidade máis elevada da serie histórica."

Debe dicir:

CSV: BOPGDSDBOGSBGKqtPW7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:50:13
Nº Rexistro: 14596
Data envio: 16/11/2024 11:50:13.540

PARLAMENTO DE GALICIA

"O conxunto de achegas realizadas aos concellos no ano 2025 acadará o importe de **627,3 millóns de euros**, a cantidade máis elevada da serie histórica."

Emenda n º 4, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo 16 do apartado I da Exposición de motivos o Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025, do seguinte texto:

Onde di:

"Para facer fronte ao desafío demográfico, os orzamentos inclúen medidas concretas de apoio ao retorno de emigrantes e o asentamento da poboación nova no rural, a través da Estratexia Retorna 2025"

Debe dicir:

"Para facer fronte ao desafío demográfico, os orzamentos inclúen medidas concretas de apoio ao retorno de emigrantes e os seus descendientes e o asentamento da poboación nova no rural, a través da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026"

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2024 11:49:28

CSV: BOPSDTBCGSSKQHPW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025 (NUM. EXPE. 12/PL-000004)

Emenda n º 1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

Substituír o apartado un do artigo 2 polo seguinte texto:

Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 15.995.822.048 euros, distribuídos da forma seguinte:

	CAP. I-VII GASTOS NON FINANCEIROS	CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS	CAP. IX PASIVOS FINANCEIROS	TOTAL
Administración Xeral	8.191.675.153	133.364.003	1.549.986.577	**9.875.025.733**
Organismos autónomos	5.174.213.097	1.290.000		**5.175.503.097**
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.639.488	-		**2.639.488**
Axencias públicas autonómicas	936.404.718	1.584.000	4.665.012	**942.653.730**
Total	**14.304.932.456**	**136.238.003**	**1.554.651.589**	**15.995.822.048**

CSV: BOPSDEGCG3ZZ2kqpDU0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 2, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 2

Substituír o apartado Catro do artigo 2 polo seguinte:

Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 15.995.822.048 euros, distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII INGRESOS NON FINANCEIROS	**CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS**	**CAP. IX PASIVOS FINANCEIROS**	**TOTAL**
Administración Xeral	13.999.821.290	2.947.089	1.615.335.993	**15.618.104.372**
Organismos autónomos	261.307.348	690.000	-	**261.997.348**
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	16.743	-		**16.743**
Axencias públicas autonómicas	18.793.585	96.910.000	-	**115.703.585**
Total	**14.279.938.966**	**100.547.089**	**1.615.335.993**	**15.995.822.048**

Emenda n º 3, ao apartado Un, de Adición. Artigo 9

Engadir un novo parágrafo no apartado Un do artigo 9 a continuación do primeiro co seguinte texto:

CSV: BOPSDEGCG3SZ2kqpBW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

"Non obstante, en ningún caso se poderán realizar axustes que impliquen a minoración dos créditos incluídos en programas que financien servizos públicos básicos".

Emenda n º 4, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Substituír no primeiro parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión "non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás", polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento global do 3 por cento con respecto ás".

Emenda n º 5, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Substituír no segundo parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión "non poderán incrementarse, en termos globais, respecto aos do ano 2024", polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento global do 3 por cento con respecto ao ano anterior".

Emenda n º 6, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 11

Suprimir o apartado Tres do artigo 11.

Emenda n º 7, ao apartado Sete, de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado Sete no artigo 11 co seguinte texto:

"Sete. Nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025 dotarase un fondo de acción social por valor do 1 por cento da masa

CSV: BOPSDEGSAZ2024kqpB0V-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

salarial do capítulo I, correspondente ao persoal funcionario, laboral e docente dependente da Administración galega."

Emenda n º 8, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 12

Suprimir os parágrafos segundo e terceiro do apartado Cinco do artigo 12.

Emenda n º 9, ao apartado Un. c), de Adición. Artigo 16

Engadir unha nova letra c) no apartado Un do artigo 16 co seguinte texto:

“c) Persoal dedicado á defensa contra incendios forestais.”

Emenda n º 10, de Supresión. Artigo 19

Suprimir o artigo 19.

Emenda n º 11, ao apartado Un. b), de Modificación. Artigo 21

Modificar a redacción do subapartado b) do apartado Un do artigo 21 quedando da seguinte forma:

“b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, e o seu importe de cada unha delas será o importe dunha mensualidade ordinaria, comprendendo o soldo, os trienios, e os complementos de destino e específico na súa integridade. Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe de paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional."

CSV: BOPGDSDBOGGSSZQKKpB0V-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 12, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 22

Substituír no apartado Dous do artigo 22 a expresión "non experimentarán ningún incremento respecto das", polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento global do 3% respecto das".

Emenda n º 13, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 23

Substituír no segundo parágrafo do apartado Un do Artigo 23 a expresión "non experimentarán ningún incremento respecto das", polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento do 3%".

Emenda n º 14, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 23

Substituír no apartado Dous do Artigo 23 a expresión "non experimentarán ningún incremento respecto das", polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento global do 3% respecto das".

Emenda n º 15, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 25

Substituír no apartado Dous do artigo 25 a expresión "non experimentarán ningún incremento respecto das", polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento global do 3% respecto das".

CSV: BOPSDTBOCG3SZ2kkqpB0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 16, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 26

Substituír no apartado Un do artigo 26 a expresión “non experimentarán ningún incremento”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento do 3%”.

Emenda n º 17, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 26

Substituír no apartado Dous do artigo 26 a expresión “non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento do 3% respecto das”.

Emenda n º 18, de Supresión. Artigo 32

Suprimir o artigo 32.

Emenda n º 19, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 35

Substituír no apartado Dous do artigo 35 a expresión “non experimentarán un incremento ningún respecto das”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda n º 20, de Modificación. Artigo 36

No artigo 36 substituír a expresión “non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

CSV: BOPSDEGSAZGAKqpB0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 21, de Adición. Artigo 48 bis

Engadir un novo artigo 48 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 48 bis. Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública.

Un. Durante o período de vixencia desta Lei non se utilizarán contratos de colaboración público-privada para financiar investimentos en servizos públicos básicos. En todo caso, os contratos de concesión de obra pública deberán modificarse co fin de que, en ningún caso, o canon ou portaxe satisfeito ao concesionario supere o custo financeiro que a administración debería asumir no caso de financiar directamente a execución da obra.

Dous. Durante o ano 2025, iniciaranse os procedementos específicos que sexan necesarios para o rescate de concesións outorgadas a través de procedementos de colaboración público-privada en servizos públicos sanitarios ou educativos.

Tres. Na documentación a que se refire a letra b) do punto 5 do artigo 51 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, incluirase un Anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privada celebrados así como dos que se prevea celebrar durante o exercicio ao que corresponda o proxecto de Lei de Orzamentos, cunha clara referencia a contía dos investimentos financiados por esta vía e dos pagos anuais previstos ao longo da súa duración. Para garantir a solvencia das contas autonómicas e a transparencia, así como a asunción de compromisos plurianuais excesivos, calquera incorporación dun proxecto aprobado pola Xunta de Galiza non previsto no orzamento deberá remitírselle ao Parlamento de Galiza, incluíndo na información que se lle remita a este a mesma documentación que a esixida para as actuacións incorporadas ao proxecto de orzamentos."

CSV: BOPSDTBCCBSZKKpB0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 22, de Modificación. Artigo 57

Suprimir o inciso final do artigo 57 quedando redactado como segue:

"Para a aplicación do previsto no artigo 119 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente ao ano 2025 será do 2%."

Emenda n º 23, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 58

Engadir un novo apartado Seis no artigo 58 co seguinte texto:

"Seis. A Xunta de Galiza non poderá, en ningún caso, incrementar o número de unidades concertadas nos centros educativos."

Emenda n º 24, de Adición. Artigo 60 bis

Engadir un novo artigo 60 bis co seguinte texto:

"Artigo 60 bis. Pagamento de axudas e subvencións aos Concellos.

Un. Durante o ano 2025 as bases reguladoras das axudas e subvencións financiadas con cargo a orzamentos da Comunidade Autónoma establecerán con carácter xeral a concesión de pagamentos anticipados do 80 por 100 do importe concedido sen necesidade de achegar garantías por parte dos concellos así como a mancomunidades de entidades locais, consorcios locais, ou entidades asociativas análogas constituídas maioritariamente pola entidades locais de Galiza, consonte o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza.

Dous. A concesión dos devanditos anticipos tamén será aplicábel cando os beneficiarios das axudas e subvencións sexan entidades vinculadas aos concellos, calquera que sexa a súa forma xurídica, sempre que o concello participe de xeito maioritario nos seus órganos de administración ou

CSV: BOPSDTBCGSSZKKqpBW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

dirección e ostente unha posición de control análogo ao dos seus propios servizos."

Emenda n º 25, de Adición. Artigo 60 ter

Engadir un novo artigo 60 ter co seguinte texto:

"Artigo 60 ter. Convenios, subvencións e transferencias aos concellos.

A Xunta de Galiza procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias ás entidades locais, particularmente as que teñen que por obxecto financiar servizos locais básicos, co obxectivo de acadar un incremento dos fondos incondicionados a través do Fondo Galego de Cooperación Local. A estes efectos, durante 2025 a reasignación implicará, polo menos, unha porcentaxe de aumento do 25 por cento en relación ao ano anterior."

Emenda n º 26, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 62

Engadir un novo apartado Cinco no artigo 62 co seguinte texto:

"Cinco. En todo caso, non se poderán practicar retencións, compensacións de transferencias do Fondo de Cooperación Local ás Entidades locais relativas a débedas sobre as cales existan discrepancias xustificadas expresadas pola entidade local e baseadas nos informes dos servizos económicos ou de intervención de dita entidade. A estes efectos, en ningún caso se considerarán como vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas sobre as que notificara unha discrepancia xustificada, polo que non poderán practicarse retencións ou compensacións nin requirirse o pagamento até que haxa conformidade da entidade local, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro, ou se resolva polo órgano xudicial competente."

CSV: BOPSDTBOCGSSZ2kqpB0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

Emenda n º 27, ao apartado Un, de Adición. Artigo 63

Engadir un novo parágrafo no final do apartado Un do artigo 63 co seguinte texto:

"Nos casos onde se manifeste expresamente, a través dunha resolución administrativa, emitida polo órgano competente dunha entidade local ou das entidades formadas polas mesmas e baseada nos informes correspondentes dos órganos de control económico-financeiro ou dos servizos de xestión económica de dita entidade local, a non conformidade coas débedas económicas reclamadas desde a administración galega ou calquera entidade pública instrumental, empresa mercantil ou fundación do sector público autonómico, non se considerarán en ningún caso, e aos efectos deste Capítulo, como débedas vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas até que haxa unha resolución xudicial ou acordo administrativo que ditamine a discrepancia. Neste caso, non poderán practicarse retencións nin requirirse o pagamento, nin efectuarse compensacións ou retencións de transferencias pendentes de administración galega á entidade local, até que haxa conformidade desta, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro."

Emenda n º 28, ao apartado Cinco, de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir un novo apartado Cinco na Disposición adicional primeira co seguinte texto:

"Cinco. Co obxectivo de mellorar a transparencia e o control parlamentario do orzamento da Comunidade Autónoma de Galiza, crearase en 2025 unha Oficina Orzamentaria no Parlamento de Galiza, logo dos trámites oportunos segundo o Regulamento da Cámara. As súas funcións serán de seguimento, información, documentación e apoio aos grupos parlamentarios, no que atinxe á execución orzamentaria, así como de vixilancia do cumprimento das finalidades e dos indicadores dos distintos proxectos de gasto dos orzamentos. Ademais, tamén exercerá funcións de análise da situación económica-financeira a curto, medio e

CSV: BOPSDEG-3a2024kqpb0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

longo prazo, sobre as contas públicas. Aos efectos de poder efectuar as funcións previstas neste artigo, así como a función de control dos grupos parlamentarios, a Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galiza, así como un deputado ou deputada designado por cada grupo parlamentario, terán un acceso informático ao sistema de contabilidade e xestión da Consellaría de Facenda, ademais de persoal de consulta e apoio para efectuar as consultas de expedientes de gasto que se consideren oportunas."

Emenda n º 29, de Supresión. Disposición adicional décimo primeira

Suprimir a Disposición adicional décimo primeira.

Emenda n º 30, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Suprimir a Disposición adicional décimo segunda.

Emenda n º 31, de Modificación. Disposición adicional décimo terceira

Suprimir "non superior a douscentos vinte con cincuenta euros,"

Emenda n º 32, de Adición. Disposición derrogatoria

Engadir unha Disposición derrogatoria co seguinte texto:

"Disposición derrogatoria. Quedan derrogadas as normas que se opoñan ao establecido na presente Lei, quedando derrogada expresamente a Lei 1/2012, de Medidas Temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza, aplicándose as medidas vixentes con anterioridade á entrada en vigor de dita lei en materia de

CSV: BOPSDEGSAZGAKqpB0V-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:56:10
Nº Rexistro: 14598
Data envio: 16/11/2024 11:56:10.520

emprego público, en particular as relativas ás retribucións íntegras en situación de incapacidade temporal e á acción social."

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2024 11:55:42

CSV: BOPSDEGCG3SZQ4kqpB0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025 (NUM. EXPE. 12/PL-000004)

Emenda n º 1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

No punto Un, onde di: "...por un importe de quince mil setecentos corenta millóns cincocentos corenta mil catrocentos noventa e nove euros (15.740.540.499), distribuidos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Gastos non-financeiros	**Cap. VIII Activos financeiros**	**Cap. IX Pasivos financeiros**	**Total**
Administración xeral	7.135.941.198	133.364.003	1.549.986.577	8.819.291.778
Organismos autónomos	5.611.556.638	1.290.000		5.612.846.638
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.639.488			2.639.488
Axencias públicas autonómicas	1.203.763.583	97.334.000	4.665.012	1.305.762.595
Total	13.953.900.907	231.988.003	1.554.651.589	15.740.540.499

Debe dicir: "... por un importe de dezaseis mil douscentos cincuenta e tres millóns oitocentos noventa mil catrocentos noventa e nove euros (16.253.890.499), distribuídos da seguinte forma:

CSV: BOPSDEGHSKXQKQPVU-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

	Cap. I-VII Gastos non-financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	7.635.781.198	133.364.003	1.549.986.577	9.319.141.778
Organismos autónomos	5.611.556.638	1.290.000		5.612.846.638
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.639.488			2.639.488
Axencias públicas autonómicas	1.217.263.583	97.334.000	4.665.012	1.319.626.595
Total	14.467.250.907	231.988.003	1.554.651.589	16.253.890.499

Emenda n º 2, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 2

No punto Cinco deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte parágrafo:

"Establecerase para cada un dos beneficios fiscais establecidos os obxectivos que se perseguen, así como os indicadores de cumprimento. Anualmente elaborarase un estudo sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. O dito estudo será remitido anualmente ao Parlamento de Galicia."

CSV: BOPSDEGHSKXKQPLPV0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 3, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 3

No punto Seis deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"...e deberá reflectir os datos fundamentais, tales como a súa porcentaxe de participación, o importe das subvencións, se for o caso, concedidas, os beneficios ou dividendos, no seu caso percibidos, ou as achegas realizadas."

Emenda n º 4, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea j) deste artigo.

Emenda n º 5, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea o) deste artigo.

Emenda n º 6, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea p) neste artigo.

Emenda n º 7, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea r) neste artigo.

Emenda n º 8, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea s) deste artigo.

CSV: BOPS-DEC-HSKXKQPVU-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 9, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o punto Tres deste artigo.

Emenda n º 10, ao apartado Un. f) bis), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea f) bis, que terá o seguinte contido:

"f) bis. Os fondos con destino a incrementar a contía do Fondo de Cooperación Local. Fondo base".

Emenda n º 11, ao apartado Un. l), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir *in fine* na alínea l) o seguinte texto: "...de xeito que permitan dar cobertura a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos esixidos pola Administración."

Emenda n º 12, ao apartado Un. t), de Adición. Artigo 7

Débese engadir *in fine* na alínea t) do punto Un, o seguinte texto:

" ...de xeito que permitan dar cobertura a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos esixidos pola Administración."

Emenda n º 13, ao apartado Un. t) bis), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo débese engadir unha nova alínea t) bis, que terá o seguinte contido:

CSV: BOPS/DTEDGHBSKXOKQDPW0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"t) bis. Os fondos destinados á subvención das instalacións de enerxía renovable e aforro enerxético."

Emenda n º 14, ao apartado Un. t) ter), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo débese engadir unha nova alínea t) ter, que terá o seguinte contido:

t) ter. Os gastos destinados á gratuidade de libros de texto."

Emenda n º 15, ao apartado Un. t) quater), de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova alínea t) quater no punto Un deste artigo, que terá o seguinte contido:

t) quater. Os gastos para a atención da dependencia derivados do concerto de prazas residenciais, de unidades de estancia diurna, do servizo de axuda a domicilio e das prestacións económicas.

Emenda n º 16, ao apartado Un. t) quinquies), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea t) quinquies, que terá o seguinte contido:

t) quinquies. Os gastos para a atención da tarxeta Benvida."

Emenda n º 17, ao apartado Un. t) sexies), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo débese engadir unha nova alínea t) sexies, que terá o seguinte contido:

CSV: BOPSDEGHSKXQKQDPW0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

f) Sexies. Os gastos para a atención da tarxeta básica."

Emenda n º 18, ao apartado Un. t) septies), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo débese engadir unha nova letra t) septies, que terá o seguinte contido:

"t) septies. Os créditos destinados a cofinanciar o Bono Social Eléctrico, de xeito que permita dar cobertura a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos esixidos pola Administración."

Emenda n º 19, ao apartado Un, de Adición. Artigo 8

No punto Un deste artigo débese engadir *in fine*, logo da alínea h), un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"En calquera caso a tramitación de expedientes de transferencia de crédito cara á súa utilización de acordo cos puntos anteriores, deberá realizarse preferentemente con cargo o fondo de continxencia e só no caso de ser aquel inexistente ou insuficiente se poderá realizar a transferencia con cargo a partidas distintas daquela."

Emenda n º 20, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto Tres bis, que terá o seguinte contido:

"Tres bis. Os fondos de continxencia estarán asignados ao programa 621B, e da súa utilización deberase dar conta específica ao Parlamento de Galicia, con indicación da xustificación para o programa ao que foren transferidos."

CSV: BOPS-DEC-HEWKOKQ-PVU-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 21, ao apartado Sete bis), de Adición. Artigo 8

Neste artigo, débese crear un novo punto Sete bis, que terá o seguinte contido:

Neste artigo, débese crear un novo punto Sete bis, que terá o seguinte contido:

"Sete bis. Sen prexuízo do establecido no artigo 68.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como nos puntos anteriores deste artigo, o importe máximo das transferencias de crédito que se autoricen para cada consellaría durante este exercicio non poderá diminuír as consignacións iniciais, ao nivel de vinculación legalmente establecido, en máis dun 20 por cento.

O indicado no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes casos:

a) Cando teñan por obxecto incrementar conceptos do capítulo I de gastos.

b) Cando se refiran á sección 23, «Gastos de diversas consellarías».

c) Cando se refiran o centro de xestión 5001 do Servizo Galego de Saúde.

d) Cando se refiran a fondos propios que pasen a cofinanciar proxectos con fondos europeos.

e) Cando se refiran aos créditos consignados no capítulo V de gastos.

f) Cando se refiran a axudas ou subvencións, no caso de que a orde de convocatoria pola que se rexe a súa concesión asigne o gasto a diversas aplicacións orzamentarias e non sexa posible determinar previamente a contía imputable a cada unha delas.

g) As que se refiren ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

CSV: BOPSDEGHSMXMKQDPW0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

h) Cando se realicen entre créditos dos capítulos VI e VII do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.

i) Cando teñan por obxecto atender gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras actuacións de natureza análoga e carácter excepcional.

j) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos necesarios para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, na medida en que se produza a transferencia da súa titularidade ao Servizo Galego de Saúde.

k) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos dun programa orzamentario que permita o cumprimento da súa finalidade.

l) Cando se trate de modificacións de crédito derivadas das obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

m) Cando se realicen entre créditos dos capítulos II e IV do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles."

Emenda n º 22, ao apartado Un, de Adición. Artigo 9

No punto Un deste artigo, logo do primeiro parágrafo débese engadir o seguinte texto: "En ningún caso se poderán facer axustes de créditos que minoren os créditos dos programas que financien servizos públicos básicos."

Emenda n º 23, de Supresión. Artigo 10

CSV: BOPSDEGHEGWKQKQDPW1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Débese suprimir o terceiro parágrafo deste artigo, que comeza por: "Non entanto, ..."

Emenda n º 24, ao apartado Un. j), de Adición. Artigo 13

No punto Un deste artigo, débese crear una nova alínea j) que terá o seguinte contido:

j). Persoal de servizos públicos de emprego en materia de orientación laboral e políticas activas de emprego."

Emenda n º 25, ao apartado Un. k), de Adición. Artigo 13

No punto Un deste artigo, débese crear unha nova alínea k), que terá o seguinte contido:

"k) Persoal laboral interino para a cobertura de prazas de Administración xeral da Comunidade Autónoma que presenten especiais dificultades de cobertura, unha vez xustificada a necesidade polo centro directivo de destino."

Emenda n º 26, de Modificación. Artigo 15

No punto Dous deste artigo, onde di: "... que poderán dar lugar áexixencia de responsabilidades ...", debe decir: "... darán lugar á exixencia de responsabilidades ..."

Emenda n º 27, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 16

CSV: BOPSDEGHSKXQKQDPW0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

No punto Un deste artigo, onde di: "... poderán realizarse, sen necesidade de autorización conxunta a que se refire o punto seis do artigo 12 desta lei, en casos ...", debe dicir: "... realizaranse en casos ..."

Emenda n º 28, de Adición. Artigo 19

No segundo parágrafo deste artigo, logo de: "...con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios..." débese engadir: "... ou calquera tipo de produtividade do posto de orixe. ..."

Emenda n º 29, de Modificación. Artigo 25

No punto Dous deste artigo, onde di: "...sen prexuízo dos acordos autorizados polo Consello da Xunta de Galicia nos anos 20119-2024", debe dicir: "...sen prexuízo dos acordos autorizados polo Consello da Xunta de Galicia nos anos 2018-2024."

Emenda n º 30, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 35

Débese crear un novo punto Tres neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Tres. A creación de novas prazas poderá realizarse en función da modificación da normativa básica en materia de reposición de efectivos."

CSV: BOPRSDTBDGHBSKXXKQDPW0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 10:00:00
Nº Rexistro: 14591
Data envio: 15/11/2024 18:52:56.114

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 31, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 37

Débese suprimir o último parágrafo do punto dous deste artigo.

Emenda n º 32, de Adición. Artigo 46 bis

Débese engadir un novo artigo 46 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 46 bis. Valoración dos proxectos relevantes

<<Artigo 7 undecies. Devindicación

O imposto devindicarase ao comezo de cada estadía, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico aos que se refire o feito impoñible deste imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estadía acontecerá no momento no que a embarcación faga escala nalgún porto situado na Comunidade Autónoma de Galicia.>>

Emenda n º 17, de Adición. Artigo 7 duodecies

Engádese un novo artigo 7 duodecies ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, co seguinte contido:

<<Artigo 7 duodecies. Normas de aplicación

1. A consellería competente en materia de facenda aprobará mediante orde as normas de aplicación do imposto.

2. O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do imposto, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, corresponderán aos órganos ou unidades administrativas competentes da Administración tributaria da consellería competente en materia de facenda, conforme á norma de organización da Administración tributaria.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, os órganos administrativos competentes nas materias de turismo, interior, portos, sanidade e deportes, auxiliarán aos órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, para a liquidación, comprobación e investigación do tributo, mediante, entre outras actuacións, a elaboración de informes, por petición destes, a

CSV: BOPSDBOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do imposto e/ou a cesión informática dos datos sinalados.>>

Emenda n º 18, de Adición. Artigo 7 terdecies

Engádese un novo artigo 7 terdecies ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, co seguinte contido:

<<Artigo 7 terdecies. Presentación de declaracións e autoliquidacións

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte están obrigados a presentar autoliquidación do imposto por cada un dos establecementos turísticos e instalacións que exploten, determinando a débeda tributaria correspondente e ingresando o seu importe, na forma, prazos e lugar, segundo os modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellaría competente en materia de facenda mediante orde.

Do mesmo modo, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte estarán obrigados a efectuar pagamentos á conta do importe da débeda tributaria definitiva por aplicación do tipo de gravame sobre a base impoñible provisional acumulada desde o principio do período impositivo ata o final do prazo ao que se refira o pagamento, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía, condicións, forma, lugar e prazos determinados na orde da consellería competente en materia de facenda.

En caso de explotar máis de un establecemento, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pagamento das cotas devengadas do imposto da totalidade daqueles, dun xeito agregado, mediante unha única autoliquidación.

2. A consellería competente en materia de facenda poderá dispor que as declaracións e autoliquidacións do imposto se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben. Así mesmo, poderá exixir a obrigatoriedade da súa presentación e o seu aboamento mediante medios electrónicos.

CSV: BOPS/DBOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

3. As obrigas contidas no número 1 non serán efectivas mentres a bonificación aplicable ao imposto regulada no artigo 7 decies sexa do 100%.>>

Emenda n º 19, de Adición. Artigo 7 cuaterdecies

Engádese un novo artigo 7 quaterdecies ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, co seguinte contido:

<<Artigo 7 quaterdecies. Liquidacións provisionais

Os órganos da Administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda, de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.>>

Emenda n º 20, de Adición. Artigo 7 quindecies

Engádese un novo artigo 7 quindecies ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, co seguinte contido:

<<Artigo 7 quindecies. Potestade sancionadora

1. A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme aos seus principios reguladores en materia administrativa e as especialidades consideradas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, sendo de aplicación as súas disposicións xerais.

2. A clasificación das infraccións e sancións tributarias e o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.>>

CSV: BOPRSDBDGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 21, de Adición. Artigo 7 sexdecies

Engádese un novo artigo 7 sexdecies ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, co seguinte contido:

<< Artigo 7 sexdecies. Revisión

1. Os actos e as actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias, serán revisables de acordo coas disposicións contidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro.

2. O coñecemento das reclamacións económico-administrativas corresponderalles con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vía contencioso-administrativa.>>

Emenda n º 22, de Adición. Sección 3ª

Engádese unha sección 3ª ao capítulo II do Título I do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, coa seguinte redacción:

<<Sección 3ª. Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia>>

(Conterá o artigoArtigo 7 septendecies)

Emenda n º 23, de Adición. Artigo 7 septendecies

Engádese un novo artigo 7 sexdecies ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, co seguinte contido:

<<Artigo 7 septendecies. Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia

CSV: BOPSDBOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

1. Os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o Imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para o establecemento da recarga deberán aprobar, con carácter previo, unha ordenanza fiscal, en cuxo procedemento de elaboración se xustifiquen as razóns da esixencia da recarga, e se avalíe o impacto e eficacia da recarga para as finalidades pretendidas, ponderando as cargas administrativas que supón para os titulares da explotación dos establecementos turísticos situados no seu termo municipal. No procedemento de elaboración deberá, en particular, garantirse a consulta, participación e audiencia ás organizacións e asociacións representativas do sector turístico sobre os problemas que se pretenden solucionar coa norma, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos dela e as posibles solucións alternativas.

3. Esta recarga esixirase aos mesmos suxeitos pasivos e nos mesmos casos contemplados na normativa reguladora do imposto, e consistirá nunha porcentaxe de ata un máximo do 100 % sobre a cota íntegra do imposto antes de aplicar a bonificación.

4. Os ingresos da recarga estarán afectados, como mínimo nun 80%, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento do turismo sostible, na forma que se determine na ordenanza, tendo como destino as seguintes actuacións:

a) A mellora de infraestruturas, reformas urbanas e dotacións turísticas dos concellos.

b) O impulso e promoción dun turismo máis sustentable, desestacionalizado e de calidade, implicando a todos os axentes turísticos na súa consecución.

c) O impulso dunha mobilidade máis sustentable e en especial naqueles lugares onde a afluencia turística sexa maior.

CSV: BOPRSDBDGXBSWQKQDPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) A mellora, reforzo ou ampliación dos servizos que os concellos prestan aos visitantes.

e) A conservación e reparación do patrimonio cultural e natural, así como a promoción dun turismo de calidade e respectuoso co medio natural e co patrimonio.

f) A aplicación de medidas conducentes a combater o intrusismo e o fraude no sector do aloxamento turístico, así como a aplicación de boas prácticas laborais e da loita contra a precariedade laboral no sector turístico.

g) O impulso de medidas para mellorar as zonas con maior afluencia turística.

h) O fomento de medidas que permitan mellorar a convivencia entre as persoas residentes e as persoas turistas.

i) O impulso da dixitalización do sector turístico no seu conxunto, de xeito que permita mellorar a súa competitividade.

5. As competencias de aplicación da recarga, o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria e a revisión dos actos ditados da recarga corresponderán ao concello.

6. Na ordenanza poderanse determinar diferentes tramos anuais para a aplicación da recarga, coa debida xustificación. A ordenanza regulará, de ser o caso, a obriga de autoliquidación da recarga e os prazos e forma para efectuar a correspondente liquidación ou autoliquidación.

7. Así mesmo, a ordenanza preverá a constitución, organización e funcións dunha comisión municipal de asesoramento e seguimento da implementación da recarga conformada por representantes do concello así como por representantes das empresas do sector e asociacións de veciños. Esta comisión realizará funcións de asesoramento e seguimento permanente da aplicación da recarga, tendo en conta indicadores como a evolución do nivel de ocupación, o número de prazas turísticas, o rendemento por cada praza ou calquera outro indicador dos sectores

CSV: BOPISDEOCKBSWIQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

turísticos do municipio. A comisión aprobará cada ano un informe de avaliación de impacto da recarga en relación coas finalidades pretendidas coa súa aprobación, que deberá ser publicado na páxina de transparencia do propio concello.

8. A recarga rexerase polo disposto nesta lei, pola súa ordenanza reguladora, polo establecido na lei reguladora das facendas locais e pola normativa xeral en materia tributaria.>>

Emenda n º 24, de Supresión. CAPÍTULO I

Suprímese o Capítulo I do Título II do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 e, polo tanto, o contido do artigo 8.

Emenda n º 25, de Supresión. Artigo 8

Suprímese o artigo 8 dodo Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, en coherencia coa emenda que suprime o Capítulo I do Título II "Medidas de fomento en materia de turismo sustentable"

Emenda n º 26, de Modificación. Artigo 14

Modifícaseo Artigo 14, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 que queda redactado como segue:

<<«Artigo 14. Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

Modifícase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o

CSV: BOPRSDBDGKBSWDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. Competencia

A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galicia será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da consellería competente en materia de planificación enerxética.

Correspóndelle á consellería competente en materia de instalacións de produción de enerxía eólica tramitar e resolver, como órgano con competencia principal, as solicitudes que se presenten ao amparo do disposto na presente lei, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder a outros órganos das administracións públicas.»

Dous. Modifícase o artigo 6, que queda redactado como segue:
«Artigo 6. O Plan sectorial eólico de Galicia

1. O Plan sectorial eólico de Galicia é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de todas as infraestruturas e instalacións necesarias para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia, e en especial, dos parques eólicos, no marco das competencias da Comunidade Autónoma, establecendo os criterios de emprazamento e, no seu caso, as características que garantan funcionalidade e a súa coherente distribución territorial, compatible coa preservación do seu patrimonio natural, de xeito que tal previsión quede enmarcada dentro dunha política global de ordenación do territorio, coa necesaria coordinación dos intereses sectoriais concorrentes e, en particular, a coordinación dos distintos

CSV: BOPS/D/BOGKB5WIQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

títulos de intervención pública sectoriais de enerxía renovable, ambiental, territorial e urbanístico.

2. As finalidades xerais do Plan sectorial serán as seguintes:

a) Promover e impulsar o despregamento e desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia, como enerxía renovable, tendo en conta o seu papel esencial no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea.

b) Fomentar a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do medio ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

c) Promover os beneficios sociais e económicos derivados do aproveitamento das enerxías renovables en Galicia, mediante a creación de novos postos de traballo sustentables, a modernización e o desenvolvemento económicos, o desenvolvemento de ecosistemas industriais e o fomento das industrias locais.

d) Contribuír á redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética dos consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influenza dos proxectos, fomentando a constitución de comunidades de enerxías renovables e reducindo a dependencia e pobreza enerxéticas, así como a garantir, en xeral, a dispoñibilidade dunha parte da enerxía xerada polos parques eólicos por parte dos consumidores galegos con prezos estables a medio e longo prazo, evitando a variabilidade dos custos enerxéticos.

e) Promover o desenvolvemento local e o acceso á enerxía en zonas rurais e axudar á loita contra o despoboamento e a fixar poboación no medio rural mediante o pulo da economía local.

CSV: BOPS/D/BOGKB9VIDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

f) Promover a aceptación pública dos proxectos de enerxías renovables mediante a participación directa e indirecta das comunidades locais nos ditos proxectos.

g) Favorecer a cohesión territorial e social, loitando en particular contra o declive ou estancamento da poboación das áreas rurais.

h) A redución do impacto da implantación e explotación das actividades no medio ambiente, consonte coas normas de calidade medioambiental esixibles e as mellores técnicas dispoñibles en cada momento.

3. En particular, é obxecto do plan sectorial a identificación e determinación das zonas idóneas para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia, co fin de recoller a previsión de localización de instalacións e infraestruturas de enerxía eólica necesarias para lograr o máximo aproveitamento do potencial renovable de Galicia.

As instalacións necesarias para a produción e evacuación da electricidade xerada e as actuacións que constitúen o obxecto e ámbito do plan sectorial decláranse de marcado carácter territorial e alcance supramunicipal.

4. O plan sectorial terá carácter integrador, referíndose, por tanto, ao conxunto de actuacións que, pola súa función ou destino, requiran dunha planificación ou ordenación conxunta. Para tal efecto, o ámbito territorial do plan sectorial será a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Atendendo á súa natureza, contido e finalidade, non será preciso o desenvolvemento do plan sectorial mediante proxectos de interese autonómico.

CSV: BOPSDBOKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de planificación enerxética. **Así mesmo poderán implantarse fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia os proxectos declarados de especial interese público social e económico, que cumpran co establecido no artigo 18.2 da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.»**

Tres. Engádese o artigo 6 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 bis. Contido do Plan sectorial Eólico de Galicia

1. O Plan sectorial eólico de Galicia conterá, cando menos, as seguintes determinacións:

a) Descrición do contexto e implantación territorial presentada polo sector e análise do impacto das actuacións públicas e privadas producidas no pasado e previstas para o futuro dentro do ámbito sectorial.

b) Establecemento de criterios de coordinación con outros sectores e co marco xeral da ordenación territorial establecido polas Directrices de ordenación del territorio.

c) Delimitación dos ámbitos territoriais nos que poderán localizarse as infraestruturas e instalacións obxecto do plan. Para tal efecto, o plan

CSV: BOPS/DEOCKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

sectorial poderá establecer a clasificación e categorización do solo dos ditos ámbitos delimitados, cando fose condición mesma para a súa efectividade.

En particular, delimitaranse as zonas de aceleración renovable eólica.

d) Descrición das características xerais das infraestruturas, dotacións ou instalacións previstas no plan.

e) Medidas de protección do medio ambiente, o patrimonio cultural e a paisaxe, consonte coa normativa vixente.

f) Determinación das prioridades de actuación e definición de estándares e normas de distribución territorial, de ser o caso.

g) Medidas para un desenvolvemento da enerxía eólica compatible co territorio e o desenvolvemento rural.

h) En especial, desenvolveranse medidas e instrumentos que permitan a fixación de beneficios sociais e económicos no territorio, convertendo o despregamento da enerxía eólica nunha ferramenta ao servizo da cohesión territorial, favorecendo as comunidades locais, o tecido industrial local, as pemes e as empresas de economía social.

i) A obriga dos titulares das autorizacións de cumprir as condiciones e requisitos que sexan en cada momento aplicables para reducir o impacto da implantación e desenvolvemento das actividades no medio ambiente, consonte coas normas de calidade medioambiental esixibles, así como as condicións xerais que deban cumprirse en relación co deseño, a construción, o mantemento e a explotación das actividades, de acordo coas mellores técnicas dispoñibles, entendendo por tales as máis eficaces para acadar un alto nivel de protección xeral do medio ambiente no seu conxunto, en condicións económica e tecnicamente viables, tomando en

CSV: BOPRSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

consideración os custos e os beneficios, sempre que o titular poida ter acceso a elas en condicións razoables.

j) Pautas e directrices para unha eficaz coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

k) Supostos de modificación do plan sectorial e normas específicas para o seu seguimento.

2. A documentación do plan sectorial axustarase ao establecido no artigo 37 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación **do** territorio de Galicia.»

Catro. Engádese un artigo 6 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 ter. Eficacia do Plan sectorial eólico de Galicia

1. As determinacións do plan sectorial terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade, expresando de xeito claro e inequívoco o alcance con que haberán de operar.

2. O plan sectorial poderá conter determinacións de aplicación directa, que serán inmediatamente aplicables aos terreos sobre os que incidan e que, como determinacións de ordenación territorial, prevalecerán sobre as previsións contrarias do planeamento municipal.

3. En particular, o plan poderá precisar as condicións de edificación e os requisitos aplicables ás instalacións que constitúen o seu obxecto, que prevalecerán sobre as previstas con carácter xeral na normativa e no planeamento urbanísticos para o solo rústico.»

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Cinco. Engádese un artigo 6 quater, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 quater. Avaliación ambiental e procedemento de aprobación do Plan sectorial Eólico de Galicia

1. O Plan sectorial eólico de Galicia haberá de someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

2. O procedemento de aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia realizarase consonte o previsto no artigo 54 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro.

3. Con carácter previo ao inicio da súa tramitación, o Consello da Xunta de Galicia poderá establecer criterios xerais para a elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia.»

Seis. Engádese un artigo 6 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 quinquies. Modificación, efectos e vixencia do Plan Sectorial Eólico de Galicia

A modificación, efectos e vixencia do Plan Sectorial Eólico de Galicia rexeranse polo establecido nos artigos 56 a 61 da Lei 1/2021, **do** 8 de xaneiro.»

Seis bis. Engádese un novo artigo 11 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 11 bis. Supostos de exención

CSV: BOPRSDBDGKBSWDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Quedan exentos do canon eólico aqueles parques que teñan a consideración de experimentais e os denominados parques eólicos singulares cuxa titularidade corresponda a un concello.»

Seis ter. Modifícase o artigo 14, que queda redactado como segue:

«Artigo 14. Base impoñible

1. Constitúe a base impoñible a suma total da altura medida en metros dos aeroxeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para estes efectos, entenderase por altura a distancia desde a superficie do terreo no que se sitúa o aeroxerador ata a punta da pa cando esta se atopa no punto mais alto.

2. No caso dos parques eólicos que se estendan máis aló do límite territorial da comunidade autónoma, a base impoñible estará constituída pola suma total da altura medida en metros dos aeroxeradores instalados no territorio galego.

3. Para a determinación da base impoñible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devindicación. No caso de que a altura dalgún ou todos os aeroxeradores varíe ao longo do período impositivo, a base impoñible calcularase rateando por días o período de explotación de cada aeroxerador respecto ao total do número de días do ano natural.»

CSV: BOPRSDBDGXBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Seis quater. Modifícase o artigo 15, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 15. Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impoñible do tipo de gravame de 75€ por cada metro de altura de aeroxerador.

2. Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.»

Seis quinquies. Suprímese o artigo 16, que queda sen contido.

Seis sexies. Modifícase a letra d) do número 4 do artigo 29, que queda redactada do seguinte modo:

«d) Documentación ambiental que proceda segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental ou norma que a substitúa para a avaliación do impacto ambiental do proxecto, debendo conter os elementos previstos na Lei 2/2024, do 7 de novembro. En particular, o estudo de impacto ambiental identificará os beneficios sociais e económicos que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais dos promotores dirixidos a xeralos, nos ámbitos da creación de novos postos de traballo sustentables, o desenvolvemento de ecosistemas industriais e o fomento das industrias locais, a redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética dos consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influenza dos proxectos.»

CSV: BOPS/D/BDGKB5WQ1KQ8HPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 31, que queda redactado como segue:

«1. As solicitudes ás que se refire o artigo 29 non poderán solaparse, no momento da solicitude, con ningún parque eólico, xa sexa de competencia autonómica ou estatal, en explotación, autorizado pendente de construción ou en fase de tramitación administrativa, salvo que exista un acordo entre os titulares dos parques eólicos afectados.»

Oito. Modifícase o número 2 do artigo 34, que queda redactado como segue:

«2. A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora disporá dun prazo de tres anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a correspondente autorización de explotación, indicando que, no caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación, previa audiencia do interesado, nos termos establecidos no punto 10 do artigo 53 da Lei 24/3013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

Este prazo quedará suspendido no caso de que exista un pronunciamento por parte dun órgano administrativo ou xudicial que suspenda a eficacia da resolución de autorización administrativa previa e de construción. **Así mesmo, a administración, previa petición do titular da autorización, suspenderá o prazo no caso de que existan recursos xudiciais interpostos por terceiros, ata que a autorización alcance firmeza.**

A administración autonómica poderá, a solicitude da persoa promotora, outorgar a extensión do prazo para cumprir co fito de obtención da autorización administrativa de explotación definitiva, nos termos establecidos no artigo 28.2 do Real Decreto-lei 8/2023, do 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca. Nestes casos, o prazo

CSV: BOPRSDBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

para obter a autorización de explotación será o que se determine na resolución de extensión do prazo, ditada de conformidade co establecido na normativa estatal, sen que, polo tanto, poida outorgarse a autorización administrativa de explotación con anterioridade ao inicio do semestre comprometido na solicitude.»

Nove. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 40, que quedan redactados como segue:

«1. Conforme ao establecido no artigo 35.1.m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os proxectos de parques eólicos e das súas infraestruturas de evacuación poderán implantarse en calquera categoría de solo rústico, ao non implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos, sen que sexa necesaria a aprobación dun proxecto de interese autonómico regulado pola lexislación de ordenación do territorio.

2. Outorgada a autorización administrativa previa e de construción, tramitarase o título habilitante municipal de natureza urbanística que corresponda. No caso de que o solo sexa rústico de especial protección, será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á tramitación do título habilitante municipal. Para estes efectos, non será necesaria a emisión dunha nova autorización ou informe no caso de que a competencia sectorial corresponda a un órgano autonómico e este se pronunciara favorablemente no trámite previsto no artigo 33.12.

3. As instalacións de produción de electricidade, aeroxeradores, instalacións de control e obra civil necesaria do parque, así como as súas infraestruturas e liñas de evacuación, deberán axustarse ao proxecto aprobado, sen que lles sexan de aplicación as condicións que recolle o artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro. As casetas onde se sitúen elementos de control non poderán estar situadas a unha distancia inferior a 5 metros dos lindes da parcela. No caso de que o proxecto inclúa obras

CSV: BOPRSDBDGKBSWDKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

que deban cualificarse de edificación de acordo coa lexislación reguladora da ordenación da edificación, serán aplicables ás mesmas as condicións que recolle o artigo antes citado para os edificios.»

Dez. Engádese un artigo 41 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 41 bis. Cumprimento da normativa aplicable e cláusula de progreso das autorizacións

1. Os titulares das autorizacións estarán obrigados ao desenvolvemento de todas aquelas actividades necesarias para producir enerxía eléctrica nos termos previstos na súa autorización e, en especial, no que se refire a seguridade, dispoñibilidade e mantemento da potencia instalada e ao cumprimento das condicións medioambientais esixibles, consonte co establecido na normativa básica estatal.

2. En particular, os titulares das autorizacións estarán obrigados a cumprir as condicións e requisitos que sexan en cada momento aplicables para reducir o impacto da implantación e explotación das actividades no medio ambiente, consonte coas normas esixibles.

3. Para os efectos indicados no número anterior, poderán establecer nas autorizacións, consonte co que se determine, de ser o caso, no Plan sectorial eólico de Galicia, as condicións xerais que deban cumprirse en relación co deseño, a construción, o mantemento e a explotación das actividades, de acordo coas mellores técnicas dispoñibles, entendendo por tales as máis eficaces para acadar un alto nivel de protección xeral do medio ambiente no seu conxunto, en condicións económica e tecnicamente viables, tomando en consideración os custos e os beneficios, sempre que o titular poida ter acceso a elas en condicións razoables.

4. O incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas

CSV: BOPSDBOGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

autorizacións ou a variación substancial dos orzamentos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á súa revogación, previa audiencia do interesado, consonte co establecido na normativa básica estatal.»

Once. Modifícase a disposición adicional quinta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional quinta. Distancias a núcleos de poboación

1. Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa).

Estes requisitos de distancias serán aplicables ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos cuxa implantación se proxecte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán aplicables estes requisitos de distancia aos proxectos de modificacións substanciais (repotenciacións) de parques que estean en funcionamento antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, nas que, para manter a súa potencia total en funcionamento, exista imposibilidade técnica xustificada da súa implantación.

Non serán tampouco de aplicación a aqueles proxectos que perderan os permisos de acceso e conexión como consecuencia de non ter alcanzado algún dos fitos contemplados no Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros

CSV: BOPS/DEOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

ámbitos para a reactivación económica, e que deban solicitar novamente as autorizacións administrativas previa e de construción, sempre que conten cunha declaración de impacto ambiental favorable en vigor á data da nova solicitude de autorización.

En todo caso, os aeroxeradores deberán situarse á máxima distancia posible, cun mínimo de 500 metros, ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado.

2. As distancias establecidas nesta disposición ás delimitacións de solo citadas no número 1 mediranse **desde o centro da base do aeroxerador,** sen ter en conta as pas.

3. No caso dos núcleos de poboación ou outros lugares habitados, casas illadas, establecementos industriais, granxas ou establecementos ou explotacións destinadas á gandería extensiva e intensiva, ou outros establecementos situados fóra das clases de solos indicadas, non serán aplicables as indicadas distancias. Nestes casos, para determinar as distancias precisas deberá estarse ao establecido polas normas especificamente aplicables, no seu caso, e ao resultado da avaliación ambiental. En particular, para asegurar o cumprimento dos niveis sonoros de inmisión establecidos pola normativa de ruído, os estudos de impacto ambiental recollerán análises sobre a propagación do ruído, en relación coas características dos aeroxeradores e a xeografía concreta do terreo.»

Doce. Engádese unha disposición adicional décima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. Actuacións de interese xeral dirixidas á repotenciación de parques eólicos para reducir o seu impacto no territorio e no medio ambiente

1. Atendendo ao obxectivo prioritario de reducir o impacto no territorio e

CSV: BOPSDBDGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

no medio ambiente da implantación e explotación dos parques eólicos existentes, tendo en conta a evolución da ciencia e da técnica, decláranse de **interese público superior** as actuacións de repotenciación de parques eólicos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia que consistan na redución do número de aeroxeradores e a súa substitución por outros máis capaces ou eficientes, manténdose a potencia autorizada no proxecto. **As actuacións de repotenciación non poderán dar lugar a un incremento da potencia autorizada no proxecto, agás que se dispoña dun permiso de acceso e conexión que permita a evacuación dunha potencia maior.**

2. As actuacións de repotenciación indicadas no **número** anterior serán obrigatorias para todos os titulares das autorizacións existentes no momento da entrada en vigor desta disposición, consonte co establecido nos números que seguen.

3. Mentres non entre en vigor o Plan sectorial eólico de Galicia, as actuacións de repotenciación serán obrigatorias para os parques eólicos existentes **de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia**, por razóns de redución do seu impacto no territorio e no medio ambiente, naqueles casos en que a repotenciación permita unha redución do número de aeroxeradores en funcionamento sempre que **tivesen acadado 25 anos desde a súa posta en funcionamento. Non obstante, este prazo poderá ser superior, co límite de 30 anos, no caso de que a vida útil prevista dos aeroxeradores nos proxectos autorizados rebase os 25 anos indicados, de acordo coas previsións contidas na documentación técnica ou nos estudos técnico-económicos de viabilidade presentados no procedemento de autorización orixinario.**

4. Están exceptuados da obriga de repotenciación os parques eólicos que non superen o número de 10 aeroxeradores, **e os parques eólicos experimentais.**

5. As actuacións de repotenciación indicadas no número 3 deberán efectuarse en condicións e prazos **que se axustarán ao principio de**

CSV: BOPRSDBOCKBSWDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

proporcionalidade, e serán económica e tecnicamente viables. Para estes efectos tomaranse en consideración os custos e os beneficios da explotación. En particular, teranse en conta os custos asociados ao desmantelamento dos aeroxeradores, incluíndo a adaptación ambiental e a restauración dos terreos liberados, así como os custos e ingresos asociados ao investimento realizado para a repotenciación.

Así mesmo, teranse en conta as mellores técnicas dispoñibles para acadar un alto nivel de protección xeral do medio ambiente no seu conxunto, sempre que o titular do parque eólico poida ter acceso a elas en condicións razoables.

As actuacións de repotenciación buscarán a máxima redución posible do número de aeroxeradores en funcionamento, procurándose unha redución como mínimo á cuarta parte dos existentes. **Non será necesario acadar a referida redución cando as condicións e valores ambientais do emprazamento desaconsellen a instalación de aeroxeradores do tamaño que permita acadar a dita porcentaxe.**

As distancias mínimas dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado serán as aplicables ás autorizacións xa outorgadas.

6. As persoas titulares dos parques eólicos nos que se dean as condicións establecidas nesta disposición estarán obrigadas a presentar á administración autonómica a solicitude de **autorización administrativa previa e de construción derivada da** repotenciación, acompañando o correspondente proxecto, no prazo de dezaoito meses a contar desde a súa entrada en vigor, ou a contar desde o momento no que se cumpran as condicións establecidas no número 3, no suposto de que este cumprimento se produza despois da súa entrada en vigor.

As persoas titulares dos parques eólicos indicarán na súa solicitude e

CSV: BOPRSDBOGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

proxecto as condicións e prazos que propoñan para a execución da repotenciación, presentando, en particular a documentación técnica e económica que xustifique os prazos solicitados e as fases nas que se executará, procurando, na medida do posible, unha pronta execución no tempo e o mantemento da produción de enerxía eléctrica durante o seu desenvolvemento. No caso de que a solicitude do promotor indique, por razóns xustificadas de viabilidade técnica ou económica, uns prazos de inicio ou de execución das obras superiores en mais de 6 meses aos previstos como mínimos para cada caso no número 9 desta disposición, a administración autonómica solicitará informe ao Instituto Galego de Promoción Económica aos efectos da análise das razón indicadas de viabilidade económica, conforme os criterios previstos no número 5, sen prexuízo doutros informes que se considere oportuno solicitar.

7. A administración autonómica poderá requirir aos titulares das autorizacións obrigados a realizar as actuacións de repotenciación que presenten a correspondente solicitude de repotenciación, acompañando o correspondente proxecto. Para estes efectos, a administración autonómica poderá proceder á comprobación das autorizacións outorgadas nas que se poidan dar as condicións previstas nesta disposición, podendo a estes efectos requirir aos titulares das autorizacións a documentación necesaria para a verificación.

8. As solicitudes de repotenciación tramitaranse de conformidade co establecido nesta lei, e previa a tramitación ambiental que proceda consonte coa normativa aplicable.

A autorización do proxecto de repotenciación implicará a obriga de proceder ao desmantelamento dos aeroxeradores obsoletos nos termos que sedeterminen e á restitución ambiental dos terreos que non resulten necesarios
para a explotación.

CSV: BOPRSDBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

A autorización modificará a poligonal de delimitación do parque eólico para acomodala á área efectivamente afectada pola instalación derivada da repotenciación.

9. A autorización **administrativa previa e de construción** determinará, consonte co establecido no número 5, as condicións e prazos en que se deben efectuar as actuacións de repotenciación, **especificando aquelas cuxo incumprimento pode dar lugar á revogación da autorización. A autorización non poderá establecer un prazo de inicio das obras e actuacións inferior a 18 meses, nin un prazo de execución delas inferior a 18 meses, salvo petición do promotor. A administración, previa petición do titular da autorización, suspenderá os prazos para a execución das actuacións de repotenciación, no caso de que existan recursos administrativos ou xudiciais interpostos por terceiros, ata que a autorización alcance firmeza.**

As actuacións de repotenciación poderán desenvolverse por fases, para manter na medida do posible a produción de enerxía eléctrica durante o seu desenvolvemento.

10. O incumprimento da obriga de solicitar a repotenciación nos supostos en que sexa obrigatoria, os retrasos inxustificados por parte do titular do parque eólico ou a obstrución no procedemento de obtención da autorización, así como o incumprimento da obriga de repotenciación nas condicións e prazos establecidos na autorización de repotenciación, poderá dar lugar á revogación da autorización do parque eólico existente, previa audiencia do interesado.

11. Cando entre en vigor o Plan sectorial eólico de Galicia serán de aplicación as súas disposicións en canto aos supostos de obriga de repotenciación e as condicións e prazos en que deben efectuarse estas actuacións.»

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Trece. Engádese unha disposición adicional décimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. Elaboración dunha base de datos cartográfica das zonas necesarias para o despregamento da enerxía renovable eólica

1. Consonte co establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, a Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas competencias de ordenación do territorio, elaborará unhabase de datos cartográfica relativa ao despregamento da enerxía renovable eólica no seu territorio a fin de determinar o potencial doméstico e as zonas terrestres dispoñibles para a instalación de parques eólicos, as súas infraestruturas de evacuación e de rede.

2. A base de datos cartográfica relativa ao despregamento da enerxía renovable eólica terá a natureza de instrumento técnico de diagnóstico previo, para os efectos de subministrar información de apoio para os instrumentos de ordenación do territorio e, en especial, para a elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia e a planificación das zonas de aceleración renovable, polo que non terá a consideración de plan ou programa.

3. Para a elaboración da base de datos teranse en conta os instrumentos de ordenación territorial vixentes e, en especial, o Plan sectorial eólico de Galicia existente, ademais da información que teña á súa disposición a administración autonómica e a procedente doutras administracións. Tamén se terán en conta os usos preexistentes nas zonas cartografiadas. En todo caso favoreceranse os usos múltiples nas zonas incluídas na cartografía, polo que a identificación destas zonas non implicará a incompatibilidade con outros usos. Os proxectos de enerxía renovable eólica serán compatibles cos usos preexistentes das ditas zonas.

CSV: BOPRSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Darase publicidade por medios electrónicos á base de datos elaborada.

4. O establecido neste precepto entenderase sen prexuízo dos mecanismos de cooperación ou coordinación que se establezan polas autoridades competentes aos efectos da integración da base de datos na cartografía que se elabore a nivel nacional.

5. A base de datos revisarase e actualizará cando sexa necesario, tendo en conta, en particular, as actualizacións do plan nacional de enerxía e clima.»

Catorce. Engádese unha disposición adicional décimo segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. Zonas de aceleración renovable eólica

1. De conformidade co establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, a administración autonómica, poderá aprobar como instrumentos específicos de planificación, antes da aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia, a designación de zonas de aceleración renovable eólica. Nestes instrumentos designaranse zonas terrestres suficientemente homoxéneas nas que non se prevexa que o despregamento da enerxía eólica vaia ter un impacto ambiental significativo, tendo en conta as particularidades da zona seleccionada.

2. Para definir as zonas nas que as plantas de enerxía renovable non teñen un impacto ambiental significativo, utilizaranse todas as ferramentas e conxuntos de datos axeitados e proporcionados, e teranse en conta os datos dispoñibles no contexto do desenvolvemento dunha rede Natura

CSV: BOPSDBOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

2000 coherente e suficiente no que respecta a tipos de hábitats e especies, consonte á normativa comunitaria aplicable.

3. Das zonas de aceleración renovable eólica excluiranse, de conformidade co que se estableza pola normativa comunitaria vixente en cada momento, os espazos da Rede Natura 2000 e as zonas designadas consonte coa normativa de protección da natureza e conservación da biodiversidade, as principais rutas de migración de aves e mamíferos, así como outras zonas definidas conforme ás ferramentas mencionadas no número 2.

4. Nos instrumentos de designación das zonas de aceleración renovable eólica, atendendo ás especificidades de cada zona e ao impacto ambiental detectado, estableceranse normas adecuadas aplicables en canto ás medidas de mitigación efectivas que deben adoptarse en relación coa instalación de plantas de enerxía renovable eólica, así como os activos necesarios para a conexión das ditas plantas á rede, a fin de evitar o impacto ambiental adverso que poida xurdir ou, se non é posible, reducilo significativamente, no seu caso velando porque se apliquen medidas de mitigación adecuadas de xeito proporcionado e oportuno para garantir o cumprimento das obrigas establecidas na normativa comunitaria e para evitar o deterioro e lograr un bo estado ecolóxico ou un bo potencial ecolóxico.

Serán aplicables, en particular, en canto a estes estremos, os criterios establecidos na Lei de fomento dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

5. O cumprimento das normas ás que se refire o número 4, e a execución das medidas de mitigación adecuadas por parte dos proxectos individuais darán lugar á presunción de que os proxectos non incumpren as disposicións tidas en conta, consonte co establecido na normativa comunitaria.

CSV: BOPRSDEOCKBSWDIKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

6. O procedemento de aprobación dos instrumentos de planificación nos que se designen as zonas de aceleración renovable eólica iniciarase de oficio por acordo da consellería competente na materia de planificación enerxética, que terá a consideración de órgano substantivo.

O órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, acompañada dun borrador do instrumento de planificación e da documentación esixida pola normativa de avaliación ambiental.

A tramitación da solicitude realizarase consonte co establecido na normativa básica estatal para a avaliación ambiental estratéxica.

Unha vez formulada polo órgano ambiental a declaración ambiental estratéxica, a persoa titular da consellería competente en materia de planificación enerxética acordará a aprobación provisional do instrumento de planificación.

O Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de planificación enerxética, aprobará definitivamente o instrumento de planificación, mediante decreto que haberá de ser publicado no «Diario Oficial de Galicia». Darase publicidade ao instrumento de planificación na sede electrónica da administración autonómica.

7. O decreto de aprobación da designación das zonas de aceleración renovable xustificará a avaliación realizada para definir cada zona de aceleración renovable e para definir as medidas de mitigación adecuadas.»

Quince. Engádese unha disposición adicional décimo terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. Áreas de infraestrutura específicas

CSV: BOPSDEOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

para a execución dos proxectos de rede necesarios para integrar a enerxía renovable no sistema eléctrico

1. De conformidade co establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018, a administración autonómica poderá aprobar, no marco das súas competencias, como instrumentos específicos de planificación, antes da aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia, a designación de áreas de infraestrutura específicas para a execución dos proxectos de rede necesarios para integrar a enerxía eólica no sistema eléctrico nas que no se prevexa que a execución dos ditos proxectos teña un impacto ambiental significativo, un impacto que poida mitigarse ou, no seu defecto, compensarse debidamente. O obxectivo das ditasdichas áreas será apoiar e complementar as zonas de aceleración renovables eólicas.

2. O procedemento de aprobación será o establecido no número 6 da disposición adicional décimo segunda.»

Dezaseis. Engádese unha disposición adicional décimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. Procedemento de concesión de autorizacións en zonas de aceleración renovable eólica

Será de aplicación o establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, en canto ao procedemento de concesión de autorizacións en zonas de aceleración renovable eólica.»

Dezasete. Engádese unha nova disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

CSV: BOPRSDBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

«Disposición adicional décimo quinta. Solicitudes de nova tramitación de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación ao establecido na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

1. As persoas promotoras de parques eólicos que non dispoñan de autorización de explotación definitiva na vía administrativa poderán optar voluntariamente por unha nova tramitación das autorizacións administrativas previas e de construción do parque eólico, calquera que sexa o estado de tramitación das indicadas autorizacións e aínda que as indicadas autorizacións estiveran xa outorgadas.

Así mesmo, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria novena bis, as persoas promotoras de infraestruturas de evacuación de parques eólicos, poderán optar voluntariamente por unha nova tramitación conxunta das autorizacións administrativas previas e de construción do parque eólico e da súa infraestrutura de evacuación, calquera que sexa o estado de tramitación das indicadas autorizacións e aínda que as autorizacións administrativas previa e de construción do parque eólico estiveran xa outorgadas.

2. Se cando se solicite a nova tramitación as autorizacións administrativas previas e de construción do parque eólico estiveran xa outorgadas, estas autorizacións manteranse en vigor ata o momento no que adquira firmeza en vía administrativa e, no seu caso, xudicial, a nova autorización.

A presentación da solicitude de nova tramitación ou de tramitación conxunta das autorizacións previas e de construción do parque eólico e da súa infraestrutura de evacuación, no caso de que as autorizacións non estiveran outorgadas, comportará a desistencia

CSV: BOPRSDTBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

dos procedementos que se tivesen iniciado con anterioridade en relación co mesmo proxecto, con efectos desde a data da admisión a trámite da solicitude de nova tramitación. A desistencia farase constar expresamente na solicitude de nova tramitación, con referencia aos procedementos anteriores en tramitación en relación co mesmo proxecto.

3. No caso de que solicite a nova tramitación ou tramitación conxunta, iniciarase un novo procedemento administrativo ao que será de aplicación a lexislación vixente no momento do seu inicio, incluída a Lei 2/2024, do 7 de novembro.

4. Aos proxectos de parques eólicos sometidos a nova tramitación consonte o previsto nesta disposición seralles de aplicación o establecido nos artigos 35, 36 e 37 da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, polo que se presumirá que se trata de proxectos de interese público superior que contribúen á saúde e á seguridade pública para os efectos dos artigos 3 do Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 2022, polo que se establece un marco para acelerar o despregamento de enerxías renovables, e 16 septies da Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables. O devandito interese público superior será ponderado de maneira concreta na tramitación do novo procedemento de outorgamento da autorización administrativa previa, de construción e de explotación do parque, e das autorizacións das súas infraestruturas de evacuación, e, en particular, no trámite de avaliación ambiental.

5. Ás solicitudes previstas neste artigo aplicaráselles unha tramitación simplificada, coas seguintes especialidades con respecto ao procedemento regulado no título IV desta lei:

CSV: BOPRSDBDGXBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

a) No caso de que non variasen as circunstancias acreditativas da capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante con respecto ás alegadas na primeira tramitación do proxecto, a devandita capacidade poderase acreditar mediante unha declaración responsable.

b) A garantía económica prestada na primeira tramitación do proxecto entenderase aplicada á nova tramitación, que estará exenta do pagamento da taxa de verificación de requisitos e capacidades.

c) As solicitudes tramitaranse con prioridade con respecto ás solicitudes relativas a novos proxectos de parques eólicos.

d) O estudo de impacto ambiental ou, de ser o caso, o documento ambiental incorporará os contidos previstos no artigo 10 da Lei 2/2024, do 7 de novembro.

e) Aplicaranse os requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable vixentes no momento en que se presentase a primeira solicitude de autorización administrativa previa e de construción do proxecto.

f) Só se solicitarán os informes previos aos órganos sectoriais previstos no artigo 34.8 cando existan indicios fundados de que o proxecto producirá efectos adversos importantes sobre o medio ambiente ou a paisaxe que non se poidan mitigar nin compensar.

g) Na avaliación ambiental do proxecto aplicaranse as previsións do capítulo II do título I da Lei 2/2024, do 7 de novembro, e ponderarase de maneira concreta o interese público superior do proxecto.

CSV: BOPRSDTBDGXB5WQ1KQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

h) Os condicionados técnicos emitiranse nun prazo de dez hábiles e pronunciaranse exclusivamente sobre as modificacións que, de ser o caso, presente o proxecto con respecto ao inicialmente tramitado. De non existir modificacións relevantes para estes efectos, incorporarase ao expediente os condicionados técnicos emitidos en relación co proxecto inicialmente tramitado.

i) O informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas pronunciarase exclusivamente sobre as modificacións que, de ser o caso, presente o proxecto con respecto ao inicialmente tramitado. De non existir modificacións relevantes para estes efectos, incorporarase ao expediente o informe emitido en relación do proxecto inicialmente tramitado.»

Dezaoito. Engádese unha nova disposición adicional décimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sexta. Instrumentos para a análise dos valores ambientais das localizacións nas que se implantan proxectos de enerxía eólica e as súas infraestruturas de evacuación

1. As avaliacións ambientais que se realicen dos proxectos de enerxía eólica e as súas infraestruturas de evacuación realizaranse tendo en conta o mellor coñecemento científico dispoñible, de acordo co principio establecido no artigo 2.l) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A estes efectos, á hora de identificar, desde o punto de vista ambiental, os eventuais condicionantes ambientais xerais da zona á que afectan os proxectos, teranse en conta as ferramentas, bases cartográficas e fontes de datos oficiais que gocen da maior precisión e actualización, que serán de utilización e aplicación prevalente ás que teñan menor detalle.

CSV: BOPRSDBDGKBSWDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

2. O indicado no número anterior entenderase en todo caso dentro do carácter orientativo das indicadas ferramentas, bases cartográficas e fontes de datos, polo que será necesario que se concreten especificamente, durante o trámite de avaliación ambiental que corresponda, os valores e impactos ambientais para cada proxecto particular, atendendo á súa localización concreta e ás súas características, así como ás solucións e medidas preventivas e correctoras específicas adoptadas, sen que os instrumentos anteditos poidan prexulgar o resultado da avaliación ambiental.»

Dezanove. Engádese unha nova disposición adicional décimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sétima. Enerxía de fontes renovables

De conformidade co establecido no artigo 6 do Regulamento (UE) 2024/1991 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2024, relativo á restauración da natureza e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2022/869, exímese á planificación, construción e explotación de parques eólicos de competencia autonómica, así como á súa conexión á rede e á propia rede correspondente e activos de almacenamento conexos, do requisito de non dispoñer de solucións alternativas menos prexudiciais en virtude do disposto no artigo 4, apartados 14 e 15, e do artigo 5, apartados 11 e 12 do devandito Regulamento (UE) 2024/1991, cando se sometera a unha avaliación ambiental estratéxica ou a unha avaliación de impacto ambiental nas condicións esixidas na normativa vixente.»

Vinte. Engádese unha nova disposición transitoria décimo segunda, coa seguinte redacción:

CSV: BOPRSDTBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

«Disposición transitoria décimo segunda. Réxime transitorio aplicable mentres non entre en vigor o novo Plan sectorial eólico de Galicia

1. Mentres non entre en vigor o novo Plan sectorial eólico de Galicia, elaborado de acordo coas prescricións establecidas no artigo 6 e seguintes da lei, aplicarase o réxime transitorio previsto nesta disposición, coa finalidade de ordenar e regular a implantación territorial dos parques eólicos, de forma compatible coas finalidades da planificación eólica recollidas nas letras c), d), e), f), e g) do artigo 6.2, e, en particular, co obxecto de aplicar medidas provisionais que permitan a fixación de beneficios sociais e económicos no territorio, convertendo o despregamento da enerxía eólica nunha ferramenta ao servizo da cohesión territorial, favorecer ás comunidades locais así como a actividade económica de Galicia e o tecido industrial local, fomentando a competitividade da industria galega, e minimizando o impacto sobre o medio ambiente e a paisaxe achegando as instalacións de produción de enerxía aos puntos de consumo.

2. A presente disposición non será de aplicación aos procedementos que se atopen en tramitación, atendendo ao establecido no artigo 31.3, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2025. Tampouco será de aplicación ás solicitudes de repotenciación que se efectúen de parques existentes, nin ás solicitudes de retramitación de autorizacións que se efectúen de acordo co establecido na disposición adicional décimo quinta.

3. Tendo en conta o actual nivel de ocupación das áreas de desenvolvemento eólico actuais, atendendo ao número de autorizacións existentes, e a necesidade de salvagardar a capacidade de ordenación do novo Plan sectorial eólico, non se admitirán novas solicitudes para a autorización de parques eólicos de competencia autonómica ás que sexa aplicable esta disposición, cando estes se sitúen nas indicadas áreas. Por excepción, poderán presentarse solicitudes cando as persoas promotoras asuman o compromiso de

CSV: BOPS/D/BOGKBSWDIKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

formalizar contratos de subministración de enerxía a medio ou largo prazo (PPA) a un prezo predeterminado, durante todo o período de vixencia da autorización, nas condicións establecidas no número 4.

4. Os contratos que se formalicen de acordo cos compromisos aos que se refire o número anterior deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos:

a) Comprenderán ao menos o 50% da enerxía producida.

b) Os consumidores finais destinatarios da enerxía serán consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influenza dos proxectos, ou, no caso de que non existiran consumidores interesados nesas zonas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) O prazo mínimo de duración dos contratos será de 5 anos.

d) O contrato poderá formalizarse directamente cos consumidores finais ou a través de empresas comercializadoras de enerxía.

5. Fóra das áreas de desenvolvemento eólico existentes só poderán desenvolverse os proxectos declarados de especial interese público social e económico, que cumpran co establecido no artigo 18.2 da Lei 2/2024, do 7 de novembro.

6. Esta disposición non impedirá a modificación dos proxectos xa admitidos a trámite.

7. O establecido nos números 3 e 4 será de aplicación ás novas solicitudes de autorización de parques eólicos que se presenten nas Zonas de aceleración renovable eólica aprobadas de acordo coa disposición adicional décimo segunda.

CSV: BOPRSDBOKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

8. O réxime transitorio establecido nesta disposición será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o momento da entrada en vigor do novo Plan sectorial eólico de Galicia. Porén, este réxime transitorio deixará de ser aplicable se o novo Plan sectorial eólico de Galicia non se aproba no prazo de tres anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 2025.»>>

Emenda n º 27, de Adición. Artigo 14 bis

Engádese un novo Artigo 14 bis, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, coa seguinte redacción:

<<«Artigo 14 bis. Modificación da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

Modifícase a Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, que queda redactada como segue:

Un. Engádese unha nova disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

Disposición adicional cuarta. Fomento da formalización de contratos de subministración de enerxía nos concursos públicos que se convoquen para a concesión de augas destinadas ao almacenamento hidráulico de enerxía ou a usos industriais para a produción de enerxía eléctrica

CSV: BOPGDSDBOGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

1. Os pregos de bases dos concursos públicos que se convoquen pola administración autonómica de acordo coa lexislación de augas para conceder a explotación das infraestruturas que tiveran revertido á Administración autonómica nos casos de extinción de concesións para a concesión de augas, destinadas a usos industriais para a produción de enerxía eléctrica, establecerán como condición que o concesionario deberá comprometerse a formalizar contratos de subministración de enerxía a medio ou largo prazo (PPA) a un prezo predeterminado, nas condicións establecidas no número 2 desta disposición.

2. Os contratos que se formalicen de acordo cos compromisos aos que se refire o número anterior deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos:

a) Comprenderán ao menos o 50% da enerxía producida.

b) Os consumidores finais destinatarios da enerxía serán consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influenza dos proxectos, ou, no caso de que non existiran consumidores interesados nesas zonas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) O prazo mínimo de duración dos contratos será de 5 anos.

d) O contrato poderá formalizarse directamente cos consumidores finais ou a través de empresas comercializadoras de enerxía.

Dous. Modifícase o número cinco da disposición derradeira segunda da Lei 2/2024, do 7 de novembro, coa finalidade de reenumerar a disposición transitoria novena da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, relativa ao réxime transitorio de tramitación de parques eólicos anteriores á entrada en vigor da Lei 2/2024, do 7 de novembro, que pasa a ser a disposición transitoria novena bis.>>

CSV: BOPRSDBDGKBSWDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 28, ao apartado Dous bis, de Adición. Artigo 16

Engádese un novo artigo16 dous bis ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, que queda redactado como segue:

<<Dous bis. Engádese unha nova Disposición adicional décimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sétima. Actuacións subsidiarias na zona de servidume dos ríos da demarcación hidrográfica de Galicia Costa

1. No ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia Costa, as persoas propietarias dos terreos situados na zona de servidume definida polo artigo 6.1 a) do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, están obrigados a garantir a efectividade da servidume nos termos establecidos na normativa básica estatal e serán responsables dos eventuais danos que poidan derivarse das actuacións e omisións que as impidan ou dificulten.

De acordo co establecido neste marco normativo, estas persoas garantirán que na devandita zona de servidume non existen obras, obxectos ou materiais que poidan obstaculizar a corrente en réxime de avenidas ou que poidan ser causa de degradación ou deterioro do estado da masa de auga, do ecosistema acuático e, en xeral, do dominio público hidráulico.

2. No suposto de incumprimento das obrigas recollidas no número anterior, a Administración pública competente poderá requirir o seu cumprimento e, subsidiariamente poderá impoñer multas coercitivas ou

CSV: BOPSDBOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

executar os traballos para garantir os fins da servidume, sen prexuízo da repercusión dos seus custos á persoa responsable.

Sen prexuízo da obriga establecida no número anterior, Augas de Galicia e os seus axentes poderán realizar nesas zonas as actuacións que sexan necesarias para garantir a efectividade da servidume e a protección das canles, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular salvo nos supostos excepcionais nos que o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles, de non contarse coa autorización do titular.

A execución subsidiaria pola Administración por razóns de seguridade e saúde das persoas non estará sometida a ningún acto de intervención administrativa municipal nin autonómico.»>>

Emenda n º 29, ao apartado Dous ter, de Adición. Artigo 16

Engádese o Artigo 16.dous.ter, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 que queda redactado como segue:

<<Dous ter. Engádese unha nova Disposición adicional décimo oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo oitava. Réxime especial aplicable á execución de obras de recuperación ou restauración de canles para a protección fronte ao risco de inundación.

1. Na execución de obras no ámbito das áreas de risco potencial significativo de inundación da demarcación hidrográfica de Galicia Costa

CSV: BOPRSDBDGKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

que teñan por obxecto a recuperación ou restauración da hidromorfoloxía da canle alterada por obras ou actividades realizadas no seu contorno, e que teñan por finalidade a protección fronte ao risco de inundación, non será necesario recabar licencias, autorizacións ou informes sectoriais preceptivos que sexan competencia da Comunidade Autónoma ou das entidades locais, nin someter o proxecto a exposición pública sobre a consideración do interese público superior en defensa da saúde e seguridade públicas que demanda a inmediata execución da obra para reducir os riscos identificados.

2. Para os efectos do indicado no número anterior, o interese público superior na protección fronte ao risco de inundación deberá ser apreciado por resolución da Presidencia de Augas de Galicia, debendo valorarse especialmente a ameaza que a materialización do risco puidera ter para persoas e bens, infraestruturas públicas ou núcleos de poboación.»>>

Emenda n º 30, de Modificación. Artigo 21

Substitúese o Artigo 21 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 que quedará redactado como segue:

<<Artigo 21. Modificación da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia

A Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, queda modificada como segue:

“Un. Engádese un novo apartado e) ao número 2 do artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

“e) A corta e retirada e as podas das árbores e/ou outras especies vexetais mortas ou que supoñan un risco para a seguridade das persoas ou bens e

CSV: BOPRSDBOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a retirada de especies vexetais e o clareo de árbores ata un 35 por cento, agás nos hábitats prioritarios e o disposto na normativa de aplicación para especies exóticas invasoras".

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 19, que queda redactado como segue:

"5. Regulamentariamente determinaranse as clases de licenza, a súa vixencia e o procedemento para o seu outorgamento. A vixencia das licenzas para persoas maiores de 65 anos terá carácter indefinido."

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 20, que pasa a ter a seguinte redacción:

"2. Quedarán exentas do pagamento de taxas para a obtención da licenza de pesca continental as persoas menores de idade ou maiores de sesenta e cinco anos e as persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% acreditada mediante declaración responsable no momento da súa expedición.

Catro. Engádese o número 5 ao artigo 77, coa seguinte redacción:

"5. Cando o xustifique a debida adecuación entre a sanción que deba aplicarse coa gravidade do feito constitutivo da infracción e as circunstancias concorrentes, o órgano competente para resolver poderá impoñer a sanción no grao inferior.

Constitúe circunstancia que atenúa a responsabilidade das persoas ou entidades infractoras a reparación total ou parcial do dano causado ou a corrección da situación creada pola comisión da infracción, con anterioridade á finalización do procedemento administrativo sancionador">>

CSV: BOPGDSDBOGXBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 31, de Adición. Artigo 24 bis

Engádese un novo artigo 24 bis (ao inicio da Sección 2ª do Capítulo VI), do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, coa seguinte redacción:

<<Artigo 24 bis. Modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia

«Modifícase o artigo 22 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, que queda redactado do seguinte xeito:

1. O Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia terá a seguinte composición:

a) A persoa que ostente a presidencia da Axencia Galega de Innovación, en calidade de presidente ou presidenta do Consello Asesor.

b) A persoa que ostente a dirección da Axencia Galega de Innovación.

c) Doce persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos científico, técnico, empresarial e de políticas públicas.

d) Un funcionario ou unha funcionaria ao servizo da Axencia Galega de Innovación actuará nas reunións como secretario ou secretaria do Consello Asesor, con voz pero sen voto.

2. Na designación das persoas titulares procurarase a presenza equilibrada entre mulleres e homes.

3. O nomeamento das persoas integrantes do Consello Asesor en Investigación e Innovación corresponde á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación.

4. A duración do mandato será de catro anos, con posibilidade de reelección.

CSV: BOPSDBOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

5. A pertenza ao Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia non será remunerada.

6. A adscrición, composición e funcións do Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia rexeranse polo disposto na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia. O seu funcionamento e operativa interna rexeranse polo disposto na sección 3ª sobre órganos colexiados recollida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.»>>

Emenda n º 32, de Modificación. Artigo 26

Modifícase o artigo 26.Tres, que quedará redactado co seguinte texto:

<<Tres. Modifícase o artigo 13, que queda redactado como segue:

«Artigo 13. Estrutura do plan de convivencia
1. O plan de convivencia presentará, como mínimo, a seguinte estrutura:

a) A contextualización e xustificación do plan.

b) A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.

c) Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa, que incluirán indicadores que permitan orientar o seu logro e avaliación, así como a descrición das accións concretas para desenvolver os obxectivos do plan que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.

d) Procedemento de seguimento do plan.

e) Procedemento de avaliación e para a concreción de propostas de mellora do plan de convivencia.

CSV: BOPRSDTEDCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

f) Estratexias para realizar a comunicación e a difusión do plan de convivencia.

2. Tamén formará parte do plan de convivencia:

a) O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

b) As normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección **do** incumprimento destas.

c) O establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011, do 30 de xuño, e demais normativa que sexa de aplicación.

d) As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.

e) Os mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.>>

Emenda n º 33, de Modificación. Artigo 27

Substitúese o contido do artigo 27 Dous do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 polo seguinte texto:

«Dous. Engádese un Título XI, coa seguinte redacción:

CSV: BOPSDBDGKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

«TÍTULO XI.Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia

CAPÍTULO I.Disposicións xerais

Artigo 98. Inicio do procedemento

1. O procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (en adiante, SAAD), iniciarase a instancia da persoa que poida estar afectada por algún grao de dependencia ou de quen ostente a súa representación.

2. Na mesma solicitude a persoa interesada poderá solicitar o recoñecemento do grao de dis-capacidade que corresponda dando lugar á tramitación dun único procedemento que rematará nunha única resolución e no que se observará, en todo caso, a normativa estatal de aplicación en materia de dependencia e discapacidade.

3. As solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade que se formulen á marxe do procedemento de recoñecemento do grao de dependencia regulado nesta lei, rexeranse pola normativa que regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Artigo 99. Solicitude e documentación complementaria

1. A solicitude axustarase ao modelo normalizado dispoñible na sede electrónica e deberá acompañarse da documentación acreditativa da representación no seu caso.

2. No suposto de consentir expresamente a consulta de datos por parte da Administración no modelo de solicitude, non será necesaria a achega de ningunha outra documentación que obre en poder das administracións públicas e poida ser consultada ou recabada pola administración autonómica.

CSV: BOPS/D/BOGKB9VIQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Artigo 100. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes poderán presentarse:

a) Preferentemente de forma electrónica, a través dos modelos normalizados dispoñibles na sede electrónica (https://sede.xunta.gal).

b) Presencialmente, no rexistro do concello ao que correspondan os servizos sociais comunita-rios do domicilio da persoa solicitante ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As persoas traballadoras sociais da Xunta de Galicia e das entidades locais actuarán como profesionais de referencia das persoas interesadas, informándoas e orientándoas en relación cos trámites do procedemento e as modalidades de recurso máis axeitado en atención ás súas circunstancias, asistíndoas no curso do procedemento e efectuando o seguimento do mesmo. Así mesmo, asistirán ás persoas que o requiran na cumprimentación e presentación da solicitude.

Artigo 101. Tramitación prioritaria

Tramitaranse prioritariamente as solicitudes de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do SAAD e, no seu caso, as de recoñecemento do grao de discapacidade que se integren no dito procedemento, cando se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Emerxencia social. Entenderase que existe emerxencia social cando da documentación dispoñible, se deduza unha desprotección grave a nivel persoal e de saúde, social e/ou familiar, que requira unha intervención inmediata e ineludible para evitar que a dita situación supoña un risco grave para a vida da persoa solicitante.

CSV: BOPRSDBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

b) Que a persoa interesada sexa menor de 3 anos ou maior de 80.

c) Que a persoa interesada padeza esclerose lateral amiotrófica (ELA), ataxias rapidamente progresivas, distrofias musculares, escleroses múltiples de evolución rápida, enfermidades metabólicas con trastornos motores ou neoplasias en estadio IV.

Artigo 102. Emenda da solicitude

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos ou non se acompañase da documentación preceptiva, requiririase á persoa solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistida da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 103. Valoración

1. A valoración da situación de dependencia e, no seu caso de discapacidade, levarase a cabo mediante a aplicación dos baremos correspondentes, de conformidade co establecido na normativa estatal de dependencia e discapacidade respectivamente.

A estes efectos, no caso de que a persoa solicitante o consentira na solicitude, o órgano competente en materia de dependencia solicitará de oficio aos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde o informe de saúde necesario para realizar a valoración.

2. A aplicación do baremo da dependencia e, no seu caso o de discapacidade, corresponderalle ao persoal técnico de valoración,

CSV: BOPISDBDGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

formado por profesionais da área sanitaria e social dependentes dos departamentos territoriais da consellería competente en materia de servizos sociais. Tamén poderá ser aplicado por profesionais da área social da consellería competente en materia de sanidade que presten servizos no municipio onde resida a persoa solicitante ou nou-tro próximo a el, así como, a través do correspondente instrumento de colaboración formaliza-do cos respectivos concellos, polas persoas traballadoras sociais destes.

3. Os baremos establecidos normativamente aplicaranse tendo en conta a contorna habitual da persoa solicitante. En particular, naqueles supostos nos que, á vista dos informes existentes, se poida determinar claramente que a súa situación é compatible co maior grao de dependencia, poderase realizar a súa valoración tendo en conta unicamente a documentación que figura no expediente.

4. Só será obrigatoria a comparecencia das persoas nas oficinas públicas dos equipos técnicos de valoración, tanto presencial como telematicamente, cando se considere imprescindible tec-nicamente para efectuar a valoración, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. No caso de que se solicite o recoñecemento do grao de discapacidade xunto co de depen-dencia, os órganos competentes en materia de discapacidade e dependencia haberán de coordinarse para que se realice unha única valoración.

Artigo 104. Equipos técnicos de valoración

1. Os equipos técnicos de valoración estarán adscritos á dirección territorial que en cada caso corresponda, sen prexuízo das funcións de

CSV: BOPSDBOCKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

coordinación atribuídas ás persoas titulares das xefa-turas dos servizos territoriais correspondentes.

2. Cada equipo técnico de valoración estará integrado por un mínimo de tres profesionais. Os equipos técnicos de valoración deberán contar na súa composición, en todo caso, con profesio-nais da área sanitaria e con profesionais da área social, con titulación mínima de grao universitario ou equivalente.

3. As persoas titulares dos servizos de dependencia e discapacidade dos departamentos territoriais poderán dispoñer a actuación conxunta ou individual do persoal técnico de valoración e do persoal asignado aos equipos técnicos de valoración en determinados asuntos ou categorías deles, así como reorganizar os equipos técnicos de valoración e tomar parte nas súas reunións por razóns de impulso e axilización dos procedementos, coordinación, reparto ou distribución do traballo, ou pola natureza ou complexidade das materias, calquera que sexa, no seu caso, a unidade á que estivera organicamente atribuído o coñecemento do asunto.

Artigo 105. Funcións dos equipos técnicos de valoración

Serán funcións dos equipos técnicos de valoración:

a) Revisar a información sanitaria, o informe social, de ser o caso, e a restante documentación que conste no expediente ou calquera outra información complementaria e necesaria para os efectos de desenvolver a valoración.

b) Solicitar, cando as circunstancias concorrentes así o aconsellen, un informe dos servizos sociais co obxecto de valorar a situación socio familiar da persoa solicitante.

CSV: BOPSDEOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

c) Propoñer ditame sobre o grao de dependencia e, de ser o caso, identificar os servizos, recursos e prestacións máis axeitados, atendendo ás preferencias da persoa solicitante. Tamén deberá pronunciarse sobre o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacida-de, cando así se solicitara.

d) Emitir aqueles informes que lles soliciten as administracións públicas en materia de valora-ción da situación de dependencia, así como do Programa individual de atención e de discapacidade.

e) Impulsar medidas formativas en materia de dependencia e discapacidade.

f) Aqueloutras funcións que lles sexan atribuídas no ámbito do asesoramento e avaliación.

Artigo 106. Ditame-proposta sobre o grao de dependencia e discapacidade

1. Os equipos técnicos de valoración emitirán un ditame-proposta que terá en conta o informe de saúde, as valoracións efectuadas polo persoal técnico, o resultado da aplicación do baremo da dependencia e o informe socio familiar dos servizos sociais, de ser o caso, e recollerá a identificación dos servizos, recursos e prestacións máis axeitados, atendendo ás preferencias da persoa solicitante.

2. O ditame-proposta conterá, como mínimo:

a) Diagnóstico, puntuación do baremo, grao de dependencia.

CSV: BOPSDBDGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

b) Carácter permanente ou revisable do grao de dependencia de acordo co seguinte:

1º. No caso de menores de 3 anos, a valoración terá carácter non permanente e estableceranse revisións de oficio periódicas cando os/as menores fagan 6, 12, 18, 24 e 30 meses. Aos 36 meses todos/as os/as menores deberán ser de novo avaliados/as co baremo recoñecido normativamente aplicable para a súa idade.

2º. No caso de menores de idade a partir de 3 anos, estableceranse revisións a realizar de ofi-cio, como mínimo unha revisión por cada tramo de idade en que se divide o baremo, segundo os criterios establecidos no Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de de-cembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

3º. Nos demais casos, establecerase un prazo máximo en que se deberá efectuar a primeira revisión do grao resolto cando sexa necesario, en función das circunstancias concorrentes.

3. No caso de que se tivera solicitado o recoñecemento da discapacidade, os ditames-proposta dos equipos técnicos de valoración pronunciaranse en particular sobre este extremo, tendo en conta a información e elementos indicados no número 1. Nestes casos, o contido do ditame-proposta axustarase ao establecido na normativa de discapacidade.

Artigo 107. Programa individual de atención

1. Cando o ditame-proposta propoña o recoñecemento da situación de dependencia, os servizos territoriais da consellería con competencias en materia de servizos sociais procederán a elaborar o Programa individual de atención, no cal se determinarán as modalidades e intensidades de

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

intervención máis adecuadas en atención ás necesidades e ao grao de dependencia proposto.

2. O Programa individual de atención terá en conta as expectativas ou necesidades de atención a través dos servizos ou das prestacións económicas do Sistema para a autonomía e atención á dependencia manifestadas pola persoa interesada.

3. O Programa individual de atención incluirá o recurso asignado do Sistema para a autonomía e atención á dependencia e, de ser o caso, aquel ou aqueles recursos que lle correspondan ao interesado mentres non se produza a efectividade do recurso asignado.

No caso dos servizos, indicará a participación da persoa beneficiaria no seu custo e, no caso das prestacións económicas, indicará as contías e data e inicio destas.

CAPÍTULO II. Revisión do grao de dependencia e do Programa individual de atención

Artigo 108. Causas de revisión do grao de dependencia e do Programa individual de atención

1. O grao de dependencia será revisable polas causas establecidas no artigo 30 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, a revisión do grao de discapacidade, cando así se solicite ao instar a revisión do grao de dependencia, procederá nos supostos establecidos no artigo 12 do Real decreto 888/2022, do 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

CSV: BOPGDSDBDCKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

2. En todo caso, o grao de dependencia revisarase nos seguintes supostos:

a) No caso de menores de 3 anos, cando os/as menores fagan 6, 12, 18, 24 e 30 meses. Aos 36 meses todos/as os/as menores deberán ser de novo avaliados/as co baremo recoñecido norma-tivamente aplicable para a súa idade.

b) No caso de menores de idade a partir de 3 anos realizarase de oficio unha revisión por cada tramo de idade en que se divide o baremo, segundo os criterios establecidos no Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

c) Cando as persoas valoradas presenten unha dependencia de carácter permanente, derivada da idade, a enfermidade ou a discapacidade e teñan posibilidades razoables de mellorar o grao de severidade de dependencia valorado.

d) Cando o propio proceso evolutivo e/ou madurativo, a adaptación a novas situacións, a aparición de novas medidas terapéuticas ou a estabilización poida producir un cambio da situación de dependencia valorada.

e) Cando o equipo técnico de valoración indique a conveniencia de incorporar produtos de apoio e/ou medidas de mellora da accesibilidade do contorno entre os coidados que poida requirir a persoa en situación de dependencia.

CSV: BOPS/D/BOCKB5VIQ1KQ2HPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

f) Nos demais casos, no prazo máximo que se estableza na resolución de recoñecemento, en función das circunstancias concorrentes.

3. O Programa individual de atención revisarase nos seguintes supostos:

a) Cando se produza unha revisión do grao de dependencia recoñecido, sempre que esta implique unha modificación das prestacións económicas ou dos servizos recibidos.

b) Polo traslado de residencia á Comunidade Autónoma de Galicia desde outra comunidade autónoma.

c) Cando existan circunstancias obxectivas que aconsellen a súa revisión.

d) Por proposta do persoal traballador social responsable do seguimento do Programa individual de atención.

Artigo 109. Procedemento de revisión

1. O procedemento de revisión do grao de dependencia e do Programa individual de atención poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa interesada, mediante o correspondente modelo normalizado dispoñible na sede electrónica, dirixido ao órgano do departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais do domicilio da persoa interesada. Na mesma solicitude poderá solicitar tamén a revisión do grao de discapacidade.

2. Con carácter xeral, o procedemento para a revisión do grao de dependencia e do grao de discapacidade, cando se solicite

CSV: BOPS/D/BOGKB9VIQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

conxuntamente con aquel, requirirá unicamente a actualización do informe de saúde da persoa interesada e a emisión do ditame-proposta do equipo técnico de valoración. Nos casos de revisión do Programa individual de atención, cando as circunstancias concorrentes así o aconsellen o equipo técnico de valoración poderá solicitar, con carácter previo á emisión do seu ditame-proposta, un informe dos servizos sociais co obxecto de valorar a situación socio familiar da persoa.

3. O ditame-proposta do equipo técnico de valoración emitirase tendo en conta o informe de saúde actualizado e o informe do contorno sociofamiliar emitido polos servizos sociais, de ser o caso, e recollerá o grao resultante da revisión e a identificación dos servizos, recursos e prestacións máis axeitados, cando sexa preciso modificalos en atención ás novas circunstancias.

CAPÍTULO III.Disposicións comúns ao procedemento de recoñecemento e revisión da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do SAAD

Artigo 110. Resolución

1. A persoa titular do departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais ditará a correspondente resolución que, no seu caso, determinará o grao de dependencia da persoa solicitante e aprobará o Programa individual de atención.

2. A resolución indicará, no seu caso, o carácter permanente ou revisable do grao de dependencia e determinará, cando proceda, o prazo máximo en que se deba efectuar a revisión.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución en materia de dependencia será de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa

CSV: BOPGSDEOCKBSWIQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tramitación.

4. No caso de que tamén se solicitara o recoñecemento do grao de discapacidade a resolución deberá pronunciarse sobre ambos extremos e axustarase, no referido a este, ao establecido na normativa de discapacidade. O prazo máximo de 6 meses para notificar e resolver previsto no número anterior será de aplicación ás solicitudes de recoñecemento de grao de discapacidade que se formulen xunto coas de dependencia, tramitándose no mesmo procedemento. O reco-ñecemento do grao de discapacidade entenderase producido dende a data de presentación da solicitude. Na resolución deberá figurar expresamente a data en que deba ter lugar a revisión, salvo que sexa definitivo.

Artigo 111. Efectividade do dereito ás prestacións económicas en materia de dependencia

1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas producirase a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data da resolución en que se recoñeza a concreta prestación económica.

2. No caso de que se dite e notifique a resolución, de contido estimatorio, unha vez transcorrido o prazo de seis meses desde a presentación da solicitude, a efectividade do dereito ás presta-cións económicas producirase, con carácter retroactivo, a partir do primeiro día do mes se-guinte á data en que se cumpra o indicado prazo máximo.

3. Non obstante, nos supostos de persoas solicitantes menores de tres anos, os efectos económicos produciranse nos casos previstos nos números 1 e 2 desde o primeiro día do mes seguinte á data de entrada da solicitude.

Artigo 112. Reclamación administrativa previa

De conformidade co establecido no artigo 71.2 da Lei 36/2011, do 10 de

CSV: BOPRSDEOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

outubro, da xurisdición social, contra a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, do dereito ás prestacións do SAAD, da súa revisión e, no seu caso, de recoñecemento de discapacidade, e da súa revisión, a persoa interesada poderá interpoñer, no prazo de trinta días desde a súa notificación, reclamación previa á vía xurisdicional social.

De conformidade co establecido no artigo 71.5 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, formulada reclamación previa, o órgano competente deberá contestar expresamente á mesma no prazo de corenta e cinco días. En caso contrario entenderase denegada a reclamación por silencio administrativo.

CAPÍTULO IV.Coordinación

Artigo 113. Coordinación

De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Administración autonómica poderá crear comisións sectoriais específicas ou grupos de traballo dos cales formen parte os órganos da Administración autonómica entre os que exista interrelación competencial ou funcional na materia, así como as entidades locais, coa finalidade de impulsar instrucións, acordos e protocolos de actuación conxunta.

Artigo 114. Procedementos de coordinación sociosanitaria

1. En cumprimento do disposto no artigo 11.1º.c) da Lei 39/2006, do 14 de decembro, as consellerías competentes en materia de saúde e de servizos sociais velarán pola coordinación entre o Sistema público de servizos sociais e o sistema de saúde, para garantir unha efectiva atención ás persoas en situación de dependencia.

2. Para estes efectos, as consellerías indicadas no número anterior formalizarán un protocolo de coordinación de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, no que se articulará a relación orgánica e funcional entre elas co obxecto de establecer as vías

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

de solicitude dos informes de saúde, o formato destes, os tempos de emisión, e os mecanismos e comisións de seguimento do cumprimento do protocolo, co obxecto de asegurar que o persoal técnico e os equipos técnicos de valoración dispoñan dos informes con tempo suficiente para cumprir os prazos procedimentais.

3. Aos efectos de asegurar a máxima axilidade e eficacia nos informes de saúde nos procedementos de dependencia e discapacidade, a consellería competente en materia de sanidade, poderá acudir a convenios ou acordos coas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 82.4.e) do Real Decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social e demais normativa estatal aplicable.»

Emenda n º 34, de Modificación. Artigo 28

Modifícase o artigo 28 que queda redactada como segue:

<<Artigo 28. Modificación do Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación

Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 4 do Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación, que queda redactada do seguinte xeito:

«b) Emitir ditames no eido dos servizos sociais, por instancia da consellería competente en materia de servizos sociais.»>>

Emenda n º 35, de Modificación. Artigo 36

Substitúese o Artigo 36, número Un, que pasa a ter a seguinte redacción:

CSV: BOPRSDBDGKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

<<Artigo 36. Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia

Modifícase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactada como segue:

Un. Modifícase o artigo 8, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 8. Composición

1. O Consello da Minaría de Galicia estará composto polas seguintes persoas:

a) Presidencia: a persoa titular da consellería competente en materia de minas ou a persoa en quen delegue.

b) Vicepresidencia: a persoa titular do centro directivo competente en materia de minas ou a persoa en quen delegue.

c) Secretaría: a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Minerais ou a persoa en quen delegue.

d) Vogalías. O Consello incluirá ás seguintes persoas vogais:

1º Unha persoa representante da consellería competente en materia de minas.

CSV: BOPSDBDGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

2º Unha persoa representante da consellería competente en materia de industria.

3º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de planificación enerxética.

4º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de seguridade e saúde laboral.

5º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de saúde pública.

6º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de patrimonio natural.

7º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de patrimonio cultural.

8º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de dominio público hidráulico.

9º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de ordenación do territorio.

CSV: BOPSDBOKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

10º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de planificación de extensión agraria.

11º Unha persoa representante do centro directivo da administración autonómica competente en materia de planificación e ordenación forestal.

12º Unha persoa representante dos concellos mineiros galegos, designada por acordo dos concellos que teñan recoñecida a devandita condición.

13º Unha persoa representante de cada un dos colexios profesionais de enxeñeiros de minas, enxeñeiros técnicos de minas e **xeólogos**, en cuxo ámbito territorial de actuación se atope a Comunidade Autónoma de Galicia.

14º Unha persoa representante da asociación con maior representatividade en Galicia do sector da lousa.

15º Unha persoa representante da asociación con maior representatividade en Galicia do sector do granito.

16º Unha persoa representante da asociación con maior representatividade en Galicia do sector dos áridos.

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

17º Unha persoa representante da asociación con maior representatividade en Galicia do sector das augas minerais.

18º Unha persoa representante da asociación con maior representatividade en Galicia do sector dos balnearios.

19º Unha persoa representante da asociación con maior representación en Galicia do sector dos materiais cerámicos.

20º Tres persoas representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

21º Tres persoas representantes das organizacións sindicais intersectoriais máis representativas na Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación do previsto pola Lei 17/2008, do 29 de decembro, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

22º Tres persoas representantes das organizacións ou asociacións empresariais intersectoriais máis representativas na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto na Lei 17/2008, do 29 de decembro.

2. O Consello poderá acordar, por maioría simple, que ás súas sesións asistan outras persoas en representación dos órganos, colexios profesionais, asociacións ou organizacións sindicais e empresariais cuxa

CSV: BOPRSDBDGKBSWQRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

asistencia se considere necesaria ou conveniente para tratar os asuntos incluídos na orde do día. As devanditas persoas poderán asistir ás sesións do Consello e ser escoitadas, pero non poderán participar nas deliberacións e, de ser o caso, as votacións.

Ademais, as persoas integrantes do órgano colexiado poderán contar co asesoramento das persoas técnicas nas distintas materias que se considere conveniente, para a correcta realización das súas funcións. As devanditas persoas poderán asistir ás sesións do Consello e ser escoitadas, pero non poderán participar nas deliberacións e, de ser o caso, as votacións.

3. Os membros e a persoa que exerza a secretaría do Consello serán nomeados e separados pola persoa titular da consellaría competente en materia de minas, por proposta das correspondentes consellarías, órganos administrativos ou organizacións representativas de intereses sociais.

Na súa composición procurarase a presenza equilibrada entre mulleres e homes.

A duración do mandato será de catro anos para os membros e os suplentes que non actúen en representación da Administración autonómica.

4. O Consello reunirase, cando menos, unha vez ao ano, mediante convocatoria da persoa titular da súa presidencia. Ademais, poderá reunirse cantas veces se considere necesario, por instancia da mesma persoa ou por solicitude de, polo menos, un terzo dos seus membros.

5. O Consello establecerá, no marco deste artigo, o seu propio regulamento de organización e funcionamento.

6. O Pleno do Consello da Minaría de Galicia poderá crear no seu seo os grupos de traballo que considere conveniente.»>>

CSV: BOPRSDBDGKBSWQ1KQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 36, de Modificación. Artigo 41

Modifícase o artigo 41do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, que queda coa seguinte redacción:

<<Artigo 41. Modificación da Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia

Modifícase a Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia, no seguinte senso:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 8, que pasa a ter a seguinte redacción:

5. O sistema de control de acceso deberá estar operativo en cada unha das entradas das que dispoña o establecemento, que deberá dispoñer dun sistema informático destinado á comprobación dos datos das persoas que pretendan acceder aos ditos establecementos de xogo a fin de impedir o acceso a quen o teña prohibido consonte o disposto nas letras a) e b) do número 1 do artigo 9. O dito sistema informático deberá permitir dispoñer de información actualizada das persoas inscritas no Rexistro de persoas excluídas de acceso ao xogo de Galicia, para o cal estableceranse mecanismos de conexión e interoperabilidade respecto da información que conste no dito rexistro e deberá respectar o disposto na normativa en materia de protección de datos.

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 14, que pasa a ter a seguinte redacción:

5. Así mesmo, as autorizacións de explotación de máquinas de xogo cuxo número total para cada tipo se atope limitado na presente lei ou na normativa de desenvolvemento, outorgaranse por concurso

CSV: BOPS/DEOCKBSWDKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

público consonte o procedemento que se estableza regulamentariamente.

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 37, que pasa a ter a seguinte redacción:

1. Requirirán autorización previa do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo as modificacións que impliquen unha alteración substancial dos planos achegados no seo do procedemento de autorización de instalación dos establecementos de xogo aos que se refire o artigo 29.2, e deberán achegarse coa solicitude correspondente os novos planos de reforma redactados por un técnico ou técnica competente e visados polo colexio oficial correspondente, nos supostos en que proceda.

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 38, que pasa a ter a seguinte redacción:

2. Entenderase que a actividade de xogo resulta meramente marxinal e complementaria cando o número de terminais físicos de xogo instalados no establecemento non supere o número de 2 e non sexan do mesmo tipo.

Cinco. Modifícase a disposición transitoria segunda, que queda redactada do seguinte xeito:

Disposición transitoria segunda. Vixencia transitoria dos regulamentos de xogo

Ata que o Consello da Xunta de Galicia non faga uso da facultade á que se refire a disposición derradeira cuarta seguirán en vigor as normas regulamentarias sobre xogo en todo o que non se opoña a esta lei.

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Seis. Engádese unha disposición transitoria novena, coa seguinte redacción:

Disposición transitoria novena. Réxime transitorio aplicable ás autorizacións de instalación e localización de máquinas de xogo de tipo B en establecementos de restauración e de ocio e entretemento

A limitación da tipoloxía de máquinas de xogo establecida na definición do carácter meramente marxinal e complementario da actividade de xogo recollida no artigo 38.2, non se aplicará ás autorizacións de instalación e localización de máquinas de xogo de tipo B concedidas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2025.>>

Emenda n º 37, de Modificación. Artigo 51

Modifícase o artigo 54 que queda redactado como segue:

<<Artigo 51. Os instrumentos de desenvolvemento e execución

1. O desenvolvemento e execución dos proxectos de interese autonómico regulados nesta subsección levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos:

a) Proxecto de delimitación de fases de urbanización.

b) Proxecto de urbanización.

c) Proxecto de parcelamento ou proxecto de reparcelamento.

2. Os proxectos de interese autonómico obxecto desta **subsección** poderán incorporar como anexos independentes calquera dos

CSV: BOPRSDTEDCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

instrumentos de desenvolvemento e execución enumerados no número 1, o que comportará a súa tramitación e aprobación conxunta.

3. A modificación dos instrumentos de desenvolvemento e execución incorporados como anexos a un proxecto de interese autonómico para solo residencial de promoción pública poderá realizarse de xeito independente, sen necesidade de proceder á modificación do proxecto.>>

Emenda n º 38, de Modificación. Artigo 54

Modifícase o artigo 54 que queda redactado como segue:

<<Artigo 54. Proxectos de parcelamento ou proxectos de reparcelamento

1. Os proxectos de parcelamento ou de reparcelamento son instrumentos de execución dos proxectos de interese autonómico de desenvolvemento de solo residencial que teñen por obxecto posibilitar o parcelamento ou o reparcelamento dunha ou varias fases de solo, mediante a segregación ou división de terreos, logo da súa agrupación, de ser o caso, co fin de facilitar os ámbitos de utilización propia do solo residencial.

2. Os proxectos previstos neste artigo realizarán a división ou a segregación dos terreos afectados pola fase de urbanización correspondente, previa agrupación, de ser o caso, co obxectivo de levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propia do solo residencial e a implantación das obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viarios existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

3. A aprobación dos proxectos de parcelamento ou de reparcelamento deberá axustarse aos trámites previstos **nesta subsección** para os proxectos de delimitación de fases de urbanización.

CSV: BOPS/D/BOGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. A aprobación definitiva dos proxectos previstos neste artigo permitirá a inscrición do parcelamento ou do reparcelamento no Rexistro da Propiedade de conformidade coa lexislación estatal de aplicación, sen necesidade de licenza municipal nin declaración de innecesariedade desta, por tratarse dun acto de desenvolvemento dun instrumento de ordenación ou execución urbanística para os efectos do artigo 65 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado por Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, ou norma que o substitúa.

5. A afección dos predios resultantes do parcelamento ou do reparcelamento como garantía da execución das obras de urbanización quedará unicamente limitada á execución das obras correspondentes á fase de urbanización en que estea situado o predio.>>

Emenda n º 40, ao apartado Dezaseis, de Modificación. Artigo 61

Modifícase o apartado dezaseis do artigo 61 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. Procedementos de cualificación e réximes de protección pública anteriores á entrada en vigor desta lei

1. Os procedementos de cualificación de vivenda protexida iniciados antes da entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse conforme á normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

2. As vivendas cualificadas definitivamente conforme a calquera réxime de protección pública con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse polo disposto na súa normativa específica. Seralles en todo caso aplicable o indicado no artigo 66.

CSV: BOPSDBDCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

3. A duración do réxime de protección prevista no artigo 60.1 será aplicable ás vivendas protexidas de promoción pública de titularidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo que, con independencia da súa data de cualificación, estean adxudicadas en réxime de alugamento ou ocupación temporal, así como ás que se encontren vacantes ou se recuperen polo dito organismo.»

Emenda n º 39, ao apartado Oito, de Modificación. Artigo 61

Modifícase o apartado oito do artigo 61 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, que queda coa seguinte redacción:

<<Oito. Modificase o número 2 e engádense os números 4 e 5 ao artigo 72, co seguinte teor literal:

«2. O prezo de adxudicación dos solos de titularidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo e das entidades participadas maioritariamente polo sector público autonómico, será o fixado nos correspondentes pregos que rexen o concurso público de adxudicación, garantindo a viabilidade económica da promoción, en atención aos prezos máximos das vivendas protexidas, á súa localización e ao réxime ao que se destinen ás vivendas que se edifiquen sobre os ditos solos.»

«4. No caso de que os concellos cedan gratuitamente ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, ou as entidades participadas maioritariamente polo sector público autonómico, o solo preciso para a promoción de vivendas protexidas de promoción pública, poderá cederse aos concellos en cuestión, como única contraprestación e sempre que así o soliciten, a totalidade ou parte dos locais comerciais que, de ser o caso, se constrúan na devandita promoción pública.

CSV: BOPGDSDBDGXBSWDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Igualmente, neste suposto tamén poderá adxudicarse directamente en venda aos concellos ata un 20% das vivendas protexidas de promoción pública resultantes e os seus anexos, polo prezo do seu custo de construción. A indicada porcentaxe calcularase para cada concreta promoción en función da situación económico-social das persoas adxudicatarias.

Para proceder a esta adxudicación directa é preciso que o concello o solicite expresamente, acreditando a necesidade de dispor destas vivendas para atender os casos de especial necesidade. Unha vez constatada a conveniencia da medida, corresponderá á Presidencia do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ou ao consello de administración da entidade participada polo sector público autonómico, acceder ao alleamento solicitado.

5. No caso de locais comerciais situados nun solo desenvolto por un promotor público ou destinado polo planeamento a vivenda protexida, cando a persoa adxudicataria do local pretenda modificar o uso comercial por un uso residencial deberá, con carácter previo, cumprir cos seguintes requisitos:

a) Deberá solicitar e obter a pertinente autorización de cambio de uso ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

b) A vivenda resultante deberá ser cualificada como vivenda protexida, previa constatación do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa en vigor.»>>

Emenda n º 41, de Modificación. Artigo 78

CSV: BOPSDEOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

PARLAMENTO DE GALICIA

Modifícase oArtigo 78, número dous, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 que queda redactado como segue:

<<Dous. Modifícase o artigo 35, que queda redactado como segue:

1. As delegacións territoriais estruturaranse en departamentos territoriais, que, sen prexuízo da súa integración nelas para os efectos de coordinación, dependerán orgánica e funcionalmente das consellarías que correspondan por razón da materia.

2. Os departamentos territoriais son os órganos de exercicio das competencias administrativas de cada unha das consellarías, co alcance que se lles atribúa na estrutura orgánica da consellaría e demais normativa aplicable ou que se lles delegue, e estarán integrados por aqueles servizos, áreas ou unidades que sexan necesarios para unha maior eficacia da xestión administrativa.

3. Á fronte dos departamentos territoriais estarán os directores ou directoras territoriais, que, ademais das funcións que deriven do establecido no número anterior, asumirán as seguintes competencias, sen prexuízo das atribuídas aos delegados territoriais:

a) Representar oficialmente a consellaría ante as autoridades, os organismos e as entidades provinciais e locais.

b) Dirixir, coordinar e impulsar a política da consellaría na provincia.

c) Dirixir e exercer a supervisión, a coordinación e o seguimento das actividades dos servizos do departamento territorial.

4. Agás que unha norma dispoña o contrario, os actos dos directores ou directoras territoriais non poñen fin á vía administrativa e serán impugnables en alzada perante os conselleiros ou conselleiras de que dependan.

CSV: BOPSDBDGKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

5. O director ou directora territorial será substituído/a, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, pola persoa que designe o conselleiro ou conselleira de que dependa.

6. O nomeamento e a separación dos directores ou directoras territoriais efectuarao libremente a persoa titular da consellaría respectiva, entre funcionarios e funcionarias de carreira dos grupos A1 ou A2, ou, atendendo a criterios de competencia profesional ou experiencia, entre persoas que reúnan os requisitos que en cada caso se consideren adecuados para o desenvolvemento da función.

7. Será de aplicación ás persoas titulares dos departamentos **territoriais** o réxime de **incompatibilidades** establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

8. O persoal funcionario de carreira da Comunidade autónoma de Galicia **e o persoal funcionario das entidades locais galegas** que sexa nomeado para desempeñar un posto de director/a territorial **quedará en** situación de servicios **especiais** no corpo o escala ao que pertenza. O persoal laboral fixo será declarado na situación que corresponda segundo o **disposto no artigo 46 do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro,** e o convenio colectivo de aplicación.»

Emenda n º 42, ao apartado 3 e 4, de Modificación. Disposición adicional primeira

Modifícanse exclusisvamente os números 3 e 4 da Disposición adicional primeira do Proxecto de Medidas Fiscais e Administrativas que quedan redactados como segue:

<<Disposición adicional primeira. *Fomento do Polo de desenvolvemento da biotecnoloxía de Galicia*

CSV: BOPRSDBDGKBSWQKQDPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Os fins xerais do polo serán os seguintes:

a) Fomentar a investigación básica e aplicada, o desenvolvemento tecnolóxico, as transferencias de resultados da investigación e a innovación nas fases temperás en Galicia no ámbito da biotecnoloxía.

b) Favorecer a mellora tecnolóxica, no sector da biotecnoloxía, en base á transferencia e valorización dos resultados de investigación.

c) Potenciar a implantación na área de influencia do polo de novas iniciativas baseadas na capacidade tecnolóxica-industrial, a transferencia e a valorización de resultados da investigación que contribúan a impulsar unha cultura baseada na investigación e desenvolvemento e que aporten riqueza sostible ao territorio.

d) Estimular e apoiar a formación de persoal científico, investigador e xestor da innovación e transferencia en Galicia e contribuír á creación dun ambiente adecuado para o desenvolvemento das súas carreiras profesionais.

e) Favorecer a coordinación das políticas, dos plans e dos programas en materia de investigación, transferencia de resultados, valorización da investigación da Administración xeral e do resto do sector público autonómico de Galicia cos da Administración General del Estado, así como cos emanados da Unión Europea.

f) Favorecer a internacionalización da investigación científica, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación nas súas fases temperás, especialmente no ámbito da Unión Europea.

4. Con base nos indicados fins, poderanse realizar, en particular, as seguintes actuacións:

a) Formalización de convenios coas Administracións Públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación e con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, ao amparo do establecido no artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, **para a realización**

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica; creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación e transferencia de resultados, e infraestruturas científicas; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e transferencia dos resultados da investigación.

b) Atracción e fomento de investimentos para o desenvolvemento tecnolóxico do sistema galego de investigación especialmente no eido da biotecnoloxía.

c) Mellora dos servizos públicos mediante o uso da biotecnoloxía.

d) Aquelas tendentes á imbricación do polo ao sistema da biotecnoloxía europeo e mundial.>>

Emenda n º 43, de Supresión. Disposición adicional cuarta

Suprímese aDisposición adicional cuarta, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025.

Emenda n º 44, de Modificación. Disposición adicional sexta

Modifícase a Disposición adicional sexta que queda redactada como segue:

<<Disposición adicional sexta. Coordinaciónen materia de emisión dos informes previstos no artigo 64 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

Os informes decompatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais emitiranse de forma conxunta e coordinada polos órganos competentes

CSV: BOPRSDTBDGXB5WDIKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

previstos nos artigos 12.3 e 12.5 da Lei 4/2023, do6 de xullo, sen prexuízo de que, nos termos previstos no artigo 24.2 da Lei9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio áreactivación económica de Galicia, se poida recabar a colaboración técnicaexterna.>>

Emenda n º 45, de Adición. Disposición adicional novena bis

Engádese unha nova Disposición adicional novena bis ao proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 coa seguinte redacción:

<<«Disposición adicional novena bis.Exención do requisito de nacionalidade para o acceso á condición de persoal funcionario na escala de facultativos especialidade de medicina e na escala de técnicos facultativos especialidade de enfermaría no ámbito do sistema público de servizos sociais de Galicia.

A selección do persoal do sistema público de servizos sociais de Galiciarealizarase de conformidade cos requisitos e sistemas establecidos pola normativa básica vixente e a autonómica de desenvolvemento.

Malia o anterior, en virtude da previsión contida no artigo 57.5 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas, poderá eximirse do requisito da nacionalidade para o accesoá condición de persoal funcionario no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de facultativos, especialidade de medicina (subgrupo A1) e no corpo facultativo de grao medio de administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de técnicos facultativos, especialidade de enfermaría (subgrupo A2).»>>

Emenda n º 46, de Modificación. Disposición transitoria cuarta

CSV: BOPSDEOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Modifícase a Disposición transitaria cuarta que queda redactada como segue:

<<Disposición transitoria cuarta. Modificación da natureza das débedas das persoas adxudicatarias de vivendas de promoción pública de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo

O establecido no **artigo** 54 e no **número 2** do artigo 82 **da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, na redacción data por esta lei,** só será aplicable ás contraprestacións derivadas de contratos de venda, arrendamento ou calquera outro modo de acceso a unha vivenda de promoción pública do parque do Instituto Galego da Vivenda e Solo que foran formalizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2025. As débedas derivadas de contratos anteriores a esta data terán a consideración que resulte da normativa vixente no momento da súa formalización.>>

Emenda n º 47, de Modificación. Disposición derradeira segunda

Modifícase a Disposición Final Segunda do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 que queda redactada como segue:

<<Disposición final segunda. Habilitación para o desenvolvemento normativo

1. Habilítase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

2. Autorízase á consellería competente en materia de facenda a aprobar as disposicións regulamentarias necesarias para a aplicación do imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia poderá modificar calquera elemento do imposto sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.>>

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 48, de Modificación. Disposición derradeira terceira

Modifícase a disposición final terceira, do Proxecto de Medidas Fisciais e Administrativas para o ano 2025, que pasa a ter a seguinte redacción:

<<«Disposición final terceira. Entrada en vigor

1. Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2025.

2. Exceptúase do previsto no número anterior o disposto no artigo 35.8 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na redacción dada por esta lei, que producirá efectos desde a data de entrada en vigor do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

3. Exceptúase do previsto no número 1 o disposto nos artigos 11 bis, 14, 15, e 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na redacción dada por esta lei, que producirá efectos e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026. Desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025, manterase en vigor e será de aplicación a regulación recollida nos artigos 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, na redacción vixente inmediatamente anterior á data de entrada en vigor da presente lei.»>>

Emenda n º 49, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase a exposición de Motivos do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 que quedará redactada como segue:

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

(Esta emenda está condicionada á aprobación das presentadas polo Grupo Parlamentario Popular)

Un. Texto actual do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025 (na parte correspondente ao Capítulo I (medidas en materia de tributos cedidos) do Título I (medidas fiscais):

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter administrativo.

CSV: BOPRSDBDGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos.

Na liña xa iniciada no ano 2016 co obxecto de alixeirar a carga tributaria nas sucesións entre persoas parentes directas e a do 2019 que a estendera aos irmáns e irmás, modifícase a redución aplicable no imposto sobre sucesións ás persoas parentes do grupo III mediante a elevación e unificación do importe da redución para todas as persoas parentes deste grupo (irmás e irmáns, tías e tíos, sobriñas e sobriños, sogras e sogros, cuñadas e cuñados e noras e xenros), aumentándoo ata 25.000 euros, de xeito que calquera sucesión entre estas persoas parentes de ata ese importe non vai tributar polo imposto sobre sucesións, favorecendo a transmisión entre xeracións.

Contémplanse seis medidas fiscais en materia de vivenda, dirixidas a incentivar a posta no mercado de vivendas e a posibilitar a promoción de 2.300 vivendas de promoción pública, en execución do compromiso do goberno galego de duplicar o parque público de vivenda.

Así, en primeiro lugar, equipárase a adquisición de locais comerciais con

CSV: BOPSDBDGXBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

destino final de uso como vivenda, co propio concepto de vivenda, para os efectos da aplicación dos tipos bonificados aplicables á súa adquisición sempre que se presente, nun prazo máximo de catro anos, comunicación previa de primeira ocupación.

En segundo lugar, introdúcense dúas medidas no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas coas que se pretende estimular ás persoas propietarias e/ou usufrutuarias de vivendas baleiras para que as poñan no mercado das vivendas en aluguer. A primeira medida vai na liña de que, aquelas persoas que teñan algunha vivenda baleira que para poñela en condicións de ser usada precise determinadas obras, poidan beneficiarse dunha dedución respecto do custo desas obras. A segunda consiste nunha medida de fomento en favor das persoas que conten cun número pequeno de vivendas e que non se decidan a poñelas en aluguer por entender que non lles compensa asumir os riscos de arrendalas, para o que se lles permitirá aplicar unha dedución o primeiro ano da posta no mercado do aluguer.

En terceiro lugar, introdúcese unha bonificación na cota do 100% do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para as operacións que realice o Instituto Galego de Vivenda e Solo e as entidades participadas maioritariamente polo sector público autonómico, respecto aos actos e negocios que forman parte do proceso construtor das vivendas de promoción pública, como as adquisicións de solo residencial, os actos de agrupación, agregación, segregación e división, a declaración de obra nova e división horizontal, as vendas de solo público residencial, os actos relativos ás garantías pactadas en favor das ditas entidades, así como os préstamos hipotecarios que poidan solicitar. Esta modificación resulta fundamental para poder levar a cabo a promoción de vivenda de promoción pública reducindo os tributos que afectan aos actos necesarios para a dita promoción.

E, por último, en consonancia así mesmo co compromiso do goberno galego en materia de vivenda e co fin de incentivar a promoción e posta

CSV: BOPRSDBDGKBSWDKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

no mercado de vivendas en alugueiro, na modalidade de actos xurídicos documentados, amplíase o ámbito obxectivo da bonificación do 75% para as operacións de adquisición, dereitos reais de garantía e rehabilitación de edificios destinados a vivendas de aluguer.

Efectúanse así mesmo distintas precisións técnicas no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, fundamentalmente coa finalidade de actualizar a súa redacción consonte coa normativa vixente.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, divídese á súa vez en tres seccións.

A sección 1ª, denominada "Taxas", só está integrada por un precepto, sobre as taxas, no cal, por unha banda, se establece que os tipos das taxas de contía fixa non experimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación ou eliminación dalgunhas vixentes.

Na sección 2ª, denominada "Imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia", a lei prevé, como medida fiscal para impulsar o turismo sustentable, a creación do imposto sobre estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, como tributo indirecto, instantáneo e propio da comunidade autónoma. O imposto gravará a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estadía en calquera establecemento turístico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

No sección 3ª, denominada "Recarga municipal sobre o imposto galego nas estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, prevese que

CSV: BOPRSDBDGKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os concellosque os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas, cuxos ingresos estarán afectados cando menos nun 80% a investimentos e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento do turismo sustentable. Pola súa banda, o título II divídese en XV capítulos.

No capítulo I, dedicado ás medidas en materia de telecomunicacións e audiovisuais de Galicia, suprímese o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia. Este órgano, creado en 1995, ten actualmente escasa funcionalidade debido, entre outras cousas, á súa configuración cunha composición en canto aos seus membros hoxe superada, unido a que gran parte das materias sobre as que se exercen as funcións asesora e consultiva - audiovisual e sobre todo as telecomunicacións- foron evolucionando cara a outros sectores relacionados coa sociedade da información e as novas tecnoloxías, o que desaconsella o seu mantemento tal e como está conformado actualmente. En coherencia con esta medida e por seguridade xurídica, modifícanse e derróganse unha serie de normas xurídicas que contiñan referencias ao mesmo.

O capítulo II, dedicado á enerxía eólica, aborda unha modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Así, ademais doutras modificacións puntuais, actualízase a regulación do Plan sectorial eólico de Galicia, como instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de todas as infraestruturas e instalacións necesarias para opara o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia.

O plan sectorial pretende, entre outros extremos, promover e impulsar o despregamento e desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia, como

CSV: BOPS/D/BOGKBSWDKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

enerxía renovable, tendo en conta o seu papel esencial no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea.

Así mesmo, a súa finalidade é a de promover os beneficios sociais e económicos derivados do aproveitamento das enerxías renovables en Galicia, mediante a creación de novos postos de traballo sustentables, a modernización e o desenvolvemento económicos, o desenvolvemento de ecosistemas industriais e o fomento das industrias locais.

Outra das finalidades do plan é a de contribuír á redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, fomentando a constitución de comunidades de enerxías renovables e reducindo a dependencia e pobreza enerxéticas, así como a garantir, en xeral, a dispoñibilidade dunha parte da enerxía xerada polos parques eólicos por parte das consumidoras e consumidores galegos con prezos estables a medio e longo prazo, evitando a variabilidade dos custos enerxéticos.

Dentro do contido do plan, recóllese a obriga dos/as titulares das autorizacións de cumprir as condicións e requisitos que sexan en cada momento aplicables para reducir o impacto da implantación e desenvolvemento das actividades no medio ambiente, de acordo coas normas de calidade ambiental esixibles.

En conexión con esta materia, introdúcese unha disposición adicional na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que regula actuacións dirixidas á repotenciación de parques eólicos para reducir o seu impacto no territorio e no medio ambiente. Así, decláranse de interese público superior as actuacións de repotenciación de parques eólicos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia que consistan na redución do número de aeroxeradores e a súa substitución por outros

CSV: BOPSDBOCKBSWDKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

máis capaces ou eficientes. As actuacións de repotenciación serán obrigatorias para todos os titulares das autorizacións existentes no momento da entrada en vigor desta disposición, de acordo co establecido na norma. As actuacións de repotenciación deberán efectuarse en condicións e prazos que se axustarán ao principio de proporcionalidade, e serán económica e tecnicamente viables. As actuacións de repotenciación buscarán a máxima redución posible do número de aeroxeradores en funcionamento, procurándose unha redución como mínimo á cuarta parte dos existentes, salvo que as condicións e valores ambientais do emprazamento desaconsellen a instalación de aeroxeradores do tamaño que permita alcanzar a devandita porcentaxe. A autorización do proxecto de repotenciación implicará a obriga de proceder ao desmantelamento dos aeroxeradores obsoletos nos termos que se determinen, así e como á restitución ambiental dos terreos que non resulten necesarios para a explotación.

Así mesmo, introdúcense na Lei 8/2009, do 22 de decembro, unas determinadas disposicións co obxecto de dar cumprimento ás modificación efectuadas na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables. Estas disposicións refírense, en primeiro lugar, á elaboración dunha base de datos cartográfica relativa ao despregamento da enerxía renovable eólica, a fin de determinar o potencial doméstico e as zonas terrestres dispoñibles para a instalación de parques eólicos, as súas infraestruturas de evacuación e de rede. Así mesmo, regúlanse as Zonas de aceleración renovable eólica, instrumentos específicos de planificación, para a designación de zonas terrestres nas que non se prevexa que o despregamento da enerxía eólica vaia ter un impacto ambiental significativo. A súa designación requirirá a tramitación dunha avaliación ambiental estratéxica. Tamén se prevé que será de aplicación o establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, en canto ao procedemento de concesión de autorizacións en zonas de aceleración renovable eólica.

CSV: BOPRSDTEDCKBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Por outro lado, regúlase a opción voluntaria para os promotores de solicitar unha nova tramitación de parques eólicos e infraestruturas de evacuación que posibilita a súa adaptación ao establecido na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Por último, introdúcese un réxime transitorio aplicable mentres non entre en vigor o novo Plan sectorial eólico de Galicia, coa finalidade de ordenar e regular a implantación territorial dos parques eólicos, de forma compatible coas finalidades da planificación eólica recollidas na lei, e, en particular, co obxecto de aplicar medidas provisionais que permitan a fixación de beneficios sociais e económicos no territorio, convertendo o despregamento da enerxía eólica nunha ferramenta ao servizo da cohesión territorial, favorecer ás comunidades locais así como a actividade económica de Galicia e o tecido industrial local, fomentando a competitividade da industria galega, e minimizando o impacto sobre o medio ambiente e a paisaxe achegando as instalacións de produción de enerxía aos puntos de consumo.

Tamén se introducen cambios na regulación do canon eólico establecido pola Lei 8/2009, tendo en conta as consecuencias das actuacións de repotenciación previstas na presente lei, e a conformación dos parques eólicos derivada da evolución da tecnoloxía eólica, que mudou substancialmente nos anos transcorridos dende a súa entrada en vigor, que partía de parques compostos na súa maioría por moitas máquinas de reducida altura fronte a configuración actual na que o número de aeroxeneradores se reducen pero son de mais tamaño.

Así pois, cómpre modificar a base impoñible e o tipo de gravame do canon atendendo á redución do número de aeroxeneradores e, en especial, as afeccións visuais derivadas da súa altura, todo isto co

CSV: BOPSDBOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

obxectivo de contribuír a preservar o medio ambiente e de velar polo mantemento das necesarias actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial as que están afectos os ingresos xerados por aquel.

Finalmente, en coherencia coas modificacións anteriores, introdúcese unha disposición adicional cuarta na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia para o fomento da formalización de contratos de subministración de enerxía nos concursos públicos que se convoquen para a concesión de augas destinadas ao almacenamento hidráulico de enerxía ou a usos industriais para a produción de enerxía eléctrica.

No capítulo III, de mobilidade, procédese a unha modificación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, no relativo á integración tarifaria e de información do sistema de transporte público de Galicia. Compleméntase esta regulación para amparar actuacións orientadas á implantación de sistemas baseados en conta (ABT), que achegan gran facilidade de uso ás persoas usuarias e unha flexibilidade á Administración e aos operadores de transporte á hora de establecer novas modalidades de pagamento. Habilítase así ao órgano autonómico competente en materia de transportes para concretar as condicións de uso destes sistemas. Regúlase así mesmo un mecanismo de participación dos colectivos sociais, empresas e administracións, integradas todas elas no Consello Galego de Transportes.

O capítulo IV establece medidas en materia de medio ambiente.

Por unha banda, modifícase a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Galicia, fundamentalmente de cara á introdución dun coeficiente que gradúe a cota do canon da auga por perdas nas redes de abastecemento para os vindeiros anos 2025 a 2028.

A Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, creou un gravame ás perdas de auga que se produzan nas redes de abastecemento cando supoñan máis do vinte por cento da auga captada. Porén, as dificultades técnicas para identificar correctamente os puntos de perda de auga e administrativas e económicas para abordar en moitos casos os investimentos precisos, fan que a porcentaxe de perdas siga de momento nun valor medio elevado e que os concellos máis afectados sexan os máis pequenos e con menos recursos. Para evitar incrementar os gastos que teñen estes concellos, prevese a exención do pagamento do gravame durante dous anos máis e a súa bonificación nun 50% o ano seguinte, considerando que non están convenientemente acompasadas as obrigas recollidas na lei e os prazos concedidos pola mesma para a súa implementación, tal e como se constata da experiencia da xestión do ciclo da auga polos axentes interesados. Introdúcense finalmente dúas modificacións co obxecto de garantir a seguridade e saúde das persoas para o que é esencial que as canles do dominio público hidráulico estean libres de obstáculos que, ademais de ocupar a canle, ao ser arrastrados terminan creando tapóns que contribúen a que se poidan producir inundacións.

Asemade, modifícase a Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, coa finalidade de reducir os efectos negativos da xeración e xestión dos residuos na saúde humana e no medio ambiente. Neste senso poderase establecer un canon unitario de tratamento por tonelada de contía reducida de ata o 15% respecto do vixente no ano anterior, ao fin de favorecer a implantación de medidas orientadas a incentivar a recollida

CSV: BOPSDEOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

selectiva de residuos urbanos e a redución do lixo convencional, fomentando a reciclaxe de envases lixeiros e/ou biorresiduos.

Realízanse puntuais modificacións na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. Así, no que atinxe ao réxime de regulación aplicable nos terreos cinexéticos nos que non se teña aprobado o correspondente plan de ordenación ao comezo da tempada, garantindo a súa continuidade temporal en determinadas condicións. Igualmente, amplíase o período de vixencia da licenza de caza ao colectivo de persoas maiores de 65 anos, que pasa a ser indefinido. E finalmente, amplíase o prazo de duración dos procedementos administrativos sancionadores.

Introdúcense precisións, na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, para adaptala á recente normativa básica estatal, excluíndo aos establecementos veterinarios da consideración de núcleos zoolóxicos de animais de compañía, en aras de garantir a homoxeneización e a seguridade xurídica na aplicación da norma, así como simplificar o seu coñecemento polas persoas profesionais e a cidadanía.

Modifícase a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, co obxecto de axilizar o procedemento de aprobación dos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos, mediante a simplificación dos trámites administrativos, substituíndo o preceptivo informe do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en determinados supostos por un envío da proposta para o seu coñecemento por parte deste órgano consultivo.

CSV: BOPS/D/BOCKB5VIQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, esténdese a vixencia das licenzas para persoas maiores de 65 anos, con carácter indefinido, na mesma liña da disposición introducida respecto da caza. Proponse a gratuidade das licenzas ás persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, co gallo de facilitar o contacto coa natureza ás persoas que teñen deficiencias na realización de actividades da vida diaria, problemas nas funcións ou estruturas corporais ou limitacións nas actividades para levar a cabo as súas labores cotiás, sendo unha medida para o fomento do carácter social da pesca deportiva no medio rural. Acórdase igualmente ampliar as actuacións dos propietarios de ribeira de protección, para os efectos de posibilitar cortas e retiradas de árbores que poidan favorecer o risco de inundacións. Ademais, para cumprir co principio de proporcionalidade, posibilítase en determinadas circunstancias excepcionais, minorar as sancións previstas para as infraccións cometidas nesta materia, e se redefinen as circunstancias atenuantes da responsabilidade.

Asemade, modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para dar seguridade xurídica aos operadores de todos os sectores cuxos proxectos teñen que ser sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria e aclarar o prazo de vixencia do trámite de información pública e de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas contemplado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

No capítulo V, de Educación e Innovación, realízanse varias modificacións.

Por unha banda, introdúcense unhas medidas extraordinarias nesta materia relativas ás ratios do alumnado nas distintas etapas educativas. O Acordo do 11 de outubro de 2023, asinado entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións

CSV: BOPSDEOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

sindicais CC.OO, ANPE e UGT-SP Ensino, sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, contempla un amplo abano de medidas para a mellora da calidade, a inclusión e a equidade do ensino.

Entre esas medidas resaltan as relativas á redución progresiva de ratios nas distintas etapas educativas e a un cómputo diferenciado para a mellora da resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Coa finalidade de dar seguridade xurídica no despregamento e interpretación das medidas relativas á redución de ratios e establecer un calendario que permita blindar no tempo o seu desenvolvemento, faise preciso unha determinación normativa do máximo rango.

Realízase unha modificación puntual na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, que responde á necesidade de que a Xunta de Galicia conte cun grupo de expertos de primeiro nivel para colaborar no deseño da política de I+D+i, reforzando a gobernanza externa que esixe a Comisión Europa ás Administracións públicas nesta materia, coa finalidade de exista unha visión externa á propia entidade.

Por outra banda, modifícase a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, para establecer medidas para a promoción da excelencia de centros e unidades de I+D+i do sistema universitario de Galicia, a través de procesos competitivos baseados en estándares

CSV: BOPRSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

internacionais, coa participación de comités científicos formados por persoal experto internacional, independente e de recoñecido prestixio. Con esta modificación preténdese non só simplificar e axilizar tales medidas senón tamén adecualas á realidade do ámbito que regula, en constante cambio e evolución.

Ademais, modifícase o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar para, entre outras cuestións, acomodar a nova figura da persoa coordinadora de benestar e protección ao marco normativo do sistema educativo galego, recoller a regulación sobre o uso de móbiles e dispositivos electrónicos, delimitar os prazos temporais dos períodos de información previa nos casos de acoso ou ciberacoso escolar ou actualizar obxectivos xerais do plan de convivencia. A urxencia desta medida vén xustificada pola necesaria revisión e axuste regulatorio desta norma que dea resposta á nova realidade normativa e social.

No capítulo VI, correspondente á política social, engádese un Título XI á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que recolle unha nova regulación do procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, co obxecto de simplificalo e axilizar a súa tramitación. Como principais novidades, destaca a posibilidade de tramitar conxuntamente nun mesmo procedemento o recoñecemento do grao de dependencia, o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e o recoñecemento do grao de discapacidade, cando así se pida na correspondente solicitude, atendendo á experiencia que amosa que as situacións de dependencia adoitan levar aparellado un determinado grao de discapacidade.

CSV: BOPS/D/BOGKB5WQ2KQ2HPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Refórzanse a información e o asesoramento das persoas solicitantes, prevéndose a posibilidade de que as persoas traballadoras sociais da Xunta de Galicia e das entidades locais actúen como profesionais de referencia, prestando a necesaria asistencia en relación cos trámites do procedemento e recursos máis acaídos ás circunstancias daquelas. Tamén se reducen as cargas que ata este momento pesaban sobre a cidadanía. Así, no caso de autorizalo na solicitude, non será necesario achegar o informe de saúde no que se basea a valoración e que será recabado de oficio polo órgano competente en materia de dependencia.

A lei detalla o procedemento de valoración, o papel dos equipos técnicos de valoración e as súas funcións. Simplifícase o procedemento de revisión do grao de dependencia e do programa individual de atención e, paralelamente á regulación establecida para o seu recoñecemento, prevese a posibilidade de que, xunto coa revisión do grao de dependencia e do programa individual de atención, se solicite polo interesado a revisión do grao de discapacidade, dando lugar á tramitación dun único procedemento que rematará cunha única resolución que se pronuncie sobre ambos extremos.

Por último, a lei prevé distintos mecanismos de coordinación, mediante comisións sectoriais específicas ou grupos de traballo no ámbito da propia administración autonómica e a través da formalización dos correspondentes protocolos de coordinación entre o sistema público de servizos sociais e o sistema de saúde, para garantir unha efectiva atención ás persoas en situación de dependencia. Tamén se prevé expresamente a actualización dos sistemas de información que dan soporte á tramitación dos procedementos de recoñecemento da dependencia e da discapacidade e o desenvolvemento dun plan de formación coa finalidade de facilitar a adquisición das competencias e das habilidades

CSV: BOPS/D/BOGKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

necesarias para a xestión dos procedementos de dependencia e discapacidade.

Esta modificación implica as correlativas no Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación, por motivos de coherencia e seguridade xurídica; e no Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

No capítulo VII, de Igualdade, modifícase a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Así, precísanse as funcións atribuídas á unidade administrativa de igualdade dependente da consellería con competencias en materia de emprego, en relación coa emisión de informes desde a perspectiva de xénero dos convenios colectivos que sexan obxecto de rexistro ante a autoridade laboral.

Así mesmo, respecto do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, mellórase a súa composición e organización, ao concretar, por un lado, os perfís da representación da Administración, e por outro, ao incluír na súa composición tanto a representantes do Consello Agrario Galego que ten, entre outras, a función de impulsar a participación das mulleres do medio rural, como a representantes da Federación Galega de Confrarías que integran, a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro.

CSV: BOPS/D/BOGKB9VIQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

No capítulo VIII, en materia de economía e industria, introdúcense medidas temporais e excepcionais, en liña coas actuacións dirixidas a incrementar as facilidades para a creación de solo empresarial, para habilitar a posibilidade de declarar e aprobar proxectos de interese autonómico de creación de solo empresarial en concellos de menos de 20.000 habitantes. Estas medidas teñen carácter de temporais e extraordinarias, e serán aplicables a aqueles proxectos cuxa tramitación sexa iniciada ata o 31 de decembro de 2029.

Por outra banda, inclúense outras medidas relativas a diversas disposicións. Así, modifícase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia coa finalidade, por unha banda, de dar un pulo ao Consello da Minaría de Galicia e, por outra banda, de impulsar a declaración de municipios mineiros. En relación ao primeiro, a experiencia acumulada no funcionamento do Consello Galego de Economía e Competitividade aconsella volver a contar cun órgano consultivo especializado na materia para abordar todas as cuestións que afectan ao sector. Por esta razón, efectúanse as correspondentes modificacións en relación co Consello Galego de Economía e Competitividade para volver a activar e poñer en funcionamento o Consello da Minaría de Galicia. Estes cambios implican a modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e do Decreto 42/2015, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Consello Galego de Economía e Competitividade.

No eido dos municipios mineiros, a modificación realizada concreta os requisitos e procedemento dirixido a obter o recoñecemento de tal condición. Os efectos deste recoñecemento incluirán a posibilidade de que tales municipios sexan destinatarios de medidas específicas de colaboración e fomento artelladas polo sector público autonómico. Co obxecto de facilitar o seguimento desta medida créase o Rexistro de Municipios Mineiros de Galicia.

CSV: BOPISDEOCKBSWIQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Por outra banda, tamén se introduce unha modificación relativa ás solicitudes de reclasificación de dereitos mineiros da sección A), para dar cumprimento ao Acordo do 3 de setembro de 2024 da Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei de Galicia 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e publicado mediante Resolución do 9 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Ademais, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia tamén se modifica coa finalidade principal de atribuír á consellería competente en materia de urbanismo as funcións relativas á autorización e rexistro das entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), así como a competencia sancionadora. Por outra banda, equipárase o réxime e os efectos derivados da presentación dos títulos habilitantes exixidos pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, acompañadas dun certificado de conformidade emitido por unha ECCOM, aos previstos no artigo 146.bis da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para os actos de edificación e uso do solo e do subsolo.

Introdúcense modificacións no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Estas modificacións establecen un novo procedemento que permitirá o desenvolvemento de solo empresarial de iniciativa privada dunha forma máis áxil naqueles emprazamentos nos que exista unha demanda real para a implantación de proxectos industriais estratéxicos. Nas novas áreas empresariais creadas a través do dito procedemento localizaranse instalacións de aproveitamento de enerxías renovables, de forma que unha porcentaxe da súa produción teña que dedicarse á subministración

CSV: BOPRSDEOGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

ás empresas localizadas no ámbito sobre o que se pretende actuar, así como a outras empresas e persoas consumidoras da zona.

En consonancia coas medidas anteriores, inclúense unha serie de cambios na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

No capítulo IX acláranse conceptos ou cuestións de procedemento na Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio de Galicia, postos de manifesto trala súa aplicación, co obxecto de acadar unha maior seguridade xurídica para as persoas interesadas e as administracións implicadas. Así, concrétanse supostos de venda directa, aclárase o procedemento para a venda de bens obsoletos, perecedoiros ou deteriorados ou establécense infraccións relativas á obriga das entidades financeiras de comunicar os saldos e depósitos abandonados, en consonancia co establecido na normativa estatal e en aplicación do previsto na propia norma autonómica.

Por outra parte, modifícase a Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia, para corrixir un erro material que afecta á numeración de determinados artigos aos que a norma se remite.

Así mesmo, en relación coas autorizacións de explotación de máquinas de xogo, inclúese unha modificación derivada da necesidade de aclarar os supostos nos que se acudirá ao concurso público por existir un cupo máximo destas autorizacións, ben na lei ou ben na normativa de desenvolvemento. Finalmente, modifícase a norma co obxecto de que non se poidan instalar dúas máquinas do mesmo tipo en establecementos de restauración e de ocio e entretemento, atendendo ao

CSV: BOPSDEOCKBSWDKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

carácter meramente marxinal e complementario da actividade de xogo en relación coa actividade principal desta clase de establecementos, co fin de que estes non se identifiquen cun tipo de xogo determinado. A consecuencia desta medida, engádese unha nova disposición transitoria na dita norma aos efectos de excluír da aplicación desta limitación ás autorizacións de instalación e localización de máquinas de xogo de tipo B concedidas con anterioridade á entrada en vigor desta modificación.

O capítulo X introduce medidas en materia de vivenda e infraestruturas.

A sección relativa ás medidas extraordinarias e temporais en materia de vivenda ten por obxecto facer fronte á situación actual, caracterizada pola falta de vivenda a prezo accesible, tanto en venda como en alugueiro, e pola existencia constatada dunha forte demanda de vivenda pola cidadanía.

Neste escenario, as medidas propostas perseguen, fundamentalmente, facilitar a tramitación dos proxectos de interese autonómico para a planificación e proxección de actuacións de creación de solo residencial de promoción pública por parte da Xunta de Galicia, coa finalidade última de acadar unha maior axilidade na súa tramitación, simplificando o procedemento para a aprobación e modificación destes instrumentos sen menoscabar a seguridade xurídica.

Prevense, así mesmo, medidas para axilizar a construción de vivendas protexidas de promoción pública de titularidade autonómica, como a atribución aos correspondentes proxectos de construción da consideración de obras públicas de interese xeral coas consecuencias que isto implica ou a regulación da reserva de prazas de aparcadoiros de

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vehículos nas parcelas destinadas a este tipo de vivendas. Outra das finalidades desta regulación é favorecer e facilitar a utilización de edificacións xa existentes para o seu destino a vivenda, en concreto dos locais destinados a un uso terciario e das edificacións non acabadas que reúnan determinadas condicións.

Tamén se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, para implantar os mecanismos que posibiliten a execución do xa mencionado obxectivo de duplicar o parque de vivenda pública nos vindeiros anos e de xestionar solo para a construción de 20.000 vivendas protexidas.

Co obxectivo principal de garantir que as persoas con menos ingresos poidan acceder a unha vivenda, prevese que os prezos finais de adxudicación das vivendas protexidas de promoción pública, así como os requisitos de ingresos para o seu acceso, se determinen a través de acordo do Consello da Xunta de Galicia, o que permitirá ademais a súa adaptación á situación cambiante do sector.

Búscase tamén axilizar a adxudicación destas vivendas, eliminando trámites para a inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, e recoñecendo a actividade do terceiro sector neste eido, posibilitando a súa xestión con fins de inserción ou asistenciais, a través de entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan programas de carácter social no eido da vivenda, con acreditada experiencia na procura de vivenda e mediación social.

Garántese a duración permanente do seu réxime de protección, con independencia da data da súa cualificación, para que estas vivendas

CSV: BOPRSDBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

sirvan sempre para a finalidade para a que se promoven que é a de facilitar o acceso á vivenda das persoas con menos recursos, á vez que se consigue unha maior eficiencia na xestión dos recursos públicos. Con este mesmo obxectivo, establécense procedementos áxiles para xestionar as débedas das persoas adxudicatarias de vivendas públicas en favor da Administración pública.

Posibilítase a cesión gratuíta polos concellos de solo residencial con destino á construción de vivendas protexidas. Neste suposto, poderá cedérselle aos concellos, como única contraprestación e sempre que así o soliciten, a totalidade ou parte dos locais comerciais que, de ser o caso, se constrúan na devandita promoción pública, así como adxudicarlles directamente en venda ata un 20% das vivendas protexidas de promoción pública resultantes e os seus anexos, para atender os casos de especial necesidade.

Para concluír, coa finalidade de facilitar a emancipación da mocidade, prevese a posibilidade de impulsar, en colaboración coa consellería competente en materia de xuventude, a promoción pública e a xestión de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivenda das persoas menores de 36 anos.

Por outra banda, modifícase a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia para dotar ás administracións promotoras das obras de estradas de ferramentas legais máis efectivas para axilizar a retirada ou modificación dos bens ou instalacións para a prestación de servizos de interese xeral que impidan ou entorpezan a súa execución. Para iso, establécese a antedita obriga e regúlanse as súas condicións. Ademais, tipifícase como infracción o seu incumprimento, identificando como responsable á persoa titular do servizo, e establécese que a propia retirada ou modificación dos bens ou instalacións forma parte da obriga de reparación do dano causado, sen prexuízo da sanción que se impoña. Regúlase a posibilidade de impoñer multas coercitivas no caso do

CSV: BOPS/D/BOGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

incumprimento do prazo máximo para a retirada ou modificación, sen necesidade de que teña recaído resolución do correspondente expediente de sanción e engadindo o seu importe ao da sanción que, no seu caso, se impoña.

Por outra banda, realízase unha clasificación máis completa e coherente de todo o réxime de usos no seu contorno, para adaptar a súa redacción á clasificación establecida.

Modifícase tamén a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por unha banda, e cun carácter fundamentalmente procedemental, para introducir aclaracións e precisións que contribúan a facilitar a súa aplicación, acurtar prazos de tramitación e disipar as dúbidas que vén suscitando a súa aplicación práctica; destacando, como reforzo da simplificación e axilización de trámites, a modificación da regulación relativa ás entidades de certificación de conformidade municipal ou ás modificacións non substanciais dos instrumentos de planeamento urbanístico. E, por outra banda, preténdese posibilitar a instalación de sistemas de depuración individual, cando non se trate de novas edificacións, naquelas parcelas que non dispoñen de superficie suficiente aos bordos das parcelas e que tampouco dispoñen dos servizos de saneamento municipal, garantindo en todo caso a salubridade da poboación.

A modificación da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, afecta ás normas de aplicación directa ás que están suxeitas as intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e aos ámbitos obxecto de planeamento especial de protección, mediante a introdución de aclaracións, precisións e puntualizacións que contribúen, en última

CSV: BOPSDEOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

instancia, a facilitar a súa aplicación e disipar as dúbidas suscitadas no curso da súa vixencia.

Cómpre salientar a modificación introducida para permitir que, en ausencia dunha resolución de homoxeneización ditada por solicitude dos concellos, as persoas propietarias de edificios ou as promotoras de intervencións neles poidan solicitar, sempre a través desas entidades locais, a homoxeneización específica do nivel de protección da edificación sobre a que teñan interese.

No capítulo XI, de Sanidade, introdúcense modificacións puntuais en materia do emprego público do persoal estatutario.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, xa permite que, por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas, poida eximirse do requisito da nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de persoal licenciado sanitario, na que se inclúe o persoal médico. Esténdese agora esta habilitación normativa, dirixida a incrementar o número de aspirantes ao emprego público nesas categorías e facilitar polo tanto o seu acceso, ao persoal diplomado sanitario.

Na Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, introdúcense A Barbanza e O Salnés entre os distritos sanitarios nos que os servizos prestados computarán o triplo da puntuación que se estableza nos futuros procesos selectivos e concursos de traslados, de cara a facilitar a captación de profesionais sanitarios.

CSV: BOPRSDTEDCKBSWDRKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

Por outra banda, modifícase o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de axilizar a toma de posesión do persoal estatutario, o que resulta especialmente relevante de cara á vindeira estabilización de 5.000 persoas en 105 categorías, homoxeneizando este prazo co previsto para o persoal empregado público establecido de modo xeral.

No capítulo XII, dedicado ao patrimonio cultural, realízanse modificacións puntuais na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para establecer as condicións en que determinadas actuacións poderán ser realizadas sen a necesidade dun procedemento de autorización previa en materia de protección do patrimonio cultural, por non teren incidencia sobre os valores que se protexen, o que redundará nunha maior axilidade na tramitación administrativa e nunha maior seguridade xurídica para as persoas interesadas e as administracións implicadas.

No capítulo XIII, dedicado ao medio rural, introdúcense medidas en diversos ámbitos:

Modifícase a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, co obxectivo principal de fomentar o asociacionismo entre as persoas propietarias forestais, flexibilizando a figura de agrupación forestal de xestión conxunta e habilitando un tipo de asociación máis sinxela en canto á súas finalidades e actividades. Para isto, contémplase a posibilidade de crear asociacións sen base territorial con finalidades, entre outras, de representación, comercialización, loita integrada contra pragas ou enfermidades ou apoio técnico, sen o requisito de cesión das superficies á agrupación. Habilítase a posibilidade de empregar outros instrumentos -distintos do proxecto de ordenación- máis simples para os

CSV: BOPRSDBDGKBSWDRKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

montes que sexan obxecto dunha xestión pública de pequena superficie. E, co mesmo obxectivo de simplificación da xestión dos montes, prevese que a administración forestal poida asumir a redacción do instrumento cando concorran determinadas circunstancias. En consonancia, e para achegar seguridade xurídica, adáptase a redacción do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

Na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia abórdase a regulación de situacións non previstas inicialmente na norma, cuxa necesidade se puxo de manifesto trala súa entrada en vigor, en aras de manter a eficacia e eficiencia na xestión administrativa e a satisfacción do interese público.

Modifícase a Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que establecía medidas en materia de benestar animal nos animais de produción, para concretar, entre as medidas de corrección, seguridade e control que impidan a continuidade na produción do dano en materia de coidado dos animais, a inhabilitación da persoa titular da explotación ou responsable dos animais para o exercicio da profesión, oficio ou comercio relacionado cos animais, así como para a súa tenencia. A súa implementación responde á crecente preocupación polos dereitos dos animais e ás esixencias de garantir prácticas sostibles e éticas na produción agropecuaria.

En materia de calidade alimentaria, adecúanse os órganos competentes para a imposición de sancións á nova estrutura orgánica da consellería, para o que se realiza unha modificación puntual na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia e, coherentemente, no Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural.

CSV: BOPSDEOCKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

No capítulo XIV, de mar, modifícase a Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, de cara a establecer como recursos das confrarías as cantidades recadadas na primeira venda dos excedentes procedentes das cantidades de marisco obtido durante a actividade marisqueira. Deste xeito, lexitímase ás entidades titulares dos plans de xestión marisqueira para dispoñer destes recursos económicos para facer fronte ás súas obrigas. Esta modificación reflíctese, por motivos de coherencia, tamén no Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. Con todo, a efectividade deste novo ingreso condiciónase a un posterior desenvolvemento, que deberá acometer a consellería con competencias en materia de mar, para concretar os requisitos e límites para a recadación coas debidas garantías deste recurso.

Tamén se modifica a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, coa finalidade de que, de xeito excepcional, Portos de Galicia autorice prórrogas non previstas no título concesional, naquelas concesións de interese estratéxico ou relevante para a explotación portuaria e para o desenvolvemento económico, social ou turístico da comunidade concentrada na súa zona de influencia, sempre que a entidade concesionaria se comprometa a realizar un investimento adicional, unha contribución económica ou unha combinación de ambos supostos.

No capítulo XV, relativo ao emprego público, organización e funcionamento da Administración autonómica, modifícanse distintas normas. Por unha banda, en materia de emprego público, acométese a modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia para adaptar as funcións e titulación da escala de letrados á Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, así como das titulacións da especialidade de educador/a social. Recóllese tamén a

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

consecuencia no chamamento das listas para o persoal interino que non superou o período de proba para o desempeño dun posto de traballo. Por último, introdúcese a garantía das retribucións para o persoal laboral fixo posterior ao Estatuto Básico do Empregado Público que se funcionarice, coa finalidade de equiparar as súas condicións retributivas co persoal xa funcionarizado.

Abórdase a modificación puntual do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia co obxecto de axilizar, de xeito inmediato, os chamamentos para a cobertura de postos vacantes e de realizar unhas actualizacións técnicas no dito decreto en relación co persoal dos Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

Lévanse a cabo diversas modificacións no Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, coa finalidade de adaptalo á Lei de emprego público de Galicia, de introducir algunhas modificacións e aclaracións na figura da adscrición provisional e para garantir a posibilidade de contar con persoal especializado nas comisións de valoración, de cara á resolución dos vindeiros concursos ordinarios.

Pola súa banda, en materia de organización e funcionamento, modifícase a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa finalidade de

CSV: BOPSDEOCKBSVIDKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

determinar o réxime aplicable ás persoas titulares dos departamentos territoriais.

Tamén se acomete a modificación da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, coa finalidade de que esta reflicta os cambios organizativos derivados da creación da Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo.

Na mesma liña, este capítulo inclúe modificacións puntuais e organizativas do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos.

A parte final da lei está composta por dez disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e tres disposicións finais.

En primeiro lugar, dentro das disposición adicionais, recóllense normas para o fomento do Polo de investigación e desenvolvemento da biotecnoloxía de Galicia, atendendo ao carácter estratéxico do sector para o desenvolvemento do sistema produtivo de Galicia e a súa transferencia de resultados de investigación e innovación nas fases temperás, así, como ao seu carácter estratéxico para a mellora da saúde humana, a agricultura e gandería, a preservación da biodiversidade e a sustentabilidade ambiental. O polo entenderase como o fomento e a coordinación de medios, recursos e infraestruturas que permitan desenvolver algunha ou todas as fases dos procesos de investigación e transferencia de resultados no eido da biotecnoloxía que se pretenden fomentar.

CSV: BOPRSDBDGKBSWDKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

En materia de medios audiovisuais, a disposición adicional segunda contempla un prazo de dous meses, a partir da entrada en vigor da lei, para a comunicación á administración das modificacións da programación levadas a cabo polos titulares dun servizo de comunicación audiovisual radiofónica, que poderán autorizarse previa valoración da pluralidade radiofónica existente na localidade correspondente.

A disposición adicional terceira realiza unha ampliación de prazos en materia de licenzas dos servizos de comunicación audiovisual televisiva.

A disposición adicional cuarta, en materia de medio ambiente, contempla, de xeito excepcional para os anos 2023 e 2024, a condonación do pagamento do canon por perdas nas redes de abastecemento establecido pola Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, con base na mesma xustificación que dá lugar á introdución na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, do coeficiente gradual para o período 2025-2028.

A disposición adicional quinta, en materia de medio ambiente, vai dirixida a aclarar como se emiten os informes de compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais previstos na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, segundo o tipo de proxectos que se queiran implantar en terreos de dominio público ou de servidume de protección marítimo terrestre.

A disposición adicional sexta, en materia de educación e Innovación, prevé a aplicación a aquelas iniciativas das entidades instrumentais do

CSV: BOPRSDBDGKBSWDIKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

sector público autonómico, que supoñan a implantación de infraestruturas ou instalacións dirixidas á investigación e á aplicación da computación e comunicacións de altas prestacións, así como, en xeral, doutros recursos facilitadores das tecnoloxías da información e da comunicación, o procedemento de declaración e de aprobación e efectos establecidos para os proxectos industriais estratéxicos do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

A disposición adicional sétima, en materia de economía e industria, recolle diversas previsións sobre a constitución do Consello de Minaría de Galicia.

A disposición adicional oitava, en materia de emprego público, recolle medidas especiais relativas ás listas de contratación de persoal laboral ou de persoal funcionario interino durante o ano 2025.

A disposición adicional novena facilita a cobertura dos postos de persoal médico e persoal de enfermaría eliminando o requisito de nacionalidade para o acceso á condición de persoal funcionario público nestas escalas. No mercado laboral actual a demanda de persoal médico e de enfermaría supera a oferta dispoñible. Para garantir a correcta atención sociosanitaria, resulta necesario ampliar o número de profesionais médicos e de enfermaría que poden acceder á función pública.

A disposición adicional décima recolle estipulacións respecto á cancelación e devolución de garantías en promocións públicas de urbanización ou edificación.

CSV: BOPSDEGKBSWQKQHPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

As disposicións transitorias primeira e segunda conteñen determinacións temporais en materia de enerxía eólica.

A disposición transitoria terceira, en materia de economía e industria, establece o réxime transitorio previo á constitución do Consello de Minaría de Galicia.

A disposición transitoria cuarta recolle cuestións relativas á modificación da natureza das débedas das persoas adxudicatarias de vivendas de promoción pública de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A disposición transitoria quinta establece aspectos respecto da reserva de prazas de aparcadoiros para vivendas.

A disposición derrogatoria única da lei prevé a derrogación das disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nela.

Por último, a disposición final primeira recolle unha cláusula de salvagarda do rango regulamentario aplicable aos decretos modificados a través desta lei; a disposición final segunda habilita o Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei, ademais doutras habilitacións específicas en relación co imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia; e a disposición final terceira establece a entrada en vigor da norma.

CSV: BOPSDEGKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 12:06:22
Nº Rexistro: 14600
Data envio: 16/11/2024 12:06:22.950

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2024 12:05:55

CSV: BOPSDBOKBSWQKQBPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 12/PL-000005)

Emenda n º 1, de Adición. Artigo 2 bis

Engadir un novo artigo 2 bis no Capítulo I. Tributos cedidos; do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

"Artigo 2 bis. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Modifícase o artigo 4 do *Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*, que queda redactado como segue:

"Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

CSV: BOPARLDE-GALIZA-PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

PARLAMENTO DE GALICIA

BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	COTA ÍNTEGRA EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
	0	13.200	9,00
13.200	1.188,00	8.200	11,65
21.400	2.143,30	8.000	14,90
29.400	3.335,30	7.900	15,50
37.300	4.559,80	10.300	20,00
47.600	6.619,80	12.400	21,50
60.000	9.285,80	40.000	23,00
100.000	18.485,80	En diante	24,50

Emenda n º 2, de Adición. Artigo 2 ter

Engadir un novo artigo 2 ter no Capítulo I. Tributos cedidos do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

"Artigo 2 ter. Mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Substitúe-se o artigo 4 bis do *Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*, polo seguinte:

«Artigo 4 bis. Mínimo persoal e familiar As contías correspondentes aos mínimos do contribuínte, por descendentes, por ascendentes e por discapacidade establecidos nos artigos 57, 58, 59 e 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e de modificación parcial das Leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a

CSV: BOPSDEGHBSQIKe8PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, quedan fixados nos seguintes importes:

1. O mínimo do contribuínte regulado polo artigo 57 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Con carácter xeral, 5.885 euros anuais

b) Cando o contribuínte teña unha idade superior a 65 anos, o mínimo se aumentará en 1.220 euros anuais. Se a idade é superior a 75 anos, o mínimo se aumentará adicionalmente en 1.485 euros anuais.

2. O mínimo por descendentes regulado polo artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1.º 2.545 euros anuais polo primeiro descendente.

2.º 2.865 euros anuais polo segundo descendente.

3.º 4.240 euros anuais polo terceiro descendente.

4.º 4.770 euros anuais polo cuarto descendente e seguintes.

b) Cando o descendente sexa menor de tres anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarase en 2.970 euros anuais.

3. O mínimo por ascendentes regulado no artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) No suposto previsto no apartado 1 do artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, 1.220 euros anuais.

b) Cando o ascendente sexa maior de 75 anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarse en 1.485 euros anuais.

CSV: BOPARLDEGALICIA-HSKQ1KeqPW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

4. O mínimo por discapacidade regulado no artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1.º 3.180 euros anuais cando o contribuínte sexa unha persoa con discapacidade e de 9.540 euros anuais cando o contribuínte acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

2.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais.

b) Nos supostos previstos no apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1.º 3.180 euros anuais por cada unha dos ascendentes ou descendentes con discapacidade.

2.º 9.540 euros anuais por cada unha das persoas ascendentes ou descendentes cando acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

3.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais».”

Emenda n º 3, de Adición. Artigo 2 quater

Engadir un novo artigo 2 quater no Capítulo I. Tributos cedidos do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

“Artigo 2 quater. Imposto sobre Patrimonio.

Suprímese a totalidade do Artigo 13 quater. -Bonificación na cota íntegra- do T*exto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de*

CSV: BOPARLDEGALICIA-HSQ1KeqPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo."

Emenda n º 4, de Adición. Artigo 2 quinquies

Engadir un novo artigo 2 quinquies no Capítulo I. Tributos cedidos do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

"Artigo 2 quinquies. Imposto sobre o Patrimonio.

Modifícase o Artigo 13 - Mínimo exento- do *Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*, cuxa redacción queda como segue:

Artigo 13. Mínimo exento

O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 300.000 euros."

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 2 sexies

Engadir un novo artigo 2 sexies no Capítulo I. Tributos cedidos do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

"Artigo 2 sexies.

Modifícase o artigo 13 bis -Cota íntegra- do *Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado*, que queda redactado como segue:

Artigo 13 bis. Cota íntegra

CSV: BOPARLDOCGHSKQ1Ke8PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	COTA ÍNTEGRA ATÉ EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
0	0	167.129	0,30
167.129	501,39	167.123	0,60
334.253	1.504,13	334.247	1,00
668.500	4.846,60	668.500	1,80
1.337.000	16.879,59	1.337.000	2,60
2.673.999	51.641,58	2.673.999	3,40
5.347.998	142.557,55	5.347.998	4,20
10.695.996	367.173,46	En diante	5,00

Emenda n º 6, de Adición. Artigo 2 septies

Engadir un novo artigo 2 septies ao Capítulo I (Tributos cedidos), do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

"Artigo 2 septies.

Suprímese o apartado 4 do artigo 20. Tres, do *Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo*".

Emenda n º 7, de Adición. Artigo 2 octies

CSV: BOPARLG-PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

Engadir un novo artigo 2 octies polo que se modifica o apartado b) do artigo 6. Dous do *Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*.

"Artigo 2 octies. Imposto sobre Sucesións e Doazóns

Modifícase a letra b) do número dous do artigo 6 do *Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*. A nova redacción queda como segue:

"b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou mais, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 200.000 euros"

Emenda n º 8, de Supresión. Artigo 3

Suprimir o Artigo 3.

Emenda n º 9, de Adición. Artigo 7 bis

Engadir un novo artigo 7 bis polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:

"Artigo 7 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.

Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

CSV: BOPGDE-B-20241114-PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito impoñíbel vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base impoñíbel do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que conten con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural."

Emenda n º 10, de Adición. Artigo 7 ter

Engadir un novo artigo 7 ter polo que se crea un novo imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, co seguinte texto:

"Artigo 7 ter. Imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión

CSV: BOPARLDEGALICIA-16112024-HS3QJKe8PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

Un. Obxecto do imposto

O imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito impoñíbel

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito impoñible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito impoñíbel do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito impoñíbel cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base impoñíbel e cota tributaria

1. A base impoñíbel do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

CSV: BOPSDEGHSKQKeqPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base impoñíbel	**Tipo/euros**
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base impoñíbel coma se a capacidade do tendido eléctrico fora de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda n º 11, de Adición. Artigo 7 quáter

Engadir un novo artigo 7 quáter polo que se crea un novo imposto sobre as vivendas baleiras, co seguinte texto:

"Artigo 7 quáter. Imposto sobre as vivendas baleiras

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social dapropiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

CSV: BOPSDEG-HSQ0Ke8PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito impoñíbel

Constitúe o feito impoñíbel do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmoble en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para

CSV: BOPSDEGHHSKQIKe8PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciaron durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

CSV: BOPSDEGHSKQKeqPW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario téñao documentalmente acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

CSV: BOPARLDE-GHBSKQ-PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas de aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base impoñíbel

1. Constitúe a base impoñíbel do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de devindicación do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou pola tributación consolidada, a base impoñíbel está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida no número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.”

CSV: BOPARLDG-DSG01-241116PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

Emenda n º 12, de Adición. Artigo 7 quinquies

Engadir un novo artigo 7 quinquies no Capítulo II. Tributos propios do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

“Artigo 7 quinquies. Canon eólico.

Os artigos 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, quedan substituídos polos que seguen:

“Artigo 14. Base impoñíbel.

1. Constitúe a base impoñíbel a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de parques eólicos que se estendan máis alá do limite territorial da comunidade autónoma, a base impoñíbel estará constituída pola suma das potencias unitarias nominais de unidades de aeroxeradores instalados no territorio galego.

3. Para a determinación da base impoñíbel teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devengo. No caso de que o número de aeroxeradores varíe ao longo do período impositivo, a base impoñíbel calcularase prorrateando por días o período de explotación de cada aeroxerador respecto ao total do número de días do ano natural.

Artigo 15. Tipo de gravame e cota tributaria.

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impoñíbel dos seguintes tipos de gravame anuais:

CSV: BOPARLDEGALICIA-HSQ1KeqPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

-En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 3 megawatts: 0 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 15 megawatts e igual ou superior a 3 megawatts: 2.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 25 megawatts e igual ou superior a 15 megawatts: 5.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 35 megawatts e igual ou superior a 25 megawatts: 7.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior ou igual a 50 megawatts e igual ou superior a 35 megawatts: 10.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa superior a 50 megawatts: 12.500,00 euros por megawatt.

2. Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 16. Bonificacións na cota

1. Cando como consecuencia dun proxecto de repotenciamento teña lugar unha redución efectiva das unidades aeroxeradoras, a contía da cota

CSV: BOPGDE-HSQ0KeqPW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que debe satisfacerse terá unha redución do 15% durante os cinco primeiros anos de funcionamento do parque repotenciado.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e para o seu recoñecemento será necesaria a comunicación do proxecto de repotenciación ao órgano competente da Administración da comunidade autónoma e a acreditación efectiva da redución das unidades de aeroxeradores.

3. A consellaría competente en materia de enerxía establecerá o procedemento para o recoñecemento da bonificación."

Emenda n º 13, de Adición. Artigo 7 sexies

Engadir un novo artigo 7 sexies co seguinte texto:

"Artigo 7 sexies. Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

O ponto 1 do artigo 11 da *Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada*, queda substituído polo que segue:

A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 2.400 € por hm3, à base imponíbel."

Emenda n º 14, de Adición. Artigo 7 septies

Engadir un novo artigo 7 septies co seguinte texto:

"Artigo 7 septies.

CSV: BOPGDSDEGHHSKQ1Ke4PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

"Modifícase o apartado g) do número 2 do artigo 40, da *Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza*, que queda redactado como segue:

«g) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a outras administracións ou a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais terá unha bonificación do 100% no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica.

Para aquelas concesións ou autorizacións nas que se realice a construción de embarcacións empregando os métodos construtivos establecidos no Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, ou se realicen labores de reparación e conservación destas embarcacións ou daquelas inscritas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza, será de aplicación unha bonificación do 90% os terreos, lámina de auga, obras e instalación. Para poder aplicar a bonificación será necesario que a persoa titular da concesión ou autorización achegue acreditación emitida polo órgano de xestión, definido no punto 1 do ANEXO II do Decreto 52/2019, que na instalación se realizan maioritariamente os procesos construtivos declarados B.I.C. polo dito Decreto e contar dentro do seu cadro de persoal un Mestre carpinteiro de ribeira e de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza»."

Emenda n º 15, de Modificación. Artigo 8

Substituír o texto do artigo 8 polo seguinte:

"O Consello da Xunta de Galiza presentará no prazo máximo dun mes un proxecto de lei no que se cree e regule o imposto sobre estadías turísticas, como tributo indirecto, instantáneo e propio da Comunidade Autónoma de Galiza, con base aos principios que se recollen nas

CSV: BOPSDEGHHSQ1Ke8PW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

propostas achegadas polo Concello de Santiago de Compostela ao Goberno galego."

Emenda n º 16, de Supresión. CAPÍTULO III

Suprimir o CAPÍTULO III.

Emenda n º 17, de Supresión. Artigo 14

Suprimir o artigo 14 do CAPÍTULO III.

Emenda n º 18, de Supresión. Artigo 26

Suprimir o artigo 26.

Emenda n º 19, de Supresión. CAPÍTULO VIII

Suprimir o CAPÍTULO VIII.

Emenda n º 20, de Supresión. Artigo 30

Suprimir o artigo 30do CAPÍTULO VIII.

Emenda n º 21, de Supresión. Sección 1ª

Suprimir a Sección 1ª do CAPITULO IX.

CSV: BOPARLDE-DSG-HSQ0Ke8PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

Emenda n º 22, de Supresión. Artigo 31

Suprimir o artigo 31 da Sección 1ª do CAPÍTULO IX.

Emenda n º 23, de Supresión. Artigo 32

Suprimir o artigo 32 da Sección 1ª do CAPÍTULO IX.

Emenda n º 24, de Supresión. Artigo 33

Suprimir o artigo 33 da Sección 1ª do CAPÍTULO IX.

Emenda n º 25, de Supresión. Artigo 34

Suprimir o artigo 34 da Sección 1ª do CAPÍTULO IX.

Emenda n º 26, de Supresión. Artigo 35

Suprimir o artigo 35 da Sección 1ª do CAPÍTULO IX.

Emenda n º 27, de Supresión. Artigo 39

Suprimir o artigo 39.

Emenda n º 28, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 79

No apartado Catro do artigo 79, no cadro das titulacións exixidas na especialidade de educador/a social da escala de técnicos facultativos no

CSV: BOPSDEGHSKQKeqPW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2), na columna “Titulación” substituír o texto:

"–Mestre ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de mestre en educación primaria ou diplomado ou graduado en Educación Social, ou primeiro ciclo da titulación de licenciado en Pedagoxía, da titulación de licenciado en Psicoloxía ou da titulación de licenciado en Psicopedagoxía, ou graduado nunha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores.", polo seguinte:

“-Diplomado/a ou graduado/a en Educación Social.”

Emenda n º 29, de Supresión. Disposición adicional cuarta

Suprimir a Disposición adicional cuarta.

Emenda n º 30, ao apartado 3, de Supresión. Disposición adicional novena

Suprimir o apartado 3 da Disposición adicional novena.

Emenda n º 31, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Suprimir a disposición transitoria primeira.

Emenda n º 32, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Suprimir a disposición transitoria segunda.

CSV: BOPARG-DSPG-HSSQIKe8PW-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:57:05
Nº Rexistro: 14599
Data envio: 16/11/2024 11:57:05.770

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2024 11:56:44

CSV: BOPSDEGHSKQKe4PW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 12/PL-000005)

Emenda n º 1, de Supresión. Artigo 1

Suprímese o o artigo 1 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025.

Emenda n º 2, de Adición. Artigo 1 bis

Adición dun novo artigo 1 *bis* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 1 *bis*. Modifícase o artigo 4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas A escala autonómica aplicable a base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base liquidable **Ata euros**	**Cota íntegra** **Euros**	**Resto baseliquidable** **Ata euros**	**Tipo aplicable** **Porcentaxe**

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOUKtzP0A1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

0,00	0,00	12.895,35	9,00%
12.985,35	1.186,68	8.083,25	11,65%
21.068,60	2.110,38	6.931,40	14,90%
28.000,00	3.143,16	7.200,00	16,00%
35.200,00	4.295,16	12.400,00	18,50%
47.600,00	6.589,16	12.400,00	21,00 %
60.000,00	9.193,16	20.200,00	23,50 %
80.200,00	13.940,16	19.800,00	24,50 %
100.000,00	18.791,16	En adiante	25,00 %”

Emenda n º 3, de Supresión. Artigo 3

Supresión de todo o artigo 3.

Emenda n º 4, de Supresión. Artigo 4

Supresión de todo o artigo 4.

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 4 bis Un

Adición dun novo artigo 4 *bis* Un no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 *bis* Un. Eliminación da bonificación do imposto sobre o patrimonio.

Modifícase o artigo 13 *quater* do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos,

CSV: BOPSDEGA-PA-XOUR-tzP0V-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 *quater*. Bonificación na cota íntegra Sobre a cota íntegra do imposto non se aplicará bonificación do 25 % nin do 50 % do seu importe»."

Emenda n º 6, de Adición. Artigo 4 bis Dous

Adición dun novo artigo 4 *bis* Dous, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 *bis* Dous.

Modifícase o artigo 13 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado co seguinte contido:

1. O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluíndo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."

Emenda n º 7, de Adición. Artigo 4 bis Tres

Adición dun novo artigo 4 bis Tres no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 bis Tres.

"Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que quedará redactado do seguinte xeito:

CSV: BOPSDEGA-PA-KOURtqz-V0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

1. A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 1.200 euros por hm3, á base impoñible.

2. De acordo co establecido no artigo 4 desta lei, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

Emenda n º 8, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 8

Modifícase o número 1 do artigo 8 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, que queda redactado nos seguintes termos:

"1. O Consello da Xunta de Galicia presentará un proxecto de lei ao Parlamento de Galicia no cal se cree e se regule o imposto sobre estadías turísticas, consensuado coa Fegamp por ser a entidades representativa de todos os concellos galegos, como tributo indirecto, instantáneo e propio da Comunidade Autónoma de Galicia, con base nos principios que se recollen neste artigo."

Emenda n º 9, de Adición. Artigo 13

Adición dun novo parágrafo no artigo 13 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que quedará redactado co seguinte contido:

"Engádese no artigo 2.2 do Decreto 135/24, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia o seguinte contido:

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOUKtqzP0A-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Logo de: "con nivel orgánico de Subdirección Xeral", engadir: "nomeadas polo procedemento de libre designación entre persoas empregadas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma dos subgrupos A1 e A2, ou persoal estatutario ou persoal docente con equivalencias nos subgrupos referidos."

Emenda n º 10, ao apartado Catorce. 1, de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Catorce do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, un novo parágrafo no número 1 en relación a disposición adicional décimo segunda coa seguinte redacción:

"Para estes efectos, poderase ter en conta o documento de zonificación ambiental para a implantación de enerxía renovables, publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o 1 de decembro de 2020."

Emenda n º 11, ao apartado Catorce. s, de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Catorce do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, un novo parágrafo no número 2 en relación a disposición adicional décimo segunda coa seguinte redacción:

"Terase en conta o Marco de acción prioritaria (MAP) para ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia ao amparo do artigo 8 da Directiva 92/43/CEE do Consello relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres."

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOUKtqZ-V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 12, ao apartado Catro. 3 bis), de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Catro do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación ao artigo 6 *ter*un novo punto que quedará redactado como segue:

"3 bis.Antes de proceder á declarar a prevalencia competencial do Plan sectorial eólico de Galicia sobre as previsións contrarias ao planeamento municipal, o Goberno galego aplicará medidas de cooperación e axuda, ao abeiro do disposto nos artigos 193 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, para acadar o cumprimento dos prazos na tramitación das licenzas urbanísticas dos proxectos incluídos nos anteditos plans."

Emenda n º 13, ao apartado Cinco. 3 bis), de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Cinco do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación ao artigo 6 quater un novo número que queda redactado como segue:

"3 *bis*.Na declaración ambiental estratéxica ordinaria do Plan Sectorial Eólico de Galicia terase en conta o Marco de Acción Prioritaria (MAP) para ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia ao amparo do artigo 8 da Directiva 92/43/CEE do Consello relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres."

CSV: BOPSDEG-vb4kb0Rtqz2V0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 14, ao apartado Dez. 3, de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Dez do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación ao número 3 do artigo 41 *bis*un novo parágrafo que queda redactado como segue:

"As empresas propietarias de proxectos de parques eólicos estarán obrigadas a colaborar no sostemento do seguimento de mortalidade de fauna e análise de situacións de risco ambiental que realizará o departamento competente en materia de medio ambiente sobre as súas instalacións. O Goberno de Galicia desenvolverá regulamentariamente ditas fórmulas de colaboración."

Emenda n º 15, ao apartado Dezaseis bis), de Adición. Artigo 14

Engádese un novo apartado Dezaseis bis no artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

"Dezaseis *bis*. Engádese una disposición transitoria coa seguinte redacción:

*«D*isposición transitoria. Planificación, zonificación e proxectos con autorizacións en curso

1. Os departamentos competentes en materia de planificación enerxética, loita contra o despoboamento, ordenación do territorio e medio ambiente, coa asistencia do INEGA, avaliarán e mapearán desde a entrada en vigor desta disposición as zonas para a implantación de parques eólicos, co obxecto de acordar criterios de sustentabilidade ambiental

CSV: BOPSDEGA-PA-XUNTA-DUKtqZ0-1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

integral aplicables ao plan sectorial eólico vixente, conforme aos cales determinadas zonas do territorio de Galicia poderán declararse aptas e non aptas para a implantación de plantas de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, absolutamente ou en función de rangos de potencia. Para estes efectos, poderase ter en conta o documento de zonificación ambiental para a implantación de enerxía renovables, eólica e fotovoltaica, publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o 1 de decembro de 2020.

2. A declaración de zonas non aptas prevista nesta disposición non afectará en ningún caso a proxectos en tramitación ou con autorización. Entenderase que se atopan en tramitación os proxectos que iniciasen, por calquera vía, a súa tramitación de autorización enerxética ou ambiental.

3. Sen prexuízo do anterior, os proxectos de parques eólicos en tramitación ou con autorización previstos en zonas non aptas nos que exista un pronunciamento por parte dun órgano administrativo ou xudicial que suspenda a eficacia da resolución de autorización administrativa previa á construción, poderanse seguir a instancia do promotor o procedemento previsto no artigo 37 tendo en conta criterios de sustentabilidade ambiental integrada, conservando os actos administrativos válidos. Estes proxectos terán a consideración de prioritarios e urxentes para a súa tramitación.»"

Emenda n º 16, ao apartado Doce. 3, de Supresión. Artigo 14

Suprímese no apartado Doce do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 2009, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, a alínea b) do número 3 en relación á disposición adicional décima:

Suprimir: "b) Na falta de previsións contidas nos proxectos, aqueles parques cuxos aeroxeradores acadasen 25 anos desde a súa posta en funcionamento."

CSV: BOPSDEG-vb4kOURtqzP0A1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 17, ao apartado Doce. 3, de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Doce do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 2009, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na alínea a) do número 3 en relación á disposición adicional décima o seguinte contido:

"Ou ben se manteñen as condicións operativas óptimas, motivadas tecnicamente polos promotores, máis alá da vida útil de deseño previsto no proxecto de execución de conformidade coa normativa aplicable."

Emenda n º 18, ao apartado Doce. 11 bis), de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Doce do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, un novo punto en relación á Disposición adicional décima que queda redactado como segue:

"11 *bis*.Nas repotenciacións obrigatorias, o Goberno da Comunidade Autónoma Galega, promoverá medidas de fomento e incentivos. De forma particular, convocará axudas públicas de programas de repotenciación circular, que inclúan tanto a substitución de aeroxeneradores como capacidade para reciclar todo o seu volume anual destes residuos."

Emenda n º 19, ao apartado Doce. 11 ter), de Adición. Artigo 14

CSV: BOPSDEG-v4ak0UKtqP0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Engádese no apartado Doce do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, un novo punto en relación á Disposición adicional décima que queda redactado como segue:

"11 *ter*.As fases temporais, os requisitos técnicos de repotenciación obrigatoria, así como as medidas de incentivos e fomento establecidas nesta disposición, desenvolverase regulamentariamente no prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor desta disposición."

Emenda n º 20, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 14

Suprímese no apartado Dous do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación ao número 6 do artigo 6 o seguinte contido:

Suprimir: "Así mesmo, poderán implantarse fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia os proxectos declarados de especial interese público social e económico, consonte o establecido na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia."

Emenda n º 21, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 14

Modifícase no apartado Dous do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación

CSV: BOPSDEGA4ABLOUR1qzP0A1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Ambiental, en relación ao número 3 do artigo 6 que quedará redactado como segue:

"3. En particular, é obxecto do plan sectorial a identificación e determinación das zonas idóneas para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia, co fin de recoller a previsión de localización de instalacións e infraestruturas de enerxía eólica necesarias para lograr o máximo aproveitamento do potencial renovable de Galicia.

As instalacións necesarias para a produción e evacuación da electricidade xerada e as actuacións que constitúen o obxecto e ámbito do plan sectorial decláranse de marcado carácter territorial e alcance supramunicipal.

Para a determinación dos solos autorizables para a instalación de parques eólicos teranse en conta unha serie de factores limítantes entre os que se inclúen os ambientais e paisaxísticos, a produción agrícola, a conservación do patrimonio cultural, a ordenación territorial e a planificación urbanística, os riscos naturais e a servidume de infraestruturas existentes ou proxectadas.

As empresas propietarias de proxectos de parques eólicos estarán obrigadas a colaborar no sostemento do seguimento de mortalidade de fauna e análise de situacións de risco ambiental que realizará o departamento competente en materia de medio ambiente sobre as súas instalacións. O Goberno de Galicia desenvolverá regulamentariamente ditas fórmulas de colaboración."

Emenda n º 22, ao apartado Dous. 1, de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Dous do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación ao número 1 do artigo 6 o seguinte contido:

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOURtqZ-V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Engadir *in fine*: "... A estes efectos terá prevalencia a protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística."

Emenda n º 23, ao apartado Nove. 1, de Supresión. Artigo 14

Suprímese no apartado Nove do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o número 1 en relación ao artigo 40.

Suprimir: "1. Conforme o establecido no artigo 35.1.m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os proxectos de parques eólicos e das súas infraestruturas de evacuación poderán implantarse en calquera categoría de solo rústico, ao non implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos, sen que sexa necesaria a aprobación dun proxecto de interese autonómico regulado pola lexislación de ordenación do territorio."

Emenda n º 24, ao apartado Nove. 2, de Supresión. Artigo 14

Suprímese no apartado Nove do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o número 2 en relación ao artigo 40.

Suprimir: "2. Outorgada a autorización administrativa previa e de construción, tramitarase o título habilitante municipal de natureza urbanística que corresponda. No caso de que o solo sexa rústico de especial protección, será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á tramitación do título habilitante municipal. Para estes efectos, non será necesaria a emisión dunha nova autorización ou

CSV: BOPSDEGA-PA5KOUR-tqz-V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

informe no caso de que a competencia sectorial corresponda a un órgano autonómico e este se pronunciase favorablemente no trámite previsto no artigo 33.12."

Emenda n º 25, ao apartado Once. 1, de Supresión. Artigo 14

Suprímese no apartado Once do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o número 1 en relación á Disposición adicional quinta o terceiro parágrafo:

Suprimir: "Non serán tampouco aplicables a aqueles proxectos que perdesen os permisos de acceso e conexión como consecuencia de non teren alcanzado algún dos fitos previstos no Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, e que deban solicitar novamente as autorizacións administrativas previa e de construción, sempre que conten cunha declaración de impacto ambiental favorable en vigor na data da nova solicitude de autorización."

Emenda n º 26, ao apartado Once. 1, de Supresión. Artigo 14

Suprímese no apartado Once do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o número 1 en relación á Disposición adicional quinta o cuarto parágrafo:

Suprimir: "En todo caso, os aeroxeradores deberán situarse á máxima distancia posible, cun mínimo de 500 metros, ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado."

CSV: BOPSDEG-vb4kOUKtqzP0l-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 27, ao apartado Once. 1, de Modificación. Artigo 14

Modifícase no apartado Once do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o número 1 en relación á Disposición adicional quinta que queda redactado como segue:

"1.Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 1.500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxa máis pa)."

Emenda n º 28, ao apartado Quince. 1, de Modificación. Artigo 14

Modifícase no apartado Quince do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o número 1 en relación á disposición adicional décimo terceira coa seguinte redacción:

"1. De conformidade co establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018, a Administración autonómica poderá aprobar, no marco das súas competencias, como instrumentos específicos de planificación, antes da aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia, a designación de áreas de infraestrutura específicas para a execución dos proxectos de rede necesarios para integrar a enerxía eólica no sistema eléctrico nas que non se prevexa que a execución dos devanditos proxectos non teñan un

CSV: BOPSDEGA-A5KOUKtsPV0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

impacto ambiental significativo, un impacto que poida mitigarse ou, na súa falta, compensarse debidamente. O obxectivo das citadas áreas será apoiar e complementar as zonas de aceleración renovables eólicas."

Emenda n º 29, ao apartado Trece. 3, de Adición. Artigo 14

Engádese no apartado Trece do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, un novo parágrafo no número 3 en relación a disposición adicional décimo primeira:

"Para estes efectos, poderase ter en conta o documento de zonificación ambiental para a implantación de enerxía renovables, publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o 1 de decembro de 2020."

Emenda n º 30, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 14

Modifícase o apartado Un do artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactado como segue:

"Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. Competencia

A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galicia será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellaría competente en materia de planificación enerxética.

CSV: BOPSDEG-vb4ldUKtqZ0/1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Correspóndelle á consellaría competente en materia de instalacións de produción de enerxía eólica tramitar e resolver, como órgano con competencia principal, as solicitudes que se presentaren ao amparo do disposto nesta lei, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder a outros órganos das administracións públicas.

En coordinación coa Consellería competente en materia de Medio Ambiente, na planificación do aproveitamento da enerxía eólica terase en conta o Marco de acción prioritaria (MAP) para ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia ao amparo do artigo 8 da Directiva 92/43/CEE do Consello relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Na elaboración no Plan sectorial eólico de Galicia fomentarase especialmente a participación das entidades locais galegas, a través da Federación Galega de Municipios, e especialmente en proxectos que se promovan desde as comunidades enerxéticas locais ou outros esquemas participativos, tal e como se recollan no ordenamento xurídico.En todo caso informarase ao diálogo social de calquera proxecto que vaia desenvolver a Administración autonómica a través das sociedades nas que participe»."

Emenda n º 31, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 14

Engádese un novo apartado Un *bis*no artigo 14 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactado como segue:

"Un *bis*. Engádese un novo artigo 4 *bis, c*oa seguinte redacción:

«4 *bis.*Participación pública temperá do Plan sector eólico de Galicia

CSV: BOPSDEGA-PA-KOURtqz-V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

1. O Goberno galego debe estimular a participación temperá da cidadanía galega, incluídos os de fogares de renda baixa e media, e das comunidades de enerxía na planificación do sector eólico, o desenvolvemento, o despregamento e a explotación dos proxectos de parques eólicos e os proxectos de infraestruturas conexas, e adoptar medidas para fomentar a transferencia dos beneficios da transición enerxética ás comunidades locais, en particular mediante a participación en comunidades de enerxía ou outras estruturas de copropiedade, de conformidade coaRecomendación (UE) 2024/1343, de 13 de maio do 2024, relativa á aceleración dos procedementos de concesión de autorizacións para proxectos de enerxía renovable e de infraestruturas conexas.
2. O Goberno galego debe garantir que se organicen audiencias públicas para as partes interesadas, nunha fase temperá e de forma regular durante o procedemento de deseño do Plan sectorial eólico de Galicia cando aínda poidan influír na localización, o percorrido ou a tecnoloxía dos activos de rede. O goberno Galego debe garantir que as audiencias públicas e demais iniciativas de participación das partes interesadas sexan inclusivas e accesibles, de forma que o público poida interactuar en tempo oportuno cos promotores de proxectos e os responsables da toma de decisións, e foméntese a participación activa en todas as fases de planificación, desenvolvemento, despregamento e explotación dos proxectos de parques eólicos.
3. Darase un tratamento especial na participación pública temperá a aquelas zonas xeográficas con menor nivel de desenvolvemento económico ou redución de poboación, a fin de cohesionar Galicia tanto a nivel territorial como social.
4. O Goberno galego desenvolverá dunha estratexia de publicidade e transparencia de datos accesibles e reutilizables co fin de garantir que a cidadanía está informada en todo momento sobre a elaboración do Plan sector eólico de Galicia, o seu impacto, as súas externalidades negativas, e os beneficios sociais, económicos e ambientais que xerará.»"

CSV: BOPSDEGA-PA5KOURtqr-V0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Emenda n º 32, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 17

Modifícase o apartado Dous do artigo 17 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, relativo ao artigo 59 que queda redactado como segue:

"Dous.Modifícase o número 3 do artigo 59, que queda redactado como segue:

«3. Regulamentariamente estableceranse os distintos tipos de licenzas, diferenciando se teñen por obxecto a práctica cinexética ou a utilización de medios, e condicionando á residencia en Galicia da persoa titular e a súa maioría de idade; o seu prazo de validez, que poderá ser dun ano ou dun mes; e os seus procedementos de expedición.»"

Emenda n º 33, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 17

Modifícase o apartado Un do artigo 17 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, relativo ao artigo 48 que queda redactado como segue:

"Un. Modifícase o número 2 do artigo 48, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Quen sexa titular dos tecores e das explotacións cinexéticas comerciais en que se practique a caza de especies silvestres deberá presentar unha solicitude de aprobación do plan anual de aproveitamento cinexético que desenvolva as previsións contidas no plan de ordenación cinexética para esa tempada.

A solicitude, dirixida á persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza, irá acompañada da proposta do plan anual de aproveitamento cinexético, redactado por unha ou un técnico universitario competente dentro das condicións

CSV: BOPSDEGA-A5KOUKtzP0A-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

establecidas no artigo 54 desta lei, e será presentada cunha antelación mínima de dous meses ao comezo de cada tempada de caza. A persoa titular do citado órgano territorial dispoñerá dun prazo dun mes para ditar e notificar a correspondente resolución. Vencido o indicado prazo sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Non obstante o anterior, cando a falta de notificación de resolución expresa da aprobación do plan se deba a unha causa non imputable ao titular do tecor ou da explotación cinexética comercial, poderanse realizar as actividades cinexéticas nos períodos, días e condicións establecidos na correspondente resolución anual vixente regulada no artigo 54 desta lei e consonte as previsións do plan anual de aproveitamento cinexético precedente, ata que se notifique a correspondente resolución que decida sobre a solicitude do plan anual de aproveitamento.

Unha vez notificada a resolución de aprobación do novo plan, este será de obrigado cumprimento.»"

Emenda n º 34, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 17

Engádese un apartado Un *bis* no artigo 17 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, relativo ao artigo 58 que queda redactado como segue:

"Un *bis.*Modifícase o número 1 do artigo 58, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para poder practicar a caza é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter os 18 anos cumpridos. Para practicar a caza con armas, as persoas menores de idade deberán ter a idade requirida pola normativa de armas e ir acompañadas e vixiadas por unha persoa maior de idade a unha distancia máxima de 50 metros.»"

CSV: BOPSDEGA-A5LOURtqZ-0V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 35, ao apartado Tres bis). 4, de Supresión. Artigo 18

Suprímese no número 4 do artigo 18 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación coa modificación do apartado Tres *bis*da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, o seguinte contido:

Suprimir:

"Non se considerará cumprido este requisito naqueles casos en que a porcentaxe de impropios, entendendo por tales os residuos depositados incorrectamente no correspondente contedor, supere unha porcentaxe dun 30 % para o contedor amarelo de residuos de envases ou dun 15 % no contedor marrón de biorresiduos de orixe doméstica."

Emenda n º 36, ao apartado Tres bis). 7 bis), de Adición. Artigo 18

Engádese un novo número 7 *bis*no artigo 18 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 1, relativo á modificación do apartado Tres *bis*da disposición adicional vixésimo primeira da Lei1/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, que queda redactado nos seguintes termos:

"7 *bis*.Asesorar e cofinanciar aos concellos para implantación de sistemas de recollida separada de biorresiduos e doutras fraccións (téxtiles, enseres, mobiliario) de recollida separada obrigatoria a partires de 2025."

Emenda n º 37, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 19

CSV: BOPSDEG-vb4kOURtzP0/1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Modifícase o apartado Dous do artigo 19 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, relativo ao artigo 10 que queda redactado nos seguintes termos:

"Dous. Modifícase o número 3 do artigo 10, que queda redactado como segue:

«3. Serán obxecto de comunicación previa ao inicio da súa actividade os establecementos veterinarios, os centros dedicados á hixiene e ao coidado estético dos animais, para a súa inscrición no Reganuz, de conformidade co disposto na normativa de unidade de mercado, nesta lei e na demais normativa aplicable. Regulamentariamente poderán establecerse outros tipos de establecementos ou recintos obxecto de comunicación previa.»"

Emenda n º 38, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 19

Modifícase o apartado Un do artigo 19 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, relativo ao artigo 4 que queda redactado como segue:

"Un. Modifícase o número 16 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«16. Núcleo zoolóxico: conxunto formado polo establecemento ou recinto de animais de compañía, tanto de titularidade pública como privada, e a colección zoolóxica que alberga.»"

CSV: BOPSDEG-v4ak0UKtqzP0v1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 39, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 20

Modifícase o apartado Catro do artigo 20 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, relativo ao artigo 92 que queda redactado nos seguintes termos:

"Catro. Modifícase o número 4 do artigo 92, que queda redactado como segue:

«4. Este procedemento someterase durante o prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e de información pública. Tamén se lles solicitará un informe a aquelas consellerías cuxas competencias resulten afectadas, o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e a calquera outra administración afectada; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días. De non ser o caso, procederase coa continuación do procedemento, a menos que se acordase a suspensión do prazo para resolver nos termos previstos no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»"

Emenda n º 40, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 20

Modifícase o apartado Dous do artigo 20 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, relativo ao artigo 53 que queda redactado nos seguintes termos:

"Dous. Modifícase o número 4 do artigo 53, que queda redactado como segue:

«4. Con carácter previo á súa aprobación, o borrador do plan de ordenación dos recursos naturais someterase durante o prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas, de información pública e de consulta dos intereses sociais e institucionais afectados e das organizacións sen ánimo de lucro que persigan o logro dos obxectivos da

CSV: BOPSDEGA-PA-KDURtqz-V0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Tamén se lles solicitará un informe a aquelas consellerías cuxas competencias resulten afectadas, aos concellos situados no ámbito territorial do plan ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible y e a calquera outra administración afectada; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días. De non ser o caso, procederase coa continuación do procedemento, a menos que se acordase a suspensión do prazo para resolver nos termos previstos no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»"

Emenda n º 41, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 20

Modifícase o apartado Tres do artigo 20 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, relativo ao artigo 57 que queda redactado nos seguintes termos:

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 57, que queda redactado como segue:

«4. O borrador do plan reitor de uso e de xestión someterase durante o prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e á xunta reitora correspondente e mais de información pública. Tamén se lles solicitará un informe a aquelas consellerías cuxas competencias resulten afectadas, aos concellos situados no ámbito territorial do plan, ás administracións competentes en materia urbanística, ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a calquera outra administración afectada; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días.

De non ser o caso, procederase coa continuación do procedemento, a menos que se acordase a suspensión do prazo para resolver nos termos previstos no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»"

CSV: BOPSDEGA-PA-KOURtqz-V0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Emenda n º 42, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 20

Modifícase o apartado Un do artigo 20 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, relativo ao artigo 40 que queda redactado nos seguintes termos:

"Un. Modifícase o número 5 do artigo 40, que queda redactado como segue:

«5. Este proxecto de norma someterase durante o prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e de información pública. Igualmente, solicitaráselles un informe a aquelas consellerías cuxas competencias resulten afectadas, aos concellos situados no ámbito territorial do espazo obxecto do procedemento e a calquera outra administración afectada e, no caso de espazos naturais protexidos a incluír na Rede galega de espazos protexidos, ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días.

No caso contrario procederase coa continuación do procedemento, a menos que se acordase a suspensión do prazo para resolver nos termos previstos no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»"

Emenda n º 43, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 21

Suprímese o apartado Dous do artigo 21 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, relativo ao artigo 77.

Suprimir:

"Dous. Engádese o número 5 ao artigo 77, coa seguinte redacción:

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOURtq-2V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

«5. Cando o xustifique a debida adecuación entre a sanción que deba aplicarse coa gravidade do feito constitutivo da infracción e as circunstancias concorrentes, o órgano competente para resolver poderá impoñer a sanción no grao inferior.

Constitúe circunstancia que atenúa a responsabilidade das persoas ou entidades infractoras a reparación total ou parcial do dano causado ou a corrección da situación creada pola comisión da infracción, con anterioridade á finalización do procedemento administrativo sancionador.»"

Emenda n º 44, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 21

Modifícase o apartado Un do artigo 21 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, relativo ao artigo 19 que queda redactado nos seguintes termos:

"Un. Modifícase o número 5 do artigo 19, que queda redactado como segue:

«5. Regulamentariamente determinaranse as clases de licenza, a súa vixencia e o procedemento para o seu outorgamento.»"

Emenda n º 45, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 23

Modifícase o número 3 do artigo 23 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que queda redactado co seguinte contido:

"3. Cando como consecuencia das regras establecidas no número 2.a) e b) o cómputo do alumnado excedese de 20 ou 25 segundo a aplicación progresiva do calendario, a consellaría competente en materia de educación, mantendo o número de grupos que había en 4º de educación

CSV: BOPSDEGA-A5LOUKq-2V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

infantil, dotará o centro educativo con recursos docentes adicionais aos que lle corresponden por catálogo."

Emenda n º 46, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 24

Suprímese o número 2 do artigo 24 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025.

Suprimir:

"2. A redución das ratios por agrupamentos realizarase de forma progresiva, de acordo co seguinte calendario de aplicación:

a) Curso 2024-2025: agrupamentos de alumnado do segundo ciclo de educación infantil pertencente a diferentes niveis.

b) Curso 2025-2026: agrupamentos de alumnado do primeiro ciclo de educación primaria e agrupamentos do alumnado de educación infantil e de educación primaria.

c) Curso 2026-2027: agrupamentos de alumnado do segundo ciclo de educación primaria e agrupamentos do alumnado de educación primaria pertencente a toda a etapa.

d) Curso 2027-2028: agrupamentos de alumnado do terceiro ciclo de educación primaria e o alumnado de educación primaria pertencente a distinto ciclo, así como agrupamentos de alumnado do segundo ciclo de educación infantil pertencente a diferentes niveis cando inclúa alumnado de 3 anos."

Emenda n º 47, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 24

Modifícase o número 3 do artigo 24 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que queda redactado co seguinte contido:

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOURtq-2V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

"3. Serán aplicables ás ratios as regras recollidas nas letras a), b) e c) do número 2 do artigo anterior. Cando, como consecuencia do cómputo do alumnado a que se fai referencia nas ditas regras, o alumnado exceder de 20, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, mantendo os mesmos agrupamentos, dotará o centro educativo con recursos docentes adicionais aos que lle corresponden por catálogo."

Emenda n º 48, de Adición. Artigo 24 bis

Engádese un novo artigo 24 *bis*no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que queda redactado nos seguintes termos:

"Artigo 24 *bis*.Dereitos retributivos do profesorado substituto. Resolución 2/5/2023 pola que se da publicidade ao texto refundido do Acordo de 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

1. O profesorado substituto que preste servizos efectivos nun curso académico durante polo menos cinco meses e medio terá dereito a que se lle efectúe un nomeamento polo mes de xullo e polos días do mes de agosto que procedan, unha vez deducidos os abonados por vacacións non disfrutadas.

2. Será computable aos efectos da determinación dos cinco meses e medio de servizos efectivos o tempo transcorrido na baixa maternal, tanto pola nai biolóxica como para o outro proxenitor distinto da nai biolóxica, si este disfrutou dunha parte do permiso."

Emenda n º 49, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 27

CSV: BOPSDEG-v4ak0UKtqP0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Modifícanse no apartado Dous do artigo 27 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia os artigos 98, 100, 101, 103 e 107 do Capítulo I, que quedan redactados nos seguintes termos:

"Artigo 98. *Inicio do procedemento*

Haberá unha solicitude para o recoñecemento da situación de dependencia e outra diferente para o grao de discapacidade que deberán atoparse incluídas dentro da normativa de desenvolvemento propia do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, e non na Lei de Servizos Sociais de Galicia.

Artigo 100. *Presentación de solicitudes*

O profesional de referencia circunscribirase ao ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios, tal e como recolle o artigo 24 da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, como o Decreto 99/2012 (ex artigo 37)

Artigo 101. *Tramitación prioritaria*

En caso de emerxencia social deberá valorarse a existencia de emerxencia en si mesma, non da documentación dispoñible. A valoración será realizada por un/ha profesional do Traballo Social mediante a elaboración dun informe, en atención as criterios de: desprotección grave a nivel persoal e de saúde, social e/ou familiar, que requira dunha intervención inmediata e ineludible para evitar que a dita situación supoña un risco grave para a vida da persoa solicitante.

Artigo 103. *Valoración*

A aplicación do baremos será función exclusiva dos Servizos Sociais Especializados e dos Equipos Técnicos de Valoración, reforzándose estes equipos nos departamentos territoriais.

Artigo 107. *Programa individual de atención*

CSV: BOPSDEGA-PA-KDURtqz-0V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Programa individual de Atención – O PIA deberá ter en conta as expectativas ou necesidades da persoa interesada e a valoración realizada polos profesionais de Traballo Social nas súas intervencións. Do mesmo xeito, debe garantirse o carácter prioritario dos Servizos fronte as libranzas, tal e como recolle o Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que queda regulado o procedemento para as prestacións do Sistema par a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes."

Emenda n º 50, ao apartado Un. b), de Modificación. Artigo 27

Modifícase no apartado Un do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, relativo á letra b) do número 3 do artigo 40 da modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que queda redactada como segue:

"Un. Modifícase a letra b) do número 3 do artigo 40, que pasa a ter a seguinte redacción:

«"b) Informar, no ámbito material dos servizos sociais, os proxectos de planificación e programación, así como os anteproxectos de leis e os proxectos de normas regulamentarias que se diten en execución de leis en dita materia.»"

Emenda n º 51, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 30

Modifícase o apartado Catro do artigo 30 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, relativo ao artigo 180 e queda redactado nos seguintes termos:

CSV: BOPSDEGA-PA-KDURtqz-V0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

"Catro. Modifícase a letra j) do número 3 do artigo 180, que queda redactada do seguinte xeito:

«j)As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación das asociacións de mulleres do mar de carácter autonómico a elección das mesmas.»"

Emenda n º 52, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 30

Suprímese o apartado Dous do artigo 30 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia no relativo ao artigo 179.

Suprimir:

"Dous. Modifícanse as letras l), m) e n) do número 3 do artigo 179, que pasan a ter a seguinte redacción:

«l) Dúas persoas designadas pola consellaría competente en materia de medio rural relacionadas cos sectores profesionais nos que a presenza de mulleres é a maioritaria e dúas persoas designadas pola consellaría competente en materia de mar en representación do sector acuícola, o da transformación ou doutras actividades relacionadas coa pesca nas que as mulleres representen a maioría das persoas traballadoras do sector; en particular as mariscadoras, as redeiras e as representantes do sector da conserva, entre outros.

m) Tres persoas en representación das entidades agrarias que forman parte do Consello Agrario Galego.

n) Tres persoas designadas pola Federación Galega de Confrarías, por proposta das federacións provinciais de confrarías, en representación do sector extractivo.»

CSV: BOPSDEGA-PA5KOUR-tzP0A-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Emenda n º 53, ao apartado Dous bis), de Adición. Artigo 30

Engádese un apartado Dous *bis*no artigo 30 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no relativo ao artigo 179 que queda redactado nos seguintes termos:

"Dous *bis*. Engádese un número 1 bis ao artigo 179 coa seguinte redacción.

Créase o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, como órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia. formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnoses e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas."

Emenda n º 54, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 30

Suprímese o apartado Tres do artigo 30 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, relativo ao artigo 180.

Suprimir:

"Tres. Modifícase a letra j) do número 2 do artigo 180, que queda redactada como segue:

«j) As tres persoas que formen parte do Observatorio en representación das entidades agrarias que forman parte do Consello Agrario Galego.»"

Emenda n º 55, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 36

CSV: BOPSDEGA-PA-KOUKtqP-0V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Engádese no apartado Cinco do artigo 36 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, un número novo en relación ao artigo 45 *ter* que queda redacto como segue:

"5 *bis*.Antes de proceder á declarar a prevalencia competencial do Plan sectorial de actividades extractivas sobre as previsións contrarias ao planeamento municipal, o Goberno galego aplicará medidas de cooperación e axuda, ao abeiro do disposto nos artigos 193 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, para acadar o cumprimento dos prazos na tramitación das licenzas urbanísticas dos proxectos incluídos nos anteditos plans."

Emenda n º 56, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 36

Engádese un apartado Cinco bis no artigo 36 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

"Cinco *bis*. Engádese unha disposición adicional coa seguinte redacción:

1. O departamento con competencias en materia de minería elaborará no prazo máximo dun ano un Plan de actividades extractivas en Galicia, no que se incluirá unha zonificación territorial cunha base de datos cartográfica de todos os dereitos mineiros de Galicia coa clasificación de recursos e seccións e indicación dos dereitos activos e inactivos, aos efectos de declarar de forma expresa pola Autoridade mineira a caducidade dos dereitos polas causas legais previstas tanto la lei de minas do Estado de 1973 coma nesta lei.

A zonificación territorial indicará as zonas aptas e non aptas susceptibles de explotación mineira, ós efectos de avaliar con carácter previo ó outorgamento dos permisos de investigación ou explotación, os efectos adversos medioambientais sobre os ecosistemas e hábitats. Para estes efectos, terase en conta o Marco de acción prioritaria (MAP) para

CSV: BOPSDEGA-PA-KDUKtzP-V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia ao amparo do artigo 8 da Directiva 92/43/CEE do Consello relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres."

2.O Plan de actividades extractivas de Galicia deberá someterse a declaración ambiental estratéxica ordinaria."

Emenda n º 57, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 36

Suprímese no apartado Tres do artigo 36 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, en relación ao número 1 do artigo 35 o seguinte texto:

No primeiro parágrafo, suprimir: "En todo caso, realizaranse convocatorias de concurso diferenciadas por cada provincia."

Emenda n º 58, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 36

Modifícase no apartado Tres do artigo 36 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, o primeiro parágrafo do número 1 no relativo ao artigo 35 que queda redactado como segue:

"«1. Para o outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou da declaración de caducidade dun permiso de exploración, dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación mineira, tramitarase o correspondente concurso público, regulado neste artigo e no resto da normativa aplicable. En todo caso, realizaranse convocatorias de concurso diferenciadas por cada provincia e convocaranse cunha periocidade anual."

CSV: BOPSDEGA-PA-KDURtqz-V4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 59, ao apartado Un. 1, de Adición. Artigo 36

Engádese no apartado Un do artigo 36 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, na alínea d) no punto 1 en relación ao artigo 8 que queda redactada como segue:

"16º *bis* Unha persoa representante da Federación galega de Municipios."

Emenda n º 60, ao apartado Oito, de Supresión. Artigo 39

Suprímese no apartado Oito do artigo 39 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, a alínea f) do número 1 en relación ao artigo 92.

Suprimir:

"f)Que na tramitación conxunta das iniciativas de creación de solo empresarial vinculado e do proxecto ou proxectos industriais estratéxicos concorra un interese autonómico, que transcenda o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica ou social, pola súa magnitude ou polas súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado."

CSV: BOPSDEGA-PA5KOUR-tzP0A-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 61, ao apartado Oito, de Supresión. Artigo 39

Suprímese no apartado Oito do artigo 39 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, o número 5 en relación ao artigo 93.

Suprimir:

"5.Só se poderá exceptuar a implantación das instalacións prevista nos números anteriores ou o cumprimento das porcentaxes e distancias indicadas no caso de que, por causas debidamente xustificadas por parte da entidade promotora, non sexa posible por motivos técnicos ou de afeccións aos valores naturais ou patrimoniais. Este aspecto será obxecto de valoración específica por parte da consellaría competente en materia de industria ou, de ser o caso, polas consellarías con competencias nas materias referidas."

Emenda n º 62, ao apartado Oito, de Supresión. Artigo 39

Suprímese no apartado Oito do artigo 39 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, o número 7 en relación ao artigo 93.

Suprimir:

"7. Os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial vinculado poderán afectar calquera clase de solo e mesmo poderán referirse a actuacións previstas no planeamento urbanístico vixente."

CSV: BOPSDEG-vlkdurtqz-0/1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 63, ao apartado Oito, de Modificación. Artigo 39

Modifícase no apartado Oito do artigo 39 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, o número 3 relacionado co artigo 96 que queda redactado como segue:

"3. As entidades locais en cuxo ámbito territorial se vaia a desenvolver o proxecto de interese autonómico para a creación de solo empresarial vinculado participarán de forma activa no proxecto. O Goberno galego aplicará medidas de cooperación ao abeiro do disposto nos artigos 193 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia."

Emenda n º 64, ao apartado Oito. 1, de Adición. Artigo 39

Engádese no apartado Oito do artigo 39 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, un parágrafo ao final do número 1 en relación ao artigo 92 que queda redactado como segue:

"Antes de proceder á declarar a prevalencia na tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos sobre as previsións do planeamento municipal, o Goberno galego aplicará medidas de cooperación e axuda, ao abeiro do disposto nos artigos 193 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, para acadar o cumprimento dos prazos na tramitación das licenzas urbanísticas dos proxectos incluídos nos anteditos plans."

Emenda n º 65, ao apartado Sete, de Supresión. Artigo 39

CSV: BOPSDEGA-PA-20241121-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Suprímese o apartado Sete do artigo 39 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, en relación ao artigo 90.

Suprimir:

"Sete. Engádese o artigo 90, coa seguinte redacción:

«Artigo 90. Proxectos cuxa autorización administrativa corresponda á Administración xeral do Estado

1. Aquelas iniciativas empresariais cuxa autorización administrativa corresponda á Administración xeral do Estado tamén poderán ser declaradas como proxectos industriais estratéxicos cando cumpran cos requisitos recollidos nos artigos 78 ou 78 bis .

2. A declaración destas iniciativas como proxectos industriais estratéxicos axustarase ao procedemento establecido neste capítulo, pero coas seguintes especialidades.

3. A declaración como proxecto industrial estratéxico producirá unicamente os efectos previstos nas letras e) e f) do artigo 79.4. A declaración tamén producirá o efecto previsto no artigo 79.4.b), pero restrinxido a aquela parte de tramitación que se efectúe no ámbito do sector público autonómico.

4. Unha vez declarada a iniciativa empresarial como proxecto industrial estratéxico, non será aplicable o procedemento de aprobación recollido no artigo 80, por ser outra a administración competente para autorizalo.»"

Emenda n º 66, de Supresión. Artigo 44

CSV: BOPSDEG-vA5LOUKtqzP0l-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Suprímese o artigo 44 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025.

Emenda n º 67, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 56

Suprímese no número 1 do artigo 56 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 o seguinte contido:

Suprimir:

"Consecuentemente, tales obras non estarán suxeitas a licenza urbanística nin a ningún dos actos de control preventivo municipal e a aprobación daqueles producirá os mesmos efectos que a obtención da licenza urbanística."

Emenda n º 68, de Supresión. Artigo 58

Suprímese o artigo 58 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025

Emenda n º 69, de Modificación. Artigo 59

Modifícase o artigo 59 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que queda redactado nos seguintes termos:

"Artigo 59. Réxime excepcional aplicable ás edificacións non acabadas

1. Para os efectos do establecido neste artigo, terán a consideración de edificacións non acabadas as situadas en solo urbano ou en solo urbanizable que reúnan os seguintes requisitos:

CSV: BOPSDEGA-PA-KDUKtqz-V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

a) Que se trate de edificacións de tipoloxía residencial de vivenda colectiva.

b) Que as edificacións estean parcialmente executadas, contando, como mínimo, coa totalidade da estrutura realizada.

c) Que dispoñan de licenza urbanística outorgada para un uso residencial, de acordo co planeamento vixente no momento do outorgamento, pero que fose declarada caducada.

d) Que as obras parcialmente executadas se axusten á licenza urbanística outorgada no seu día, ou que poidan ser adaptadas a esta.

e) Que non estean incursas no réxime de fóra de ordenación previsto no artigo 90.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

f) Que a parte executada, sen necesidade de reformas, sexa determinante para que a edificación quede incursa no réxime de fóra de ordenación previsto no artigo 90.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

g) Que o planeamento urbanístico consonte ao cal foi outorgada a licenza orixinaria non fose anulado xudicialmente.

2. As persoas promotoras das actuacións previstas neste artigo poderán solicitar unha licenza municipal para a completa terminación da edificación e para o seu destino a uso residencial, sempre que, como mínimo, o 50% das vivendas teñan a condición de vivenda protexida conforme ao previsto na Lei 8/2012, do 29 de xuño e que supoñan cando menos o 50% da superficie construída total do uso residencial.

3. A amentada licenza autorizará as obras necesarias para a total terminación da edificación e para o seu destino a uso residencial, de acordo cos parámetros urbanísticos regulados no planeamento urbanístico consonte ao cal foi outorgada a licenza orixinaria. Sen prexuízo do anterior, resultarán de obrigado cumprimento as normas técnicas vixentes sobre seguridade, habitabilidade e accesibilidade, salvo que esta adaptación resulte técnica ou economicamente inviable. A restante normativa de obrigado cumprimento será a vixente no momento

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOURtzP-0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

de outorgamento da licenza prevista neste artigo, salvo que a normativa particular estableza expresamente outras condicións de aplicación.

4. No caso de que a edificación non acabada se atope en solo urbanizable, será admisible a urbanización e a edificación simultáneas.

5. Para acollerse ao réxime excepcional previsto neste artigo, será necesario solicitar a licenza prevista neste artigo antes do 29 de decembro de 2028.

6. Poderán acollerse ao réxime excepcional previsto neste artigo para a total terminación das edificacións, as licenzas outorgadas ata o 29 de decembro de 2028."

Emenda n º 70, ao apartado Catorce, de Supresión. Artigo 61

Suprímese o apartado Catorce do artigo 61 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Emenda n º 71, ao apartado Oito, de Supresión. Artigo 63

Suprímese o apartado 8 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, relativo á modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Suprimir:

"Oito. A letra a) do número 4 do artigo 41 queda redactada como segue:

«a) Computaranse todas as superficies edificables de carácter lucrativo, calquera que sexa o uso a que se destinen, incluídas as construídas no subsolo e os aproveitamentos baixo cuberta, coa única excepción das superficies construídas no subsolo con destino a rochos de superficie inferior a 10 metros cadrados vinculados ás vivendas do edificio, a

CSV: BOPSDEGA-PA-KOUKtqZ-V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

aparcadoiros ou a instalacións de servizo como as de calefacción, electricidade, gas ou análogas.

Así mesmo, exceptúase do citado cómputo a superficie correspondente a espazos exteriores abertos, balcóns ou terrazas, vinculados ás vivendas con superficie útil de ata 5 metros cadrados no que se poida inscribir horizontalmente un círculo de 1,5 metros de diámetro. Estes espazos en ningún caso poderán pecharse nin ser incorporados ás vivendas."

Tampouco se computará o espesor dos muros de cerramento que exceda de 25 centímetros coa finalidade de aumentar o illamento térmico e acústico e a eficiencia enerxética do edificio mediante calquera tecnoloxía homologada.»

Emenda n º 72, ao apartado Quince, de Supresión. Artigo 63

Suprímese o apartado Quince no artigo 63 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, relativo á modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Suprimir:

"Quince. Engádese un número 5 á disposición transitoria primeira co seguinte contido:

«5. Excepcionalmente, para os efectos do previsto no artigo 18.1 desta lei, e sempre que se acredite a imposibilidade técnica ou económica da acometida ás redes públicas, as dotacións poderán resolverse temporalmente por medios individuais que acaden un nivel de protección medioambiental equivalente ao público, con cargo á persoa promotora e co compromiso formal de conexión ás redes públicas cando se implanten.»"

Emenda n º 73, de Modificación. Artigo 65

CSV: BOPSDEGA-PA5KOUR-tqZ-V0I-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Modíficase o artigo 65 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que quedará redactado como segue:

"Artigo 65. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

Modifícase o número 2 do artigo 115 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. A selección do persoal do Sistema público de saúde de Galicia realizarase de conformidade cos requisitos e sistemas establecidos pola normativa básica vixente e a autonómica de desenvolvemento.

Malia o anterior, en virtude da previsión contida no artigo 57.5 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas poderá eximirse do requisito da nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de licenciado sanitario e diplomado sanitario, sempre e cando dispoñan da homologación de título correspondente.»"

Emenda n º 74, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 68

Modifícase o apartado Dous do artigo 68 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia que queda redactado nos seguintes termos:

"Dous. Modifícase o número 2 do artigo 45, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Aínda que, en todo caso, deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno, non precisarán autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural as seguintes intervencións nos contornos de protección dos bens de interese cultural ou catalogados:

CSV: BOPSDEGA-PA-SLOUR-qzP0A-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

a) As reparacións de cubertas que afecten só o material de cubrición, repoñendo o mesmo tipo de material tradicional existente, e as substitucións de cubertas, incluído o recambio da estrutura de soporte, sempre que como acabado se utilice tella cerámica, curva ou plana, ou lousa nos casos onde sexa característica; e se garanta que as capas intermedias da cubrición non queden vistas en ningún punto do perímetro da cuberta e que os encontros entre vertentes nos cumios se resolvan co propio material de cubrición.

Estas intervencións non poderán incluír apertura de ocos, construción de chemineas, modificación da solución dos beirís introducindo cornixas ou voos, nin calquera outra modificación da forma do tellado, que si precisarán de autorización.

b) A pintura de fachadas e das carpintarías exteriores nunha das cores que, para a área xeográfica en que se atope o inmoble, se defina ou oriente desde a Administración autonómica tendo en conta a Guía de cor e materiais de Galicia. En caso contrario, será necesaria a autorización co obxecto de determinar a cor e acabamentos apropiados.

c) A reparación de carpintarías sempre que se manteña o material, a solución formal e construtiva e os acabamentos existentes, agás nos casos en que estea establecido por algunha condición xeral de protección do ámbito a necesaria adaptación a algún tipo orixinal característico deste.

d) A reparación de revestimentos se se mantén a solución formal e construtiva existente e as súas cores e acabamentos están definidos ou orientados desde a Administración autonómica tendo en conta a Guía de cor e materiais de Galicia para a área xeográfica en que se atope o inmoble. En caso contrario, será necesaria a autorización co obxecto de determinar a cor e acabamentos apropiados. Non se aplicará este criterio ao mantemento de materiais construtivos deseñados para empregarse revestidos cando permanezan vistos ou sen rematar como as fábricas de bloque de formigón ou ladrillo visto, ou o emprego de materias de construción en sistemas ou funcións para os cales non estean deseñados como os forros de fachadas con materiais de cobertura de cubertas, ou os peches de leiras e edificios con elementos de mobiliario ou refugallos

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOURtqzP0A-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

industriais. Admitiranse as reparacións das impermeabilizacións de medianís e fachadas secundarias con forros de placa de fibrocemento minionda sempre que como remate se pinten da mesma cor que o resto das fachadas do inmoble.

e) Os traballos de reforzo ou mellora estrutural, sempre que non produza ningún efecto visible ou aparente desde o exterior e non exista unha protección, aínda con carácter xeral, que estableza algunha determinación concreta de protección estrutural para os inmobles localizados no devandito contorno.

Cando este tipo de traballos afecten o subsolo, no caso de contornos de bens do patrimonio arqueolóxico, deberán ser sometidos a autorización.

f) As reparacións e reposicións de peches de leiras que empreguen os materiais, técnicas e solucións construtivas tradicionais orixinais dos elementos en que se intervén ou a construción de novos peches segundo os modelos que se definan pola Administración autonómica tendo en conta a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados para a área xeográfica en que se atope o inmoble, agás no caso dos contornos de protección dos bens do patrimonio arqueolóxico.

g) A reposición de tendidos de instalacións de subministración de enerxía, voz e datos, ou outros servizos públicos existentes, sempre que se realicen sen alterar a traza, posición e características ambientais dos tendidos de redes, liñas e instalacións existentes e non afecten o rexistro arqueolóxico dos bens.

Deberán someterse a autorización as actuacións deste tipo nos ámbitos en que existan determinacións concretas sobre as características dos tendidos ou cando fosen identificadas como un elemento deturpador dos valores culturais dos bens ou do seu contorno.

h) A reparación de materiais de pavimentación de vías ou espazos públicos mantendo os existentes, sen alterar a sección do viario nin os peches que o delimitan.

CSV: BOPSDEGA-PA-SKOURtqZ-V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

i) A mellora do trazado actual de redes de instalacións soterradas, sempre e cando aquel non se manifeste ao exterior e na pavimentación se empregue o mesmo material que o existente, agás no caso dos contornos de protección dos bens do patrimonio arqueolóxico, e sen prexuízo do indicado nos artigos 99.2 e 100.1.

j) A reparación do mobiliario urbano mantendo o material, a solución formal e construtiva e os acabamentos existentes.

k) Os traballos de limpeza de bens inmobles, espazos libres, vías públicas ou bens artísticos localizados neles que non conten cunha protección cultural individualizada.

l) Os traballos de poda e tratamento de silvicultura sobre árbores e arbustos de relevancia ambiental, sempre que non se altere o seu carácter en relación coa escena urbana e a paisaxe natural en que se encadran.

m) Os cambios de actividade sen reforma dos locais ou cando a reforma non afecte o aspecto exterior. Os rótulos e a sinalización si deberán someterse á autorización, agás nos casos en que se empreguen os mesmos soportes e dimensións que os existentes e xa fosen autorizados previamente.

n) As obras de reforma ou rehabilitación que só afecten o interior das edificacións existentes nos casos en que se sigan os criterios recollidos nos apartados anteriores.

ñ) A realización de actividades e eventos efémeros, sempre que se produzan de forma illada e sen instalacións de carácter permanente, ligadas a actividades públicas periódicas como festas, actividades lúdicas, culturais, romarías, encontros ou concertos e se dispoña dos medios para a normal vixilancia e cautela dos bens que poidan verse afectados e que, con carácter xeral, non permanezan montadas un prazo maior de 72 horas, sempre que non se afecten materialmente os bens protexidos, en especial coas ancoraxes, instalacións, medios auxiliares ou apoios en inmobles protexidos.

CSV: BOPSDEGA-PA-20241121-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o) As probas deportivas atléticas, non consistentes en actividades de lanzamento, e as probas ciclistas ou en vehículos motorizados que transcorran por vías públicas calquera que sexa a titularidade destas, coas reservas establecidas na letra anterior.

p) As actuacións de investigación e mantemento que, realizadas sobre os inmobles localizados no contorno, non afecten os propios bens protexidos. Estas intervencións deben interpretarse de xeito estrito segundo a definición do artigo 40.a) e c) e non implicarán efectos sobre a conservación dos materiais tradicionais, a integración volumétrica e os aspectos cromáticos do conxunto, aplicando os criterios definidos no artigo 46.»"

Emenda n º 75, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 69

Modifícase o apartado Catro do artigo 69 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en relación ao artigo 91 que queda redactado como segue:

"«Artigo 91. Destino dos rendementos dos alleamentos de madeira en corta final

Nos montes a que se refire esta sección, os alleamentos de madeira en cortas de rexeneración deberán financiar a reforestación da superficie de corta nun prazo máximo dedous anos, agás que motivos técnicos, como a rexeneración natural, non o fagan aconsellable ou non estea prevista a devandita reforestación no instrumento de ordenación ou xestión forestal. Para este fin, poderanse realizar dentro do mesmo procedemento administrativo de contratación pública o alleamento da madeira e os traballos de reforestación.»

Emenda n º 76, ao apartado Doce, de Supresión. Artigo 69

CSV: BOPSDEGA-A-XK0UKtqZ-V4-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Suprímese o apartado Doce do artigo 69 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, sobre a modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Suprimir:

"Doce. Modifícase o número 2 do artigo 122 sexies , que queda redactado como segue:

«2. No caso de que, tras a declaración de abandono ou infrautilización, as persoas titulares das parcelas opten por incorporalas ao Banco de Terras, esta incorporación deberá efectuarse a través dun arrendamento pactado a favor da agrupación de xestión conxunta con base territorial, segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación da terra agraria.»"

Emenda n º 77, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 79

Modifícase o apartado Catro do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Catro. Modifícase o cadro do número 2 da disposición adicional novena, respecto ás titulacións exixidas na especialidade de educador/a social da escala de técnicos facultativos no corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2), que queda redactado como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de técnicos facultativos	Educador social	A2	–Participación no seguimento e na avaliación do proceso recuperador ou asistencial das	–Diplomado ou Graduado en Educación Social. Transitoriamente, o persoal que con carácter

CSV: BOPSDEGA-VASLOUR-qz-V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

			persoas usuarias. –Relación cos familiares das persoas usuarias, proporcionándolles orientación e apoio –Coordinación das actividades da vida diaria das persoas usuarias. –Programación e participación nas áreas de ocio e tempo libre. –Programación e execución das actividades formativas das persoas usuarias que o requiran en centros ocupacionais e CAPD. –Participación, cando foren requiridos, no equipo mulidisciplinar para a realización de probas ou valoracións relacionadas coas	previo a esta modificación, desempeñara as súas funcións nesta escala, con outra titulación de acceso, continúe prestando servizo ata a súa baixa no polas circunstancias previstas na normativa de persoal.

CSV: BOPSDEGA-PA-KDURtqF-0V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

			súas funcións. –Participación nas xuntas e sesións de traballo no centro. –En xeral, todas aquelas actividades non especificadas anteriormente. incluídas dentro da súa profesión ou preparación técnica.	

"

Emenda n º 78, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 79

Modifícase o apartado Cinco do artigo 79 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

Cinco. Engádese o número 3 na disposición adicional décimo sétima, coa seguinte redacción:

«3. Ao persoal que mude o seu vínculo xurídico coa Administración de conformidade con esta diposición seralles de aplicación o preceptuado no Decreto 165/2019, do 26 de decembro.»"

Emenda n º 79, ao apartado Seis bis), de Adición. Artigo 79

CSV: BOPSDEGA-PA-KLOURtq-2V0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Engádese un novo apartado Seis *bis* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *bis*. Modifícase a letra c do artigo 75, que pasa a ter a seguinte redacción:

«c)Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, sen que necesariamente sexa do grupo ou subgrupo inmediatamente inferior, a outro superior, consonte o establecido nesta sección."

Emenda n º 80, ao apartado Seis ter), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis *ter* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *ter*. Modifícase o artigo 76, que pasa a ter a seguinte redacción:

Para os efectos desta lei, considérase itinerario profesional o conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns e que habilitan para o exercicio dunha profesión no ámbito da Administración especial ou dun conxunto de actividades administrativas no ámbito da Administración xeral.

Os itinerarios profesionais poderán ser tidos en conta para a estruturación da promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira nos termos que regulamentariamente se determinen, procedendo ao seu desenvolvemento regulamentario nas bases das convocatorias. Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas

CSV: BOPSDEGA-A5KOURtqP0A-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

entidades públicas instrumentais do sector público autonómico garantirase, en todo caso, a mobilidade plena do persoal funcionario dos corpos da Administración xeral no ámbito das consellarías e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico."

Emenda n º 81, ao apartado Seis quater), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis *quater* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *quater*. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 76, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización e a consolidación do emprego temporal, un mínimo dun cincuenta por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a outros corpos ou escalas que reúna os seguintes requisitos:

b) Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos e escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 poderán participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos e escalas do grupo A sen necesidade de pasar polo subgrupo A2 de acordo coa regulación establecida no artigo 18 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, en relación coa promoción interna."

Emenda n º 82, ao apartado Seis quinquies), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis *quinquies*no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei

CSV: BOPSDEGA4ABLOUKtqZ0A1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *quinquies*. Engádese un novo artigo 80 bis, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 80 *bis*.Nomeamento provisional por mellora de emprego:

1. Por necesidades do servicio e nos supostos e baixo os requisitos que aos efectos se establezan, poderase ofrecer ao persoal funcionario de carreira ou temporal, e con carácter voluntario, de funcións correspondentes a nomeamentos dunha categoría do mesmo nivel de titulación ou de nivel superior, sempre que ostente a titulación correspondente. Estes procedementos serán obxecto de negociación nas mesas correspondentes.

2. Durante o tempo en que realice funcións en promoción interna temporal, o funcionario pasará á situación de servizo activo na escala ou clase de especialidade á que promocionase temporalmente e permanecerá en excedencia voluntaria por incompatibilidade na escala ou clase de especialidade de orixe, quedando reservado o posto de traballo do que era titular. Os trienios se devengarán, durante o período no que promocionase, nas contías correspondentes ao Grupo ou Subgrupo de destino.

3. O exercicio de funcións en promoción interna temporal no supoñerá a consolidación de ningún dereito de carácter retributivo ou en relación coa obtención de novo nomeamento e terá o mesmo límite temporal de duración que os nomeamentos de persoal funcionario interino de acceso libre e coa mesma obriga de inclusión de ditas prazas na oferta pública de emprego na quenda de promoción interna separada.»"

Emenda n º 83, ao apartado Seis sexies), de Adición. Artigo 79

CSV: BOPSDEG-v9a0ukr-pv0l-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Engádese un novo apartado Seis *sexies* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *sexies*. Modifícase o número 2 do artigo 100, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O traslado regulado neste artigo, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración dun ano, prorrogable excepcionalmente por outro no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais, e sempre baixo os principios de mérito, capacidade e transparencia na súa concesión.»"

Emenda n º 84, ao apartado Seis septies), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis *septies*no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *septies*. Modifícase o artigo 111, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 111. Permiso para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público.

O persoal funcionario ten dereito ao un permiso para concorrer a exames finais e outras probas definitivas de actitude, así como para concorrer a probas selectivas no ámbito do emprego público, abarcando a duración deste permiso os días da súa celebración.

O termo exames finais está incluídos tamén os parciais que sexan liberatorios de unha parte do programa ou materia cursada.

Os exames finais ou probas de aptitude deberán estar convocados por centros e/ou institucións oficiais.

CSV: BOPSDEGA-A5KOURtzP0A-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

O permiso abarcará todo o día no que se realicen as probas e cando a persoa interesada tivera que realizar desprazamento dende a localidade da súa residencia habitual ata a da realización da proba para concorrer ás mesmas, o permiso ampliarase, si é necesario, no tempo necesario para as viaxes de ida e volta.

O que se engade é exactamente o disposto no artigo 6 da Orde de 29 de xaneiro de 2016, pola que se regula o réxime de permisos, licencias e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG número 30, do 15 de febreiro de 2016).»"

Emenda n º 85, ao apartado Seis octies), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis *octies*no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *octies*. Modifícase o artigo 113, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 113.Permiso parental e Permiso por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto.

1. Permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido por tempo superior a un ano, ata o momento en que o menor cumpra oito anos, que terá unha duración non superior a oito semanas, continuas ou descontinuas, poderá desfrutarse a tempo completo, ou en réxime de xornada a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e conforme aos termos que regulamentariamente se establezan.

CSV: BOPSDEGA-PA-XOUKtqF-0V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Este permiso, constitúe un dereito individual das persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio.

Cando as necesidades do servizo permítano, corresponderá á persoa proxenitora, adoptante ou acolledora especificar a data de inicio e fin do gozar ou, no seu caso, dos períodos de desfrute, debendo comunicalo á Administración cunha antelación de quince días e realizándose por semanas completas.

Cando concorran en ambas as persoas proxenitoras, adoptantes, ou acolledoras, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito a este permiso nos que o desfrute do permiso parental no período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da unidade da administración na que ambas presten servizos, esta poderá aprazar a concesión do permiso por un período razoable, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de goce máis flexible.

A efectos do disposto neste apartado, o termo de nai biolóxica inclúe tamén ás persoas trans xestantes.

2. Nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.

3. Así mesmo, nestes mesmos casos o persoal funcionario ten dereito a unha redución por horas completas da súa xornada de traballo diaria de ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.»"

Emenda n º 86, ao apartado Seis nonies), de Adición. Artigo 79

CSV: BOPSDEG-v9i0-241108-DUKtqZV0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Engádese un novo apartado Seis *noniesno* Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *nonies*. Modifícase o número 1 do artigo 124, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento, garda ou adopción dun fillo.

Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de dezaseis semanas vinte dúas semanas das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio.»"

Emenda n º 87, ao apartado Seis decies), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis *decies* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis *decies*. Engádese un novo artigo 173 bis, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 173.bis. Excedencia voluntaria por nomeamento provisional.

Será declarado na situación de excedencia voluntaria por nomeamento provisional o persoal funcionario de carreira cando acceda como persoal funcionario interino ou como contratado laboral temporal, a un posto de traballo de persoal funcionario ou laboral de calquera Administración Pública, adscrito a un corpo ou escala dalgún dos subgrupos ou grupos que sexa superior ao de pertenza.

CSV: BOPSDEGA-PA-XUNTA-DUKtqzP0-1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

O período nesta situación unicamente dará dereito á reserva do posto de traballo de orixe do que sexa titular.»"

Emenda n º 88, ao apartado Seis undecies), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis undecies no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis undecies. Débese modificar a Disposición adicional décima, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición adicional décima.Adscrición a ramas de coñecemento das titulacións a que se refire a disposición adicional quinta para efectos do previsto nas alíneas primeira e segunda das disposicións adicionais oitava e novena.

Modificar as ramas de coñecemento, aplicando linguaxe non sexista, cambiando os termos licenciado, diplomado, enxeñeiro, por termos inclusivos.»"

Emenda n º 89, ao apartado Seis duodecies), de Adición. Artigo 79

Engádese un novo apartado Seis *duodecies* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Seis duodecies. Suprímese o numero 5 e 6 da Disposición derradeira quinta.»"

Emenda n º 90, ao apartado Seis terdecies), de Adición. Artigo 79

CSV: BOPSDEGA-PA5KOUR-tqZ-V0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

Engádese un novo apartado Seis *terdecies*no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

«Seis *terdecies*. Engádese unha nova disposición derradeira quinta *bis*, que queda redactado como segue:

O persoal que tendo accedido no seu día ao grupo C lle fora requirido para o acceso unha titulación de técnico superior ou equivalente ou dito requisito fose establecido con posterioridade integrarase no grupo B do persoal funcionario.»"

Emenda n º 91, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 79

Suprímse o apartado Un do artigo 79 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, en relación á modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Suprimir:

"Un. Modifícase o número 2 do artigo 24, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O primeiro nomeamento como persoal funcionario interino nun determinado corpo, escala ou especialidade estará suxeito a un período de proba. Este período terá unha duración de tres meses para os corpos, escalas ou especialidades do grupo A; dous meses para o grupo B; e un mes para os corpos, escalas ou especialidades do grupo C e da agrupación profesional de persoal funcionario. A non superación do período de proba implicará o cesamento da persoa nomeada como persoal funcionario interino e a baixa na lista correspondente ao grupo, corpo e/ou escala ou especialidade en que se realizou o chamamento durante un período de seis meses. O regulado neste artigo con respecto ao período de proba non será aplicable para as persoas nomeadas funcionarias interinas que acrediten discapacidade intelectual.»"

CSV: BOPSDEGA-PA-KOURtqz-V1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 92, de Adición. Artigo 79 bis

Engádese un novo artigo 79 *bis*no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que queda redactado nos seguintes termos:

"Artigo 79 bis. Modificación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade de Galicia

Modifícase a Lei 1/2019, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade de Galicia, que queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 5, que queda redactado como segue:

"«Artigo 5. Xornada laboral

1. A partir da entrada en vigor da presente lei, e para o conxunto de todo o persoal comprendido no seu artigo 1, a xornada ordinaria de traballo terá un promedio semanal non inferior a trinta e cinco horas.»"

Emenda n º 93, de Adición. Artigo 79 ter

Engádese un novo artigo 79 *ter*no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que queda redactado nos seguintes termos:

Modifícase a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda modificada como segue:

CSV: BOPARLDOCGA4ABLOUKtqZ0A1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

«Un. Suprímese o artigo 3 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dous. Suprímese o artigo 6 da Lei1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.»"

Emenda n º 94, de Supresión. Artigo 82

Suprímese todo o artigo 82 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025.

Emenda n º 95, de Adición. Artigo 83 bis

Engádese un novo artigo 83 *bis*que quedará redactado nos seguintes termos:

"Artigo 83 *bis*. Modificación da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia

Modifícase a Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, que queda modificada como segue:

Un. Engádese o artigo 191 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 191 *bis*. Reforzo da participación das entidades locais

1. A Comisión Galega de Cooperación Local convocarase de maneira periódica eregular e, en todo caso, antes da aprobación dos proxectos de orzamentos da Comunidade autónoma ou de normas reguladoras do réxime local.

CSV: BOPSDEGA-PA-KOUKtsP-0V1-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

2. AComunidade Autónoma Galega comprométese a constituir un organismo permanente de carácter paritario que teña como finalidade garantir o respecto a autonomía e competencias locais, tanto nos procesos de elaboración normativa, como na xestión e planificación das políticas públicas, canalizando a colaboración e cooperación interinstitucional entre a Xunta e os concellos nas áreas máis sensibles de competencia compartida como servizos sociais, augas, portos, tratamento de residuos, policías locais.
3. O trámite de audiencia das asociacións de municipios e provincias sobre as disposicións de carácter xeral e anteproxectos de leiterá carácter preceptivo. O prazo mínimo para emisión dosinformes locais seráde quince días.»"

Emenda n º 96, de Modificación. Disposición adicional cuarta

Modifícase a Disposición adicional cuarta do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025 que queda redactada como segue:

"Disposición adicional cuarta. *Adaptación da normativa reguladora do canon eólico*

O Consello da Xunta de Galicia presentará nun prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei un proxecto de lei ao Parlamento de Galicia de modificación da normativa reguladora do canon eólico, no cal se teñan en conta as consecuencias das actuacións de repotenciación previstas nesta lei, atendendo á redución do número de aeroxeradores e, en especial, ás afeccións visuais derivadas da súa altura, todo isto co obxectivo de contribuír a preservar o medio ambiente e de velar polo mantemento das necesarias actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial a que están afectos os ingresos xerados polo canon.

CSV: BOPSDEGA-PA5KOUKtqzP0A-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2024 11:33:41
Nº Rexistro: 14594
Data envio: 16/11/2024 11:33:41.756

PARLAMENTO DE GALICIA

Tendo en conta que o canon eólico é un ingreso compensatorio de natureza extrafiscal, o cento por cento do recadado no Fondo de Compensación Ambiental, debe destinarse á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como ás actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola instalación dos parques eólicos."

Emenda n º 97, ao apartado 5 bis), de Adición. Disposición adicional novena

Engádese un número novo cinco *bis*na disposición adicional novena do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, que queda redactado como segue:

"5 *bis*. Redacción dun novo decreto de listas de contratación temporal que, entre outras cuestións debe atender á modificación da delimitación actual de carácter provincial en categorías de difícil cobertura."

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/11/2024 11:33:15

CSV: BOPSDEG-v4ALOURtqP0A1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-BSkQKqzPW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/